



Concello de Vigo

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 14 de outubro de 2022 (1202/1102)**

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
D. Carlos López Font
D. Jaime Aneiros Pereira
D. Abel Losada Álvarez
D^a Yolanda Aguiar Castro
D^a Patricia Rodríguez Calviño

NON ASISTEN:

D^a M^a Carmen Silva Rego
D^a Elena Espinosa Mangana
D^a M^a José Caride Estévez

Na Casa do Concello de Vigo, ás horas do día de dous mil vinte e dous e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Aguiar Castro, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

O concelleiro Sr. Aneiros Pereira únese á sesión en modo online ó atoparse en situación de permiso por paternidad.

Están tamén presentes por invitación, a secretaria de Admón. Municipal, Sra. Gallardo Fariña, e o interventor xeral, Sr. Escariz Couso.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(851).- APROBACIÓN ACTAS. Apróbase a acta da sesión ordinaria do 29 de setembro e extraordinaria e urxente do 3 de outubro de 2022. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr. Alcalde-presidente.

2(852).- RELACIÓN DE SENTENZAS E OUTRAS RESOLUCIÓNS XUDICIAIS QUE RESOLVEN PROCEDIMENTOS. EXPTE. 15020/111.

Dáse conta do informe-proposta de data 04/10/2022, asinado polo xefe de Área Xudicial e pola concelleira-delegada de Área, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

Tiveron entrada na Asesoría xurídica as seguintes resolucións xudiciais:

A/ RESOLUCIÓNS DITADAS NA ORDE XURISDICCIONAL CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVA

1.- Contencioso. Expediente nº 14347/111
Sentenza nº 200, do 13 de setembro de 2022
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo
Abreviado: 395/2021
Demandante/Recorrente: Empresa
Obxecto: Resolución do 13-10-2021. RPA (con imputación á contratista-aparcadoiro subterráneo)
Expte(s): 5807/243
Contía: 15.636,49 €

Esta sentenza, firme, desestima o recurso, confirmando a imputación resolta no acto do 13-10-2021.
Os departamentos de Patrimonio-RPA, Augas e Fomento deben coñecer o resolto.

2.- Contencioso. Expediente nº 14843/111
Auto nº 60, do 14 de setembro de 2022
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo
Ordinario: 166/2022
Demandante/Recorrente: Particular
Obxecto: Inexecución de resolución do 15-2-2021. RPA, accidente no Parque de Castrelos o 24-1-2018 (registro sen tapa)
Expte(s): 6036/243
Contía: 32.651,22 €

Declara rematado o procedemento (por satisfacción extraprocesual).
O departamento de Patrimonio-RPA e o de Parques e Xardíns deben coñecer o resolto.

3.- Contencioso. Expediente nº 13436/111
Sentenza nº 201, do 1 de setembro de 2022
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo
Ordinario: 56/2021
Demandante/Recorrente: Empresa
Obxecto: Desestimación presunta da solicitude do 28-7-2020 e acordos da XGL do 19-2-2021 e 18-5-2021.
Expte(s): 615/441
Contía: Indeterminada

Esta sentenza, que non é firme, estima parcialmente o recurso:

- Anula o resolto na XGL do 19-2-2021, con retroacción das actuacións, tramitación e resolución da solicitude conforme a dereito.
 - Anula o resolto na XGL do 18-5-2021 (por incompatibilidade coa anulación anteriormente resolta).
- E desestima as restantes pretensións (declaración de nulidade do Convenio do 28-1-2015, resolución anticipada do Convenio, indemnizatorias).
- O departamento de Fomento, e o de Deportes, deben coñecer o resolto, e informar con urxencia en relación coa eventual apelación.



Concello de Vigo

4.- Contencioso. Expediente nº 14797/111
Sentenza nº 192, do 1 de setembro de 2022
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo
Abreviado: 98/2022
Demandante/Recorrente: Empregado/a municipal
Obxecto: Inactividade e alternativamente resolución do 17-1-2022. Incentivos de xubilación anticipada
Expte(s): 37497/220
Contía: 9.015,18 €

Esta sentenza, firme, desestima o recurso, con custas taxadas de oficio.

5.- Contencioso. Expediente nº 13912/111
Sentenza nº 203, do 1 de setembro de 2022
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo
Ordinario: 288/2021
Demandante/Recorrente: Particular
Obxecto: Desestimación presunta (e expresa do 15-10-2021) de reposición (contra acto do 18-5-2021). RPA
Expte(s): 6057/243
Contía: 36.835,20 €

Esta sentenza, que non é firme, estima parcialmente o recurso, anula o acto e condena ao Concello ao pagamento de 22.200 euros.

Advertimos que aínda que na sentenza se diga que (pola "contía" do recurso) non é firme, o TSXG inadmitiría a apelación ao mudar o criterio polo da contía da indemnización fixada (inferior a 30.000 euros, art. 81.1.a LXC-A).

O departamento de Patrimonio-RPA e a Intervención Municipal deben executar o resolto en canto se declare a súa firmeza.

6.- Contencioso. Expediente nº 14605/111
Sentenza nº 188, do 1 de setembro de 2022
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo
Abreviado: 99/2022
Demandante/Recorrente: Particular
Obxecto: Resolución do 28-1-2022 (E.P.). RPA, danos nun peche por árbore na beirarrúa
Expte(s): 6343/243
Contía: 1.855,48 €

Esta sentenza, firme, estima o recurso, anula o acto impugnado e condena ao Concello a:

- Ao pagamento de 3.978,48 euros máis xuros legais dende a data da reclamación (28-9-2020) en substitución do resolto en vía administrativa.

- Á retirada das raíces que causan os danos.

Con custas taxadas de oficio.

O departamento de Patrimonio-RPA, en relación coa condena indemnizatoria, e o de Parques e Xardíns no tocante ás raíces da árbore, deben executar o resolto en tempo e forma (2 meses).

7.- Contencioso. Expediente nº 14910/111
Auto nº 59, do 14 de setembro de 2022

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo

Abreviado: 207/2022

Demandante/Recorrente: Empresa

Obxecto: Resolución do TE-A do Concello de Vigo. Dilixencia de embargo en recadación executiva IBI (e derivación tributaria).

Expte(s): 5327/550 e 165630/700

Contía: 10.541,13 €

Declara rematado o procedemento por satisfacción extraprocésual.

O Tribunal Económico-Administrativo, a Tesourería-Recadación municipal e a Dirección de Ingresos (IBI) deben coñecer o resolto.

8.- Contencioso. Expediente nº 14786/111

Sentenza nº 232, do 21 de setembro de 2022

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo

Abreviado: 157/2022

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Desestimación presunta (e expresa do 22-8-2022). Danos no vehículo o 5-7-2021 por colector de RSU.

Expte(s): 6577/243

Contía: 879,63 €

Esta sentenza, firme, desestima o recurso.

O departamento de Patrimonio-RPA e o de Limpeza deben coñecer o resolto.

9.- Contencioso. Expediente nº 14808/111

Sentenza nº 224, do 21 de setembro de 2022

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo

Abreviado: 152/2022

Demandante/Recorrente: Empresa

Obxecto: Resolución do 4-3-2022. Sanción tráfico, estacionamento en carga e descarga.

Expte(s): 289995/280

Contía: 200,00 €

Esta sentenza, firme, desestima o recurso, con custas taxadas de oficio.

O departamento de Seguridade e a Tesourería-Recadación municipal deben coñecer o resolto.

10.- Contencioso. Expediente nº 14485/111

Sentenza nº 187, do 1 de setembro de 2022

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

Abreviado: 45/2022

Demandante/Recorrente: Empresa

Obxecto: Desestimación presunta (e expresa do 24-3-2022). RPA, asolagamento do local.

Expte(s): 6392/243

Contía: 890,32 €

Esta sentenza, firme, estima o recurso, anula o acto administrativo impugnado e condena á contratista (do servizo de zonas verdes) ALTHENIA S.L. a aboarlle á actora a cantidade de 890,32 € máis xuros legais dende a data da reclamación administrativa (21-10-2021).



Concello de Vigo

O departamento de Patrimonio-RPA debe coñecer o resolto, así como o de Parques e Xardíns, que debe verificar que a contratista execute o xudicialmente resolvo.

11.- Contencioso. Expediente nº 13400/111
Sentenza nº 205, do 1 de setembro de 2022
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo
Ordinario: 41/2021
Demandante/Recorrente: Empresa
Obxecto: XGL 27-1-2021. Prórroga do contrato de "xestión integral" do servizo de augas
Expte(s): 742/441
Contía: Indeterminada

Esta sentenza, que non é firme, inadmite o recurso por falta de lexitimación activa da demandante (F.D. Sétimo), con custas taxadas de oficio.
Non obstante a inadmisión, a maior parte da sentenza (FF.DD. 1º a 6º) entra na motivación do acto impugnado e no fondo da controversia concluíndo o que no pár. final dos FF.DD. 1º ou 5º se expresa.
Os departamentos de Augas-Fomento e Contratación deben coñecer o resolto.

12.- Contencioso. Expediente nº 14775/111
Sentenza nº 176, do 28 de xullo de 2022
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo
Abreviado: 152/2022
Demandante/Recorrente: Empregado/a municipal
Obxecto: Resolución do 8-4-2022 (XGL). Solicitud de reintegro por gastos de representación e defensa.
Expte(s): 37876/220
Contía: 3.697,52 €

Esta sentenza, firme, desestima o recurso.
O departamento de Persoal debe coñecer o resolto.

13.- Contencioso. Expediente nº 14681/111
Auto nº 58, do 7 de setembro de 2022
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo
Extensión de Efectos: 119/2022
Demandante/Recorrente: Empregado/a municipal
Obxecto: Retribucións, Bombeiros, substitución de categorías superiores, complemento de produtividade
Expte(s): 38238/220 e 38675/220
Contía: Indeterminada

Este Auto, firme, estima a petición do actor de extensión de efectos da Sentenza nº 232 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo do 1-12-2021 (P.A. 272/2021), declarando que ten dereito ao pagamento de "complemento de produtividade pola actividade extraordinaria desenvolvida nos anos 2018 a 2021, con xuros dende o 7-4-2022" conforme ao informe do Xefe do Servizo do 23-3-2022, con custas taxadas de oficio.

Ao se tratar de resolución xudicial firme de condena ao pagamento de cantidade, o departamento de Persoal debe executala en tempo e forma.

Procedemento de orixe da “extensión de efectos”:

Procedemento Abreviado nº 272/2021, Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo, Sentenza nº 232 do 1-12-2021, comunicada na sesión da Xunta de Goberno Local do 3-2-2022.

B/ RESOLUCIÓNS DITADAS NA ORDE XURISDICIONAL SOCIAL

1.- Social. Expediente nº 14852/111

Sentenza nº 388, do 12 de setembro de 2022

Xulgado do Social nº 2 de Vigo

Ordinario: 361/2022

Demandante/Recorrente: Empregado/a municipal

Obxecto: Reclamación de “plus de nouturnos e festivos” en ILT. Retribucións (persoal laboral, Deportes, Axudante de Mantemento)

Contía: 463,94 €

Esta sentenza, firme, estima a demanda e condena ao Concello ao pagamento de 436,94 €.

O departamento de Persoal debe executar o resolto en tempo e forma (art. 287 LRX Social).

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

I. Considerando a obriga xeral de cumprir as sentencias e demais resolucións firmes dos xuíces e tribunais, así como de prestar a colaboración requirida por estes no curso do proceso e na execución do resolto segundo o art. 118 da Constitución así como o principio constitucional do pleno sometemento á lei e ao dereito da Administración Pública no desenvolvemento da súa actividade do art. 103 do texto constitucional.

II. Considerando o establecido no artigo 18.2 da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial, en canto á obriga de executar as sentenzas en tempo e forma.

III. Considerando que o artigo 17.2 da Lei Orgánica do Poder Xudicial establece que as Administracións Públicas, as autoridades e funcionarios, e todas as Entidades públicas e privadas deben respectar, e, de ser o caso, cumprir as sentenzas e demais resolucións xudiciais que fosen firmes ou executables de conformidade coas leis.

IV. Considerando o disposto na Sección 8ª e 9ª do capítulo I do título IV; e, no capítulo IV do título IV, da Lei 29/1998, do 13 de xullo, para o caso das máis comúns no tocante á administración municipal, ditadas pola Xurisdición contencioso-administrativa; e, nos demais casos, atendendo ás normas reguladoras da xurisdición na que foron ditadas as resolucións xudiciais das que se dá conta; Lei 36/2011, do 10 de outubro, reguladora da xurisdición social, en especial capítulo IV do título I do Libro IV ou á Lei 1/2000, de 7 xaneiro, de axuízamento civil, en especial libro III.



Concello de Vigo

V. E atendendo á distribución de competencias na materia que recolle a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, para os diferentes órganos: art. 127.1.j), Xunta do Goberno local; art. 124.4.l) Alcaldía e art. 123.1.m) Pleno en relación co disposto nos Estatutos da Xerencia Municipal de Urbanismo, comunicamos as resolucións xudiciais relacionadas nos Antecedentes.

PROPOSTA DE ACORDO

Único.- Tómase coñecemento formal das resolucións xudiciais recollidas nos Antecedentes da parte expositiva do presente acordo.

Segundo.- Remítase aos servizos responsables da tramitación administrativa en cada caso, con expresa indicación para que procedan á execución das resolucións xudiciais nos seus propios termos, en tempo e forma.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(853).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE CATERING PARA RECEPCIÓNS E EVENTOS INSTITUCIONAIS DO CONCELLO DE VIGO: LOTES 1, 2, 5 e 6. EXPTE. 19157/101.

Visto o informe de fiscalización do 06/10/2022, dáse conta da proposta da Mesa de Contratación realizada o 05/10/2022, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

c) Procedemento aberto para a contratación do servizo de catering para recepcións e eventos institucionais do Concello de Vigo (19.157-101) (lotes 1, 2, 5 e 6)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do servizo de catering para recepcións e eventos institucionais do Concello de Vigo (19.157-101) (lotes 1, 2, 5 e 6)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 18 de agostos de 2022 a Xunta de Goberno local, acordou:

“Primeiro.- Declarar a urxencia da tramitación do procedemento aberto do servizo de catering para recepcións e eventos institucionais do Concello de Vigo. Expediente 19157-101.

Segundo.- Aprobar o expediente de contratación por procedemento aberto do servizo de catering para recepcións e eventos institucionais do Concello de Vigo que contén o prego de prescricións técnicas particulares de data 11 de agosto de 2022 asinado pola Xefa da Unidade Administrativa de Alcaldía, e o prego de prescricións administrativas particulares de data 17 de agosto de 2122, asinado pola Xefa do Servizo de Contratación.

*Terceiro .- Autorizar un gasto polo importe da licitación 110.149,68 € (co iva incluído) sendo o importe do 10% de iva 10.013,61 €. Sendo a única anualidade do 1 de outubro de 2022 ao 30 de setembro de 2023. Sendo a única anualidade para cada lote a seguinte: LOTE 1 Ano 2022: 2.635,14 € / Ano 2023: 7.905,50 €; LOTE 2 Ano 2022: 3.293,94 € / Ano 2023: 9.881,86 €; LOTE 3 Ano 2022: 3.293,94 € / Ano 2023: 9.881,86 € LOTE 4 Ano 2022: 4.611,51 € / Ano 2023: 13.834,61 €; LOTE 5 ano 2022: 9.881,85 € / Ano 2023: 29.645,55 €; LOTE 6 Ano 2022: 3.162,18 € / Ano 2023: 9.486,58 €; LOTE 7 Ano 2022: 658,77 € / Ano 2023: 1.976,39 €
Este gasto podería tramitarse con cargo á aplicación orzamentaria 912.0.226.01.00 (Gastos Órganos de Goberno) dos orzamentos de Alcaldía ou a súa bolsa de vinculación.*

Cuarto.- Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista”.

Segundo.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 16 de setembro de 2022 adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de catering para recepcións e eventos institucionais do Concello de Vigo (19.157-101) na seguinte orde descendente:

➤ **LOTE 1: (almorzo ou coffe break)**

Empresas licitadoras	Total puntos
GRUPO ZAKA RESTAURACIÓN	100,00
LUCIMARCA, S.L	36,80
EL TRIGAL CELTA, S.L.	00,00



Concello de Vigo

➤ **LOTE 2: (cafes e infusións para roldas de prensa)**

Empresas licitadoras	Total puntos
GRUPO ZAKA RESTAURACIÓN	100,00
LUCIMARCA, S.L	00,00

➤ **LOTE 5: (servizo de catering xantar ou cea)**

Empresas licitadoras	Total puntos
GRUPO ZAKA RESTAURACIÓN	80,00
LUCIMARCA, S.L	12,80

➤ **LOTE 6: (Bolsa brunch ou almozos empacotados)**

Empresas licitadoras	Total puntos
GRUPO ZAKA RESTAURACIÓN	98,40
LUCIMARCA, S.L	49,00
PANADERIA EL TRIGAL CELTA	0,00

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, GRUPO ZAKA RESTAURACIÓN (B-27847508) nos lotes 1, 2, 5 e 6 para que presente, no prazo de cinco días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares."*

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, GRUPO ZAKA RESTAURACIÓN, S.L., o día 16 de setembro de 2022, que presenta a documentación requirida o 21 e 22 de setembro de 2022, dentro do prazo concedido. Rematado o prazo, o licitador achega nova documentación os días 4 e 5 de outubro.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 5 de outubro de 2022 admitiu a documentación presentada en base ao criterio sostido polos tribunais de recursos contractuais que defende a posibilidade de emenda desta documentación (entre outras, Resolución nº 806/2019, do 11 de xullo, do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuales) e considerouna correcta, polo que acordou, por unanimidade dos

membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar GRUPO ZAKA RESTAURACIÓN, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por GRUPO ZAKA RESTAURACIÓN, S.L., de acordo co informe de valoración das proposicións avaliadas mediante fórmula de data 13 de setembro de 2022.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a GRUPO ZAKA RESTAURACIÓN, S.L. (B-27.847.508) os lotes 1, 2, 5 e 6 do procedemento aberto para a contratación do servizo de catering para recepcións e eventos institucionais do Concello de Vigo (19.157-101) (lotes 1, 2, 5 e 6) coas seguintes condicións:

- LOTE 1: Servizo de catering para almorzo ou “coffe break” (recesos de charlas, reunións de traballo, plenos, cursos ou calquera evento)

- a) O prezo máximo do lote é de 10.540,64 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 958,24 euros, cun prezo unitario de 4,91 euros.*
- b) Incrementa o número mínimo de variedades de produtos (4 variedades segundo a cláusula 8. B. lote 1 do PPTP) en 4 unidades.*
- c) Incrementa o número de unidades de cada produto por persoa en 2 unidades.*

- LOTE 2: Servizo de catering para cafés e infusións para roldas de prensa



Concello de Vigo

- a) *O prezo máximo do lote é de 13.175,80 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 1.197,80 euros, cun prezo unitario de 2,36 euros.*
- b) *Incrementa o número mínimo de variedades de produtos (1 produto segundo a cláusula 8. B. lote 2 do PPTP) en 3 unidades.*
- c) *Incrementa o número de unidades de cada produto por persoa en 1 unidade.*

- LOTE 5: Servizo de catering para xantar ou cea

- a) *O prezo máximo do lote é de 39.527,40 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 3.593,40 euros, cun prezo unitario de 35,34 euros.*
- b) *Incrementa o nº de unidades de entremeses varios salgados sobre o estipulado na cláusula 8. B. lote 5 do PPTP (4 unidades) en 3 unidades.*
- c) *Incrementa o nº de unidades de sobremesa doce sobre o estipulado na cláusula 8. B. lote 5 do PPTP (3 unidades) en 3 unidades.*
- d) *Incrementa o número de camareiros/as uniformados para cada mesa sobre o estipulado na cláusula 8. B. lote 5 do PPTP (1 camareiro/a por mesa) en 1 unidade.*

- LOTE 6: Bolsa "brunch" ou almozos empacquetados para eventos informais fora de instalacións municipais

- a) *O prezo máximo do lote é de 12.648,76 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 1.149,89 euros, cun prezo unitario de 9,56 euros.*
- b) *Incrementa o número mínimo do tipo de produtos (4 tipos) segundo a cláusula 8. B. lote 6 do PPTP en 1 unidade.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(854).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DA PÓLIZA DE SEGURO A TODO RISCO DE DANOS MATERIAIS PARA AS COLECCIÓN DO PATRIMONIO CULTURAL ADSCRITAS Á CONCILLERÍA DE CULTURA. EXPTE. 3230/341.

Visto o informe de fiscalización do 06/10/2022, da se conta da proposta da Mesa de Contratación realizada o 05/10/2022, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

e) Procedemento aberto simplificado para a contratación da póliza de seguro a todo risco de danos materiais para as coleccións do patrimonio cultural adscritas á Concellería de Cultura (3.230-341)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto simplificado para a contratación da póliza de seguro a todo risco de danos materiais para as coleccións do patrimonio cultural adscritas á Concellería de Cultura (3.230-341)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 28 de xullo de 2022 a Xunta de Goberno local, acordou:

“1º.- Aprobar a contratación, a través de procedemento aberto e simplificado, de póliza de seguro todo risco de danos materiais para as coleccións do Patrimonio Cultural adscritas á Concellería de Cultura.

2º.- Aprobar o Prego de prescricións técnicas e os seus anexos que rexerá a citada contratación, de data 9 de xuño de 2022, redactados polo xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural e mailo Director do Museo Municipal “Quiñones de León”.

3º.- Aprobar o Prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a citada contratación, de data 22 de xullo de 2022, redactado pola xefa do Servizo de Contratación.

4º.- Autorizar o gasto por importe total de 66.000 € (sesenta e seis mil), sen IVE ao estar os contratos de seguros exentos de IVE, con cargo á aplicación orzamentaria 3330.224.0000 (“Seguros coleccións e inmobles”) do orzamento municipal según o seguinte:

- Anualidade 2022: 33.000 €
- Anualidade 2023: 33.000 €

5º.- Acordar a apertura do procedemento de contratación conforme ao previsto na lexislación vixente”.

Segundo.- A Mesa de Contratación na sesión que tivo lugar o 22 de setembro de 2022, adoptou o seguinte acordo:



Concello de Vigo

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto simplificado para a contratación da póliza de seguro a todo risco de danos materiais para as coleccións do patrimonio cultural adscritas á Concellería de Cultura (3.230-341) na seguinte orde descendente:

Orde	Licitador	Puntuación total
1	LIBERTY MUTUAL INSURANCE EUROPE, SUCURSAL EN ESPAÑA	99,00
2	MAPFRE	51,34

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, LIBERTY MUTUAL INSURANCE EUROPE, SUCURSAL EN ESPAÑA (CIF W0069547H - VIES LU31093457), para que presente, no prazo de sete días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, unicamente a documentación esixida na cláusula 20.1 do PCAP, ao estar inscrito no Rexistro de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público:

- 1. Acreditación da constitución garantía definitiva esixida na cláusula 21.*
- 2. Acreditación da solvencia económica e técnica esixida na cláusula 8.8.3º*
- 3. Acreditación da habilitación profesional esixida na cláusula 8.8.4º”.*

Terceiro.- Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, LIBERTY MUTUAL INSURANCE EUROPE, SUCURSAL EN ESPAÑA, o día 23 de setembro de 2022, que presenta a documentación requirida os días 3 e 4 de outubro, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 5 de outubro de 2022 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar LIBERTY MUTUAL INSURANCE EUROPE, SUCURSAL EN ESPAÑA, como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por LIBERTY MUTUAL INSURANCE EUROPE, SUCURSAL EN ESPAÑA, de acordo co informe de valoración do sobre B “proposición avaliable mediante fórmula” de data 7 de setembro de 2022.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a LIBERTY MUTUAL INSURANCE EUROPE, SUCURSAL EN ESPAÑA (CIF W0069547H - VIES LU31093457) o procedemento aberto simplificado para a contratación da póliza de seguro a todo risco de danos materiais para as coleccións do patrimonio cultural adscritas á Concellería de Cultura (3.230-341) por un prezo total para as dúas anualidades de 49.556,20 euros (exento de IVE).

2.- Incrementa o límite mínimo por viaxe e/ou expedición sinalado na cláusula cuarta do PPT (600.000,00 euros) en 400.000 euros. Total 1.000.000 euros.

3.- Inclúe na oferta a cobertura automática para aquelas exposicións temporais organizadas pola Concellería de Cultura do Concello de Vigo, realizadas en base a elementos propiedade de terceiros, baixo calquera réximen de custodia.

4.- Inclúe na oferta as seguintes coberturas:

- Inclusión da cobertura para os danos sufridos polos bens asegurados por cambios de temperatura e humidade no ambiente, condensación, influencia progresiva do frío e a calor, danos por cambios de cor producidos pola acción da luz natural ou artificial ou por calquera outra causa.*
- Inclusión da cobertura para os danos por contaminación, polución ou calquera outro tipo de residuo, así como o custo de extracción dos materiais contaminantes e os gastos para substituír o ben danado.*
- Inclusión da cláusula de renuncia á subrogación de dereitos, mediante a cal o asegurador renuncia expresamente a subrogarse nos dereitos do asegurado para exercer calquera acción de recobro como consecuencia da indemnización dun sinistro contra embaladores, carrexadores e propietarios da sala que alberga a exposición ou calquera outra persoa ou entidade relacionada co manexo, transporte e instalación das obras aseguradas, excepto cando os danos indemnizados fosen causados por*



Concello de Vigo

neglixencia grave ou conduta dolosa das devanditas persoas ou entidades.

- *Inclusión da cláusula de exoneración de transportistas, mediante a que a aseguradora exonerará de responsabilidade ao transportista fronte ás mercadorías con suxeición aos seguintes casos.*
 - *Operacións de carga, descarga e transporte (non se inclúe neste apartado os danos que as mercadorías poidan causar a terceiros)*
 - *Sempre que non exista falta grave do transportista.*
- *Inclusión de cláusula de divisas.*
- *Inclusión de cláusula de gastos de recompensa e recuperación de obxectos perdidos (25.000 €)*
- *Inclusión de cláusula de limpeza de escombros (50.000€)*
- *Inclusión de cláusula de arbitraje.*
- *Inclusión de cláusula de gastos por transporte e almacenaxe durante as situacións de emerxencia (50.000 € 12 meses)*
- *Inclusión de cláusula por falecemento de artista (200% máximo 150.000€)*
- *Inclusión de cláusula de título defectuoso (100.000€)*
- *Inclusión de cláusula de 72 horas.*
- *Inclusión de cláusula por insuficiencia de embalaxe.*
- *Inclusión de cláusula de franquía do Consorcio de Compensación de seguros.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(855).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DAS OBRAS DO PROXECTO DE “CUBRICIÓN DO PATIO DO COLEXIO VILA LAURA”. EXPTE. 1229/441.

Visto o informe de fiscalización do 05/10/2022, dáse conta da proposta da Mesa de Contratación realizada o 05/10/2022, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

d) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de “Cubrición do patio do Colexio Vila Laura” (1.229-441)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de “Cubrición do patio do Colexio Vila Laura” (1.229-441)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 2 de xuño de 2022 a Xunta de Goberno local, acordou:

“Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de “CUBRICIÓN DO PATIO DO COLEXIO VILA LAURA”, redactado polo Arquitecto Angel Santorio Cuartero

Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Xefa do Servizo de Contratación con data 10 de maio de 2022.

Terceiro.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de CATROCIENTOS CATORCE MIL CATROCIENTOS TRINTA E CATRO EUROS con SESENTA E CATRO CÉNTIMOS (414.434,64 €), sendo o importe corresponde ao IVE de 71.926,67 €.

Para o seu financiamento aplicaranse os créditos do orzamento do Concello de Vigo na aplicación orzamentaria 3230.622.00.60 (Investimentos en cubertas de colexios Villalaura-Frian), provinte da modificación orzamentaria nº12/2022 - Crédito extraordinario e Suplemento de crédito financiado con remanente líquido de tesourería para gastos xerais- (expediente 74/142), segundo a distribución de anualidades proposta:

2022	414.434,64 €
------	--------------

Cuarto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente”.

Segundo.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 22 de setembro de 2022 adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adjudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras do



Concello de Vigo

proxecto de "Cubrición do patio do Colexio Vila Laura" (1.229-441) na seguinte orde descendente:

Orde	Licitador	Puntuación total
1	PROSEMA NOROESTE, S.L.	80,46

Segundo.- *Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, PROSEMA NOROESTE, S.L. (B-70.382.064), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):*

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares".*

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, PROSEMA NOROESTE, S.L., o día 23 de setembro de 2022, que presenta a documentación requirida o 3 de outubro, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 5 de outubro de 2022 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar PROSEMA NOROESTE, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por PROSEMA NOROESTE, S.L., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliadas mediante xuízo de valor e das proposicións avaliadas mediante fórmula, de datas 31 de agosto e 13 de setembro de 2022, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a PROSEMA NOROESTE, S.L. (B-70.382.064) o procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de “Cubrición do patio do Colexio Vila Laura” (1.229-441) por un prezo total de 384.538,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 66.738,00 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

6(856).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN MIXTA, POR PROCEDUREMTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE, DA EVOLUCIÓN TECNOLÓXICA DA APLICACIÓN DE XESTIÓN CONTABLE DA VERSIÓN SICAP: TAO 1.0 A GEMA:TAO 2.0 E CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS CONEXOS PARA O MANTEMENTO DAS APLICACIÓNS DE CONTABILIDADE, ORZAMENTO, CONECTOR FACE, CUSTO DOS SERVIZOS E ACTUATE. EXPTE. 219/143.

Visto o informe de fiscalización do 07/10/2022, dáse conta do informe-proposta da mesma data, asinado pola técnica de Admón. Xeral do Servizo de Contratación (PD. 21/06/2019) e polo director superior contable e orzamentario, que di o seguinte:

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)



Concello de Vigo

- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento negociado sen publicidade para a contratación mixta da evolución tecnolóxica da aplicación de xestión contable da versión SICAP: TAO 1.0 a GEMA: TAO 2.0 e contratación dos servizos conexas para o mantemento das aplicacións de contabilidade, orzamento, conector FACE, custo dos servizos e ACTUATE (219-143) (PCAP)

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 25 de agosto de 2022, adoptou o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Aprobar o Prego de prescricións técnicas e os seus anexos de data 10/08/2022 e de Cláusulas Administrativas particulares, e os seus anexos, asinado en data 10/08/2022, elaborados para a contratación por procedemento negociado sin publicidade da evolución de software e servizos a subministrar, así como as condicións técnicas a cumprir na realización da "Evolución tecnolóxica de SICAP a GEMA", pasando do actual sistema TAO 1.0 á versión TAO 2.0 e os servizos conexas dos aplicativos (licenzas, mantemento)

SEGUNDO.- Dispoñer a apertura do procedemento para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente e no PCAP.

TERCEIRO.- Autorizar o gasto por unha contía de 1.045.133,27 euros con IVE, dos que 103.000 euros corresponden ao exercicio corrente e 942.133,27 euros a exercicios futuros (2023-2027), sendo o gasto sen IVE 863.746,50 euros e o IVE 181.386,77 euros.

Segundo.- O 26 de agosto de 2022 o Servizo de Contratación cursou unha invitación para participar no citado procedemento a T-SYSTEMS ITC IBERIA S.A.U., concedéndolle un prazo de 10 días hábiles para a presentación da correspondente oferta.

Terceiro.- Con data do 9 de setembro de 2022 T-SYSTEMS ITC IBERIA S.A.U., presentou a súa oferta a través da plataforma de Contratos do Sector Público, dentro do prazo concedido para o efecto.

Cuarto.- O 9 de setembro de 2022, reúnense o tesoureiro municipal coa técnica de Administración xeral (por delegación da xefa do Servizo de Contratación de data 21.06.19), co obxecto de abrir a oferta presentada polo licitador invitado a participar.

En primeiro lugar, cualificouse a documentación persoal, comprobándose a capacidade e solvencia do licitador, polo que se admitiu ao licitador e se procedeu á apertura do “SOBRE B: PROPOSICIÓN ECONÓMICA”. Revisada a proposición, comprobouse que se axusta ás esixencias dos pregos.

Segundo o previsto no apartado 1.I do PCAP non procede a negociación dado que “o obxecto do contrato soamente pode ser encomendado a unha empresa e as características e requisitos técnicos dos servizos están definidos e determinados”.

En aplicación do criterio recollido na cláusula 16.1 do PCAP (“Considerarase que a proposición é anormalmente baixa cando sexa inferior ao orzamento base de licitación en máis de 25 unidades porcentuais”), constátase que a oferta presentada non contén valores anormais ou desproporcionados.

Para os efectos de proceder á adxudicación do contrato, e de conformidade co previsto na cláusula 17 do PCAP, formulouse proposta de clasificación.

Polo Servizo de Contratación comprobouse que o licitador se atopa ao corrente nas súas obrigas tributarias (AEAT, ATRIGA e Concello de Vigo) e coa Seguridade Social. Esta documentación foi incorporada ao expediente.

Quinto.- A concelleira delegada de Contratación (resolución da Alcaldía do 18.06.2019 e acordo de delegación da Xunta de Goberno local do 20.06.2019), con data 14 de setembro de 2022, adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, a proposición admitida no procedemento negociado sen publicidade para a contratación mixta da evolución tecnolóxica da aplicación de xestión contable da versión SICAP: TAO 1.0 a GEMA:TAO 2.0 e contratación dos servizos conexas para o mantemento das aplicacións de contabilidade, orzamento, conector FACE, custo dos servizos e ACTUATE (219-143) na seguinte orde descendente:

Orde	Licitador
1	T-Systems ITC Iberia S.A.U.

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, T-Systems ITC Iberia S.A.U. (A-81.608.077), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento a seguinte documentación:

1. *Acreditación da solvencia técnica esixida no apartado 5C do Anexo I -FEC- segundo o esixido na cláusula 8.4.3º (“Os servizos ou traballos efectuados acreditaranse mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público; cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante un certificado*



Concello de Vigo

- expedido por este ou, a falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario”).*
- 2. A acreditación da constitución de garantía definitiva esixida no apartado 9.C das FEC.*
 - 3. Declaración de ausencia de conflito de intereses (DACI) para os contratistas e subcontratistas, conforme ao modelo incluído no Anexo V.*
 - 4. Acordo de confidencialidade e para a autorización do acceso á rede do Concello de Vigo, conforme ao modelo incluído no Anexo IV.*
 - 5. Declaración responsable designando ao seu delegado coas funcións descritas na cláusula 25.11 do PCAP, conforme ao modelo incluído no Anexo IV”.*

Sexto.- A citada resolución foi notificada a T-SYSTEMS ITC IBERIA S.A.U. o día 15 de setembro de 2022, que presenta a documentación requirida o 22 de setembro, dentro do prazo concedido. Revisada a documentación concedéuselle un prazo de tres días para que puidese emendar a acreditación da solvencia técnica. Os días 4 e 6 de outubro de 2022 o licitador presentou nova documentación e sendo correcta, procede formular proposta de adxudicación ao abeiro do previsto na cláusula 17.2 do PCAP.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado, T-SYSTEMS ITC IBERIA S.A.U., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle ao xefe do servizo xestor e á xefa do Servizo de Contratación ou persoas nas que deleguen. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

Con relación á motivación desta adxudicación remitímonos á acta do 13 de setembro de 2022 de apertura dos sobres A e B.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a T-SYSTEMS ITC IBERIA S.A.U. (A-81.608.077) o procedemento negociado sen publicidade para a contratación mixta da evolución tecnolóxica da aplicación de xestión contable da versión SICAP: TAO 1.0 a GEMA: TAO 2.0 e contratación dos servizos conexos para o mantemento das aplicacións de contabilidade, orzamento, conector FACE, custo dos servizos e ACTUATE (219-143) por un prezo total de 1.044.640,00 euros, sendo o importe correspondente ao IVE de 181.301,16 euros, e cunha porcentaxe de desconto a aplicar aos mantementos de todos os aplicativos para os 5 anos do 0,1538%:

	Importe con IVE	IVE
Parte fixa	580.000,00 €	100.661,16 €
Parte variable	464.640,00 €	80.640,00 €
Total	1.044.640,00 €	181.301,16 €

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

7(857).- AUTORIZACIÓN DE INCORPORACIÓN DE MEMBRO E CONSEGUINTE TRANSMISIÓN DE PARTICIPACIÓN ENTRE MEMBROS DA UTE TITULAR DA CONCESIÓN PARA A CONSTRUCCIÓN E POSTERIOR XESTIÓN DE 3 APARCADOIROS PÚBLICOS PARA VEHÍCULOS AUTOMÓBILES NA AVENIDA DE AREAL, PINTOR COLMEIRO E POLICARPO SANZ:LOTE 1. EXPTE. 6744/241.

Dáse conta do informe-proposta de data 07/10/2022, asinado pola técnica de Admón. Xeral e a concelleira-delegada de Área, e conformado pola titular de Asesoría Xurídica Municipal e polo interventor xeral, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Real decreto lexislativo 2/2000, do 16 de xuño, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas
- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público (LCSP)



Concello de Vigo

- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP)
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)
- Lei 18/1982, de 26 de maio, sobre Réxime Fiscal de Agrupacións e Unións Temporais de Empresas e das Sociedades de Desenvolvemento Rexional (LUTE)
- Real decreto 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais (RBEL)
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (LALG)
- Prego de cláusulas administrativas particulares para adxudicar mediante concurso público a redacción dos proxectos básicos e proxectos de execución, construción e explotación de dous aparcadoiros subterráneos no subsolo da Praza da Independencia e na rúa Urzáiz aprobado por acordo plenario de data 3 de novembro de 1998 (PCAP)
- Lei 33/2003, do 3 de novembro, de patrimonio das Administracións Públicas (LPAP)

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local, na sesión que tivo lugar o 21 de maio de 2007, acordou a ELOYMAR Y TRANVÍAS ELÉCTRICOS DE VIGO, U.T.E. a adxudicación do lote 1 do concurso para a xestión do servizo público mediante concesión para a construción e posterior xestión de 3 aparcadoiros públicos para vehículos automóbiles na avenida de Areal, Pintor Colmeiro e Policarpo Sanz por un prazo de 50 anos.

O contrato formalizouse o 13 de xuño de 2007. Consta no expediente escritura de constitución da UTE cunha porcentaxe de participación ao 50% entre ELOYMAR, S.A. e TRANVÍAS ELÉCTRICOS DE VIGO, S.A.

Segundo.- A Xunta de Goberno local acordou a apertura ao servizo público do aparcadoiro da rúa Pintor Colmeiro na sesión do 9 de outubro de 2009.

Terceiro.- A Xunta de Goberno local acordou a apertura ao servizo público do aparcadoiro da rúa Policarpo Sanz na sesión do 31 de xaneiro de 2011.

Cuarto.- A Xunta de Goberno local acordou a apertura ao servizo público do aparcadoiro da rúa de Areal na sesión do 28 de outubro de 2011.

Quinto.- D. Eloy García Alvariza, en nome e representación de ELOYMAR Y TRANVÍAS ELÉCTRICOS DE VIGO, U.T.E., mediante escrito con entrada no Rexistro Xeral deste Concello o 3 de marzo de 2022, solicita autorización do órgano de contratación para a transmisión de participacións entre as sociedades que compoñen a UTE. No referido escrito indica que achega escritura de constitución de COCHERAS DE NIGRÁN, S.L. como Anexo I, se ben non consta presenta dita documentación.

Sexto.- Con data do 30 de marzo de 2022, requírese á ELOYMAR Y TRANVÍAS ELÉCTRICOS DE VIGO, U.T.E. a presentación de documentación (declaración de COCHERAS DE NIGRÁN, S.L. de non estar incurso en prohibición de contratar e a acreditación da súa solvencia económica).

Sétimo.- O 8 de abril de 2022 ELOYMAR Y TRANVÍAS ELÉCTRICOS DE VIGO, U.T.E. presenta nova documentación (documento nº 220071981).

Oitavo.- Con data do 20 de abril de 2022 a responsable do contrato emite informe sobre a solvencia técnica de COCHERAS DE NIGRÁN, S.L. a solicitude do Servizo de Contratación.

Noveno.- O 22 de abril de 2022 ELOYMAR Y TRANVÍAS ELÉCTRICOS DE VIGO, U.T.E. completa a documentación presentada (documento nº 220080314).

Décimo.- A Xunta de Goberno local, na sesión que tivo lugar o 19 de maio de 2022, adoptou o seguinte acordo:

“1º.- Autorizar a ELOYMAR Y TRANVÍAS ELÉCTRICOS DE VIGO, UTE a incorporación entre os seus membros de COCHERAS DE NIGRÁN, S.L. e a conseguinte transmisión do 22% da participación de TRANVÍAS ELÉCTRICOS DE VIGO, S.A. na UTE á citada empresa quedando a composición como segue:

	Porcentaxe de participación
ELOYMAR, S.A.	55%
TRANVÍAS ELÉCTRICOS DE VIGO, S.A.	23%
COCHERAS DE NIGRÁN, S.L.	22%

2º.- A modificación da composición da UTE producirá efectos unha vez que se formalice en escritura pública. Deberá entregarse ao Concello unha copia da escritura pública de formalización no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao do seu outorgamento”.



Concello de Vigo

Undécimo.- Con data do 22 de setembro de 2022, D. Eloy García Alvariza, en nome e representación de ELOYMAR Y TRANVÍAS ELÉCTRICOS DE VIGO, U.T.E., presenta escrito (documento nº 220228240) no que indica “*Que no se ha elevado a público el acuerdo comunicado en el escrito recibido con fecha 19 de mayo de 2022 por haber detectado un error en los porcentajes. La composición de Eloymar Tranvías UTE queda como se refleja en el siguiente cuadro:*”

	Porcentaje de participación
ELOYMAR S.A.	55%
COCHERAS DE NIGRÁN S.L.	23%
TRANVÍAS ELÉCTRICOS DE VIGO S.A.	22%

E solicita “*Envíen el acuerdo con los porcentajes correlevación a público del mismo*”.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

-I-

Da natureza das Unións temporais de empresas e o seu réxime xurídico

É preciso comezar por definir que é unha Unión Temporal de Empresas (UTE). Unha UTE é unha forma de colaboración entre empresarios, que dá lugar a unha organización distinta da dos seus membros, pero sen personalidade xurídica propia ou diferenciada. A Lei 18/1982, do 26 de maio, sobre réxime fiscal de agrupacións e unións temporais de empresas e das sociedades de desenvolvemento rexional (LUTE) defínea como “*sistema de colaboración entre empresarios por tempo certo, determinado ou indeterminado, para o desenvolvemento ou execución dunha obra, servizo ou subministro*” (artículo 7.1 LUTE).

Tal e como di a Junta de Contratación Administrativa no seu informe 1/17, do 13 de xullo “*unha Unión Temporal de Empresas, pola súa propia natureza, é un sistema voluntario de colaboración entre empresarios por un período determinado, determinado ou indefinido, para o desenvolvemento ou execución dunha obra, servizo ou subministración e que non teña personalidade xurídica propia (art. sétimo da Lei 18/1982, do 26 de maio, de réxime fiscal das agrupacións e unións temporais de empresas e das Empresas Rexionais de Desenvolvemento Industrial). O noso Informe 56/2013, do 15 de decembro de 2015, sinalou que a Unión Temporal de Empresas se caracteriza por ser un sistema asociativo de colaboración empresarial que, aínda que implica unha estrutura organizativa común, nunca chega a conformar a existencia dun suxeito de dereito distinto dos empresarios que o integran. Este sistema de colaboración baséase nun acordo de vontades entre empresas e artículase en dous aspectos, ad intra, a través do propio contrato da Unión Unión Temporal de Empresas subscrita polos seus membros, e, ad extra, mediante a*”

participación desda Unión Temporal de Empresas no procedemento de licitación contractual. A articulación ad extra culminará coa obriga de elevar a escritura pública a formalización da Unión Temporal de Empresas ante Notario se finalmente adxudicárase o contrato público. A Unión Temporal de Empresas é, polo tanto, un sistema de colaboración entre empresarios, cuxas principais notas distintivas (artigo 24 do Texto Refundido do ano 2000 e Artigo 59 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público) son os seguintes:

- 1) Non ten personalidade xurídica;*
- 2) Xera un sistema de responsabilidade solidaria asumida por todos e cada un dos empresarios socios de o mesmo (todo iso independentemente da porcentaxe de participación do empresario na Unión Temporal de empresas);*
- 3) A súa constitución é temporal;*
- 4) Deberá formalizarse mediante escritura pública ante Notario se o contrato é adxudicatario”.*

No ámbito da contratación pública é unha figura que facilita que dous ou máis empresarios, poidan concorrer xuntos a unha licitación. Ou ben porque individualmente carecen da solvencia esixida no procedemento de que se trate ou ben, por razóns de oportunidade, para repartir os riscos empresariais do contrato. En calquera caso, a posibilidade de concorrer en UTE por dous ou máis empresarios favorece unha maior concorrencia nas licitacións públicas e potencia a participación das pymes.

O problema que suscitan as UTEs é a súa escasa regulación, que se contén fundamentalmente na citada Lei 18/1982 (LUTE). Aínda que, esta norma dedica un artigo a fixar o seu concepto (artigo 7) e outro a regular os seus requisitos (artigo 8), o resto dos preceptos regulan basicamente os seus aspectos fiscais. No ámbito da lexislación contractual a LCAP dedícalles o artigo 24.

Desta regulación podemos extraer as principais notas que caracterizan á UTE:

1. A falta de personalidade xurídica (artigo 7.2 da LUTE).
2. O seu carácter temporal. Constitúese para a execución dun contrato concreto e deberán ter unha duración idéntica á da obra, servizo ou fornezo que constituía o seu obxecto (artigos 7.1 e 8.c LUTE, 24.1 LCAP). A LUTE fixa como duración máxima da UTE 25 anos, agás que se trate de contratos que comprendan a execución de obras e explotación de servizos públicos. Nese caso, a duración máxima será de 50 anos desde a posta en servizo (artículo 8.c LUTE), como no caso que nos ocupa.
3. A obriga de formalizar a súa constitución en escritura pública subscrita ante Notario (artículo 8.e LUTE e 24.1 LCAP), que recollerá, entre outros aspectos, *“a proporción ou método para determinar a participación das distintas empresas membros na distribución dos resultados ou, no seu caso, nos*



Concello de Vigo

ingresos ou gastos da Unión”.

4. O órgano de administración da unión será un representante ou apoderado único, nomeado polos membros da UTE, con poderes bastantes para exercer os dereitos e cumprir as obrigacións derivadas do contrato (artigos 8.e.1.6 LUTE e 24.1 LCAP). Aínda que se admite a existencia de poderes mancomunados para pagamentos e cobros de contía significativa (artigos 24.1 LCAP).
5. O réxime de responsabilidade solidaria dos empresarios integrantes da UTE (artigos 8.e.1.8 LUTE e 24.1 LCAP).

-II-

Lexislación aplicable á incorporación dun novo membro da UTE e da transmisión de participacións entre os seus membros

O xerente único da UTE titular da concesión para a construción e posterior xestión de 3 aparcadoiros públicos para vehículos automóbiles na avenida de Areal, Pintor Colmeiro e Policarpo Sanz solicita, con data do 3 de marzo de 2022 (documento nº 220046550) autorización para a transmisión de participacións entre os seus integrantes nos seguintes termos:

	Situación actual	Modificación solicitada
ELOYMAR, S.A.	55%	55%
TRANVÍAS ELÉCTRICOS DE VIGO, S.A.	45%	23%
COCHERAS DE NIGRÁN, S.L.	0%	22%

Consta acreditada a súa condición de xerente único na escritura de constitución da UTE de data 1 de xuño de 2007 (nº de protocolo 957), que forma parte do expediente.

Á vista desta solicitude, a Xunta de Goberno local, na sesión do 19 de maio de 2022, autorizou a ELOYMAR Y TRANVÍAS ELÉCTRICOS DE VIGO, UTE a incorporación entre os seus membros de COCHERAS DE NIGRÁN, S.L. e a conseguinte transmisión de participacións, quedando a composición como segue:

	Porcentaxe de participación
ELOYMAR, S.A.	55%
TRANVÍAS ELÉCTRICOS DE VIGO, S.A.	23%
COCHERAS DE NIGRÁN, S.L.	22%

Segundo o citado acordo, a modificación da composición da UTE produciría efectos unha vez que se formalizase en escritura pública, debendo entregarse ao Concello unha copia da escritura pública de formalización no prazo dun mes a contar dende o

día seguinte ao do seu outorgamento.

Durante o referido prazo, a concesionaria non remitiu a escritura e con data do 22 de setembro de 2022 (documento nº 220228240) D. Eloy García Alvariza, en nome e representación de ELOYMAR Y TRANVÍAS ELÉCTRICOS DE VIGO, U.T.E., presenta novo escrito no que recoñece “*Que no se ha elevado a público el acuerdo comunicado en el escrito recibido con fecha 19 de mayo de 2022 por haber detectado un error en los porcentajes. La composición de Eloymar Tranvías UTE queda como se refleja en el siguiente cuadro:*”

	<i>Porcentaje de participación</i>
<i>ELOYMAR S.A.</i>	<i>55%</i>
<i>COCHERAS DE NIGRÁN S.L.</i>	<i>23%</i>
<i>TRANVÍAS ELÉCTRICOS DE VIGO S.A.</i>	<i>22%”</i>

E solicita “*Envíen el acuerdo con los porcentajes correlevación a público del mismo*”.

En consecuencia, dado que a eficacia do acordo do 19 de maio de 2022 dependía da formalización en escritura pública e entrega desta no prazo dun mes ao Concello, o citado acordo non produciu efectos, polo que procede, á vista da solicitude do 22 de setembro, a tramitación dunha nova autorización de transmisión de participacións coas porcentaxes de participación sinaladas na solicitude do 22 de setembro.

Resulta preciso determinar, en primeiro lugar, a lexislación a aplicar a este contrato. Os contratos réxense en canto aos seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa duración e réxime de prórrogas, polo establecido no propio contrato e no prego de cláusulas administrativas particulares e pola lexislación vixente no momento en que foron celebrados (disposición transitoria primeira da LCSP), é dicir:

- Real decreto legislativo 2/2000, do 16 de xuño, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP)

Agora ben, na lexislación aplicable non se atopa regulación ningunha da modificación da composición das UTEs a diferenza do que acontece coa vixente LCSP que si a regula expresamente no artigo 69 adicado precisamente ás unións temporais de empresas.

En efecto, o RDL 2/2000 regula, por un lado, a prerrogativa das Administracións Públicas consistente na modificación (obxectiva) dos contratos, e por outro lado, regula as distintas figuras xurídicas que conlevan unha modificación subxectiva do



Concello de Vigo

contrato: sucesión da persoa contratista (artigo 101) e cesión do contrato (artigo 114). Co Real decreto lexislativo 3/2011 incorporouse, entre as modificacións subxectivas, a subrogación do acreedor hipotecario no contrato de concesión (artigo 263) que se mantén na vixente LCSP no artigo 275.

A modificación subxectiva do contrato (en termos de Dereito Civil, novación subxectiva) supón a modificación dos elementos persoais do contrato, ben do contratante ou do contratista, cuxo principal efecto é a subrogación en todos os dereitos e obrigas derivados das relacións xurídicas existentes.

Dada a ausencia dunha regulación específica, con anterioridade á entrada en vigor da LCSP, os órganos consultivos en materia de contratación viñan entendendo a transmisión de participacións entre membros dunha UTE, en función das circunstancias concorrentes. Nuns casos asimilándoa coa cesión do contrato, fundamentalmente cando a transmisión implicaba unha alteración do control efectivo da sociedade – ditame 33752001 do Consejo de Estado- ou por desaparición de membros de UTE e, noutros, como unha **reorganización interna da UTE**.

Na liña da reorganización interna, a Junta Superior de Contratación Administrativa da Generalitat Valenciana no seu informe VAL 09/2011, sinala, baseándose na sentenza do Tribunal de Xustiza do Unión Europea (Asunto C-454/06, Presstext Nachrichtenagentur) que resultaba factible a desaparición da relación obrigacional da empresa afectada pola súa entrada en concurso, mediante a reorganización interna da UTE *«Polo tanto, ao tratarse de meras reorganizacións internas, tendo en conta que a persoa xurídica concreta participou nun procedemento de licitación previo, as posibles modificacións da composición non supoñen, en principio, unha modificación substancial do contrato adxudicado»*.

En semellante sentido, se pronuncia o informe da Junta Consultiva de Andalucía 3/2002, aínda que sen facer referencia á causa do concurso dun dos membros da UTE *“a redistribución das porcentaxes de participación entre os mesmos membros da unión non altera o réxime de responsabilidade solidaria que afecta a todos e cada un dos emprendedores. 3. Os requisitos que para a cesión dos contratos se esixen no artigo 114 do TRLCAP non son aplicación neste caso concreto, xa que tal precepto está previsto para a cesión a un terceiro de dereitos e obrigas dimanantes dun contrato, e no presente caso nin hai un novo empresario que se incorpora á unión nin por suposto altera o sistema de dereitos e obrigas da empresarios, que en virtude do réxime de responsabilidade solidaria permanece inalterado para cada un deles. O anterior non supón un obstáculo para que a Administración resolva sobre o solicitado en atención ás circunstancias que concorran, acudindo ao procedemento xeral que para a resolución de incidencias dispón artigo 136 do Regulamento Xeral de Contratación do Estado aínda vixente (artigo 97 do novo Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas), e no caso de acceder ao solicitado, deberá modificarse a escritura de formalización da unión nos extremos afectados”*.

Para o caso concreto das UTEs, como indicabamos ao principio deste fundamento, a vixente LCSP regula expresamente a modificación da súa composición no artigo 69 relativo ás “Unións de empresarios”, onde enumera unha serie de regras de aplicación á marxe da regulación da cesión do contrato. Así pois, establece o citado artigo 69.9:

“9. Unha vez formalizado o contrato cunha unión temporal de empresas, observaranse as seguintes regras:

a) Cando a modificación da composición da unión temporal supoña o aumento do número de empresas, a diminución do mesmo, ou a substitución dunha ou varias por outra ou outras, se precisará a autorización previa e expresa do órgano de contratación, debéndose ter executado o contrato cando menos nun 20 por cento das súas importacións ou, cando se trate dun contrato de concesión de obras ou concesión de servizos, que se efectuou a súa explotación durante cando menos a quinta parte do prazo de duración do contrato. En todo caso será necesario que se requira a resolución ou clasificación e que na nova configuración da unión temporal a empresa teña plena capacidade de obrar e non estean incursas en prohibición de contratar”.

Mentres que, con carácter xeral, respecto da cesión do contrato, establece o artigo 214:

“1. Á marxe dos supostos de sucesión do contratista do artigo 98 e sen prexuízo da subrogación que puidera producirse a favor do acredor hipotecario conforme ao artigo 274.2 ou do adxudicatario no procedemento de execución hipotecaria en virtude do artigo 275, a modificación subxectiva dos contratos soamente será posible por cesión contractual, cando obedeza a unha opción inequívoca dos pregos, dentro dos límites establecidos no parágrafo seguinte.

Para tales efectos, os pregos establecerán necesariamente que os dereitos e obrigas dimanantes do contrato poderán ser cedidos polo contratista a un terceiro sempre que as cualidades técnicas ou persoais do cedente non teñan sido razón determinante da adxudicación do contrato, e da cesión non resulte unha restrición efectiva da competencia no mercado. Sen prexuízo do establecido no apartado 2, letra b), non poderá autorizarse a cesión a un terceiro cando esta supoña unha alteración substancial das características do contratista se estas constitúen un elemento esencial do contrato.

Cando os pregos prevexan que os licitadores que resulten adxudicatarios constitúan unha sociedade especificamente para a execución do contrato, establecerán a posibilidade de cesión das participacións desa sociedade; así como o suposto no que, por implicar un cambio de control sobre o contratista, esa cesión de participacións deba ser equiparada a unha cesión contractual para os efectos da súa autorización de acordo co previsto neste artigo. Os pregos poderán prever mecanismos de control da cesión de participacións que non impliquen un cambio de control en supostos que estean suficientemente xustificadas”.

E o artigo 250, respecto dos contratos de concesión de obras, ao fixar o contido do prego de cláusulas administrativas particulares, establece que *“preverán tamén a posibilidade de que se produza a cesión do contrato de conformidade co previsto no artigo 214, así como das participacións na sociedade concesionaria cando se constituía unha sociedade de propósito específico polos licitadores para a execución*



Concello de Vigo

do contrato. Así mesmo, establecerán criterios para a determinación de cando a cesión das participacións deberá considerarse por supor un efectivo cambio de control e, no caso de que estivera xustificado polas características do contrato, estableceranse tamén mecanismos de control para cesións de participacións na sociedade concesionaria que non poidan equipararse a unha cesión do contrato. En todo caso considerarase que se produce un efectivo cambio de control cando se ceda o 51 por cento das participacións". Nos mesmos termos se expresa o artigo 285. e) da LCSP respecto do contrato de concesión de servizos.

Podemos concluir á vista da actual regulación, que se diferencia claramente a modificación da composición da unión temporal da cesión do contrato.

Na liña da citada sentenza do Tribunal de Justicia de la Unión Europea (Asunto C-454/06, Presstext Nachrichtenagentur), que entende que a desaparición dun membro da UTE non é unha modificación substancial do contrato mentres non implique unha modificación sobrevenida da oferta, o cal sería contrario aos principios de igualdade e non discriminación que implica a modificación da oferta, podemos entender, seguindo o mesmo argumento e a normativa actual, que a incorporación dun novo membro, neste caso COCHERAS DE NIGRÁN, S.L., tamén sería unha simple reorganización interna.

Ademais, de conformidade coa normativa actual, a incorporación dun novo membro da UTE, coa conseguinte redistribución de participacións, non implica unha cesión de dereitos e obrigas dimanantes do contrato a un terceiro. Con esta modificación non se altera a responsabilidade solidaria nin dos membros orixinais da UTE nin do novo membro.

En base ao anterior parece procedente aplicar por analogía a LCSP, sendo os requisitos para a modificación que se solicita da composición da unión temporal mediante a incorporación dun novo membro os seguintes (artigo 69):

- Autorización previa e expresa do órgano de contratación
- Ao tratarse dun contrato de concesión de servizos, que se efectuou a súa explotación durante cando menos a 1/5 do prazo de duración do contrato
- Que o novo membro da UTE posúa a clasificación (no seu caso) ou solvencia esixidos, plena capacidade de obrar e non estea incurso en prohibición de contratar

-III-

Exame da concorrencia dos requisitos esixidos pola LCSP para a modificación da composición da unión temporal de empresas e

Unha vez fixada a posibilidade de autorizar a solicitude da UTE concesionaria, resta examinar a concorrencia dos requisitos esixibles.

- Requisito formal: autorización previa e expresa do órgano de contratación, que será concedida tras a comprobación do cumprimento dos demais requisitos e posterior elevación a escritura pública.
- Requisito temporal: ao tratarse dun contrato de concesión de servizos, que se efectuou a súa explotación durante cando menos a 1/5 do prazo de duración do contrato.

Segundo o artigo 5 do prego “De conformidade co sinalado no art. 157.a) do TRLCAP, a concesión administrativa terá unha duración improrrogable de 50 anos e serán computados en cada aparcadoiro a partir da data da Acta de Comprobación das obras (artigo 58) que levará implícita a apertura ó uso público do servizo. O remate da concesión reverterán ó Concello de Vigo a totalidade das instalacións construídas obxecto do contrato (artigo 43)”.

Tendo en conta que a concesión se adjudicou o 21 de maio de 2007 por un prazo de 50 anos e que a apertura ao servizo público dos aparcadoiros se acordou pola Xunta de Goberno local nas datas 9 de outubro de 2009, 31 de xaneiro e 28 de outubro de 2011, no momento da solicitude formulada pola UTE xa se tiña executado máis da 1/5 parte de cada un dos tres contratos.

- Requisito subxectivo: que o novo membro da UTE posúa a solvencia esixida, plena capacidade de obrar e non estea incurso en prohibición de contratar.

Consta no expediente do concurso para a execución, construción e explotación de dous aparcadoiros soterrados no subosolo da praza da Independencia e na rúa Urzaiz escritura de constitución de COCHERAS DE NIGRÁN, S.L. na que se pode comprobar o seu obxecto social (“*explotación de parkings*”, entre outros). Esta escritura foi incorporada a este expediente. Ademais o concesionario presentou declaración de que non estar incurso a empresa en prohibición de contratar.

Respecto da solvencia, o artigo 13 do prego establece o seguinte:

“a) A solvencia económica e financeira acreditarase coa presentación dos seguintes documentos:

- *Informe dalgunha institución financeira debidamente inscrita no Rexistro de Entidades Financeiras do Banco de España sobre a situación financeira do licitador no que se valore a súa capacidade de facer fronte ás obrigas financeiras derivadas no futuro contrato, con mención expresa das características deste (obxecto, prazo concesional... etc)*
- *Tratándose de persoas xurídicas, presentación das contas anuais dos últimos tres anos ou extracto das mesmas no suposto de que a*



Concello de Vigo

publicación destas sexa obrigatoria nos Estados onde aquelas se atopen establecidas, así como informe dos auditores no caso de que a empresa estea obrigada a auditarase ou o faga voluntariamente.

- Declaración relativa á cifra de negocios global e das obras ou servizos realizados polo licitador no curso dos tres últimos exercizos.

b) A solvencia técnica apreciarase tendo en conta os coñecementos técnicos, a eficacia, a experiencia e a fiabilidade o que se acreditará mediante a presentación dos seguintes documentos:

- Unha relación dos principais servizos públicos ou traballos de análoga natureza prestados nos últimos tres anos que inclúa importe, datas e beneficiarios públicos ou privados dos mesmos.

- Unha descrición do equipo técnico que xestionará o servizo público obxecto do contrato, estean ou non integrados directamente na empresa do contratista, indicando particularmente a titulación académica e profesional do persoal que se responsabilizará da xestión do servizo.

Os servizos ou traballos realizados acreditaranse mediante certificados de boa execución expedidos ou visados polo órgano competente, cando o destinatario fose unha entidade do sector público, cando o destinatario houberse sido un suxeito privado mediante un certificado expedido por este, a falta do certificado mediante unha declaración do empresario.

En caso de que o equipo técnico non estea integrado directamente na empresa ou empresas licitadoras, deberá achegarse cartas nas que aqueles se comprometan a prestar a súa colaboración ó licitador ou licitadores, nas súas respectivas áreas de actividade, para a execución do contrato no suposto de que o licitador ou licitadores resulten adxudicatarios”.

Cómpre sinalar que no caso das UTEs opera a norma da acumulación (artigo 31 do RD 2/2000), se ben cada membro debe posuír un mínimo de solvencia.

Sobre este aspecto se pronuncia o Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuales en resolucións como a nº 913/2016 que establece:

“Respecto de la solvencia técnica, es exigible asimismo a todos y cada uno de los componentes de la UTE, si bien con el criterio flexible de entender que la relación que tengan con el objeto del contrato puede ser directa o indirecta siempre que todas ellas tengan una finalidad social al menos relacionada con el objeto del contrato. Es decir, se exige a cada uno al menos un mínimo de solvencia técnica.

Respecto de la solvencia económica también se exige a cada uno de los

componentes de la UTE, (lo cual es obvio dada la responsabilidad solidaria de todos los componentes de la UTE tanto frente a la Administración como frente a terceros); si bien con el criterio flexible de entender que alguno de sus componentes puede probar su solvencia económica acreditando la capacidad económica de otra empresa perteneciente o no a la UTE, con la que tenga cualesquiera vínculos jurídicos, siempre que pruebe fehacientemente que puede disponer de los fondos económicos de esta tercera empresa”.

Dado que COCHERAS DE NIGRÁN, S.L. forma parte da UTE concesionaria dos aparcadoiros da praza da Independencia e da rúa Urzáiz desde o 7 de outubro de 2016 (expte. nº 5.710-241), solicitouse informe á responsable do contrato co obxecto de acreditar a súa solvencia técnica, que foi emitido con data 20 de abril de 2022 e incorporado a este expediente.

A solvencia económica foi acreditada polo concesionario o 22 de abril de 2022 (documento nº 220080314) a través dun dos medios previstos no artigo 13.a) do PCAP, as contas anuais de 2020, cumpríndose o mínimo de solvencia esixido cando opera a norma da acumulación (artigo 31 do RD 2/2000). Ademais neste caso non se produce a desaparición dun membro da UTE senón a incorporación doutro e todos responden solidariamente tanto fronte á Administración como fronte a terceiros.

Foron incorporados ao expediente polo Servizo de Contratación os xustificantes e certificados de estar ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

Comprobado que a UTE concesionaria cumpre cos requisitos temporais e subxectivos, procede outorgar a autorización para a modificación da súa composición e conseguinte redistribución de participacións, que quedará condicionada á súa posterior elevación a escritura pública.

-IV-

Formalización da modificación da composición da UTE

Outorgada a autorización para a modificación da composición da UTE mediante a incorporación de COCHERAS DE NIGRÁN, S.L. e a conseguinte redistribución das participacións, que deberá formalizarse en escritura pública, sen a cal carecerá de efectos.



Concello de Vigo

Unha vez formalizada deberá ser comunicada ao Concello. A falta de previsión legal, fíxase como prazo para esta comunicación un mes, prazo que se estima suficiente para cumprimentar este trámite.

-V-

Competencia

O órgano competente para a resolución deste expediente é a Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

Neste caso non é preceptivo o informe da Asesoría Xurídica nin a fiscalización da Intervención Xeral (artigo 114.3 TRRL apartado 8 da disposición adicional terceira da LCSP), ao non comportar gasto para a Administración municipal.

No entanto, para outorgar maiores garantías de seguridade xurídica á citada proposta, sométese á conformidade da Asesoría Xurídica e da Intervención.

-VI-

Acordo

En base ao anterior, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **acordo**:

“1º.- Autorizar a ELOYMAR Y TRANVÍAS ELÉCTRICOS DE VIGO, UTE a incorporación entre os seus membros de COCHERAS DE NIGRÁN, S.L. e a conseguinte transmisión de participacións, quedando a composición da UTE como segue:

	Porcentaxe de participación
ELOYMAR, S.A.	55%
COCHERAS DE NIGRÁN, S.L.	23%
TRANVÍAS ELÉCTRICOS DE VIGO, S.A.	22%

2º.- A modificación da composición da UTE producirá efectos unha vez que se formalice en escritura pública. Deberá entregarse ao Concello unha copia da escritura pública de formalización no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao do seu outorgamento”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

8(858).- MODIFICACIÓN DO CONTRATO DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR (SAF). EXPTE. 241411/301.

Visto o informe de fiscalización do 07/10/2022, dáse conta do informe-proposta de data 04/10/2022, asinado pola xefa do Servizo de Contratación, a concelleira-delegada de Área e conformado pola titular de Asesoría Xurídica Municipal, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), no que non se opoña ao TRLCSP.
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPAC).
- Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997, do 22 xullo, de administración local de Galicia (LALGA).
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do servizo de axuda no fogar (SAF) (PCAP).
- Prego de prescricións técnicas para a contratación por procedemento aberto do servizo de axuda no fogar (SAF) (PPT).

ANTECEDENTES

Primeiro.- En data 2 de xullo de 2020 a Xunta de Goberno local (en adiante XGL) acordou aprobar o expediente de contratación, autorizar o gasto, e a apertura do procedemento de licitación para a contratación do servizo de axuda no fogar (SAF) (197921-301).

Segundo.- O 24 de setembro de 2020 a Xunta de Goberno local adoptou o seguinte acordo:

“Adxudicar a SERVISAR SERVICIOS SOCIALES, S.L.U. (CIF B-48.758.890) o procedemento aberto para a contratación do servizo de axuda no fogar (197.921-301) coas seguintes condicións:

a) O prezo total do contrato é de 23.189.492,97 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 891.903,57 euros e cunha porcentaxe única de redución do prezo unitario recollido no apartado 3.G do Anexo I -FEC- do PCAP do 7,20%.

b) Comprométese a adscribir ao contrato 4 axudantes de coordinación coa titulación esixida no apartado 7B do citado Anexo I.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.”



Concello de Vigo

Terceiro.- O contrato formalizouse en data 30 de novembro de 2020, por un prazo de 3 anos, iniciándose as prestacións o 1 de decembro de 2020. Contémpanse dúas prórrogas dun ano de duración cada unha.

Cuarto.- O 12 de setembro o Xefe da Área de Benestar Social, responsable do contrato, solicita unha modificación do contrato para asumir o aumento de horas/usuarios de SAF-dependencia concedidas pola Xunta de Galicia (Consellería de Política Social e Xuventude) e a demanda existente do servizo de persoas valoradas con Grao III e Grao II de dependencia.

Quinto.- Con data do 20 de setembro de 2022 a concelleira delegada de Contratación resolveu iniciar o procedemento para a modificación deste contrato. Esta resolución foi notificada ao contratista o 21 de setembro de 2022.

Sétimo.- Evacuado trámite de audiencia ao contratista, durante o prazo conferido para o efecto, manifestou a súa conformidade coa modificación proposta.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-I-

Lexislación aplicable

Resulta preciso determinar en primeiro lugar, a lexislación aplicable a este contrato. Os contratos réxense, en canto aos seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa duración e réxime de prórrogas, polo establecido no propio contrato e no prego de cláusulas administrativas particulares e pola lexislación vixente no momento no que foron celebrados (disposición transitoria primeira da LCSP), é dicir:

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), no que non se opoña á LCSP.

-II-

Da modificación dos contratos

A lexislación de contratos das Administracións públicas reconece ao órgano de contratación, entre outras prerrogativas, a de modificar os contratos por razóns de interese público, dentro dos límites e con subxección aos requisitos e efectos nela sinalados (artigos 203.1 LCSP e 114.1 TRRL con relación ás entidades locais), prerrogativa tamén reconecida con respecto a este concreto contrato na cláusula 2.5 do PCAP.

O órgano de contratación só poderá modificar os contratos cando así se previra nos pregos ou no anuncio de licitación, ou excepcionalmente, nos casos e cos límites establecidos no artigo 205 (artigo 203.2 LCSP).

É dicir, a Lei impón á Administración, á hora de redactar os pregos, a realización dun exame detallado dos eventuais cambios que puidesen producirse no ámbito do contrato durante a súa duración. Deste xeito, os licitadores poden analízalos con carácter previo á presentación das súas ofertas e telos en conta ao redactalas (artigo

204.1 LCSP). Evítase así conculcar os principios de igualdade, libre competencia, transparencia e publicidade que rexen no ámbito da contratación pública por imperativo das Directivas europeas en materia de contratación e nos artigo 1 e 132 do LCSP.

A Administración, en caso de optar por regular as posibles modificacións do contrato nos pregos, goza dunha ampla marxe de discrecionalidade, pois non está suxeita a límites cuantitativos nin cualitativos, como sucede coas modificacións non previstas no prego. Pola contra, esíxese unha relación detallada e precisa dos seguintes aspectos (artigo 204 LCSP):

- A cláusula de modificación deberá estar formulada de forma clara, precisa e inequívoca.
- No que respecta ao seu contido, a cláusula de modificación deberá precisar co detalle suficiente o seu alcance, límites e natureza; as condicións en que se poderá facer uso dela por referencia a circunstancias cuxa concorrencia se poida verificar de forma obxectiva; e o procedemento que se deba seguir para realizar a modificación.
- A cláusula de modificación establecerá que a modificación non poderá supor o establecemento de novos prezos unitarios non previstos no contrato.
- A modificación non poderá alterar a natureza global do contrato inicial.

Nesta liña, no caso que nos ocupa, o prego posibilita a modificación do contrato na cláusula 35 cando así se teña especificado no apartado 15.A das FEC. O referido apartado permite a modificación cando concorran as seguintes circunstancias (apartado 15.C da FEC):

- *“Incremento das horas de prestación do servizo.”*

Sinalando como aspectos a modificar *“o prezo do contrato”* e establecéndose como límite que a modificación non poderá superar o 20% do prezo de adxudicación do contrato (apartado 15.D da FEC). Non se contemplan especialidades do procedemento de modificación.

A modificación obxecto deste informe vén motivada pola necesidade de asumir o aumento de horas/usuarios de SAF-dependencia concedidas pola Xunta de Galicia (Consellería de Política Social e Xuventude) e a demanda existente do servizo de persoas valoradas con Grao III e Grao II de dependencia.

Informa ao respecto o servizo xestor con data do 12 de setembro de 2022:

“I. ANTECEDENTES

1.1. Logo do acordo de adxudicación da Xunta de Goberno Local do 24.09.2020, no mes de novembro de 2020 asinouse o contrato administrativo de servizos do “Servizo de Axuda no Fogar” (SAF) coa entidade mercantil «Servisar Servicios Sociales SLU» por un prezo de 23.189.492,97 €, IVE incl., e unha duración de tres (3) anos (Exp. nº 197921/301). A data fixada para o inicio da prestación foi o 01.12.2020.

1.2. Os contratos do sector público poderán modificarse por razóns de interese público cando así se teña previsto nos pregos ou no anuncio de licitación ou nos casos e cos límites establecidos na lei, debendo detallarse de xeito claro, preciso e inequívoco as condicións nas que poderá facerse uso da mesma, así como o alcance e límites das modificacións que poden acordarse, con expresa indicación da porcentaxe do prezo do contrato ó que como máximo poidan



Concello de Vigo

afectar e o procedemento que debe seguirse para o efecto (Arts. 203, 204 e ccdtes. LCSP).

I.3. En calquera caso, a modificación non poderá instrumentarse coa finalidade de adicionar prestacións complementarias ás inicialmente contratadas, ampliar o obxecto do contrato a fin de que poida cumprir finalidades novas non contempladas na documentación preparatoria do mesmo ou incorporar unha prestación susceptible de utilización ou aproveitamento independente.

II. INFORME XUSTIFICATIVO DA NECESIDADE DE MODIFICAR O CONTRATO DE SAF

II.1. No correspondente documento contractual o contratista, «Servisar Servicios Sociales SLU», prestou a súa aceptación expresa ós Pregos de prescricións técnicas (PPT) e cláusulas administrativas (PCAP) que rexeron o procedemento.

II.2. No PCAP (Apdo. 15 das FEC) preveíase, de acordo coa LCSP (Arts. 190, 191, 203, 204, 206 e ccdtes.), a posible modificación do contrato; en concreto, por incremento do número de horas de prestación do SAF. En todo caso, esa eventual modificación contractual non podería superar o 20% do prezo do contrato.

II.3. A prestación do SAF derívase da aplicación da Lei estatal de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia (L.39/2006), que implica na súa execución ás distintas Admóns. Públicas (estatal, autonómica e local) e atribúe as resolucións sobre o grao e nivel das persoas usuarias á Xunta de Galicia (Consellería de Política Social e Xuventude). Tamén é a Xunta de Galicia a que vai remitindo as correspondentes resolucións ó Concello para que inicie a prestación do servizo, incluíndo nas mesmas o número de horas a prestar ós/ás usuarios/as.

II.4. Este procedemento provoca situacións imprevistas sobrevidas e de evidente interese público por tratarse de servizos de atención no ámbito dos servizos asistenciais básicos que determinaron, xa cos anteriores contratos, o incremento sucesivo do número de horas de prestación do servizo e, polo tanto, tamén do gasto inicialmente previsto.

II.5. Neste sentido, o Subdirector Xeral de Dependencia e Valoración da Discapacidade da Consellería de Política Social da Xunta de Galicia remitiu o 17.12.2020 un correo electrónico á Concelleira de Política de Benestar Social (anexado co trámite n.º 6 ó Exp. n.º 241411/301), comunicándolle o incremento de 220.872 horas anuais de dependencia asignadas ó Concello de Vigo, acadando así un total de 650.832 horas anuais dispoñibles, polas que a Xunta liquidará e transferirá trimestralmente ó Concello de Vigo a razón de 11€/hora de servizo executado no ano 2022 e de 11,50€/hora de servizo executado no ano 2023.

II.6. Así as cousas, resulta necesario para o Concello de Vigo modificar o actual contrato para asumir ese maior gasto representado polo aumento de horas/usuarias de SAF-dependencia concedidas e a demanda existente do servizo de persoas valoradas con Grao III e Grao II de dependencia.

III. INCREMENTO DO PREZO DO CONTRATO - FINANCIAMENTO DO GASTO

III.1. Trátase dun contrato de servizos en función das necesidades da Administración, con orzamento máximo (Disp. Adic. 33ª LCSP e Apdo. 3.L] FEC). Estas necesidades están suxeitas ás continuas altas e baixas, temporais

ou definitivas, das persoas usuarias, o que unicamente permite facer unha estimación aproximada das mesmas.

III.2. En calquera caso, a estimación das necesidades actuais é a seguinte:

- Ano 2022: incrementaríase o orzamento en 1.617.887 €, correspondentes a un total de 96.937,50 horas.

- Ano 2023: incrementaríase o orzamento en 2.844.285,41€, correspondentes a un total de 170.418,53 horas.

III.3. Polo tanto, propónse incrementar o vixente contrato de SAF en 4.462.172,41€, o que supón un aumento do 19,24% do actual prezo do contrato (23.189.492,97€, IVE incl.), por debaixo do 20% que establece como máximo o PCAP.

III.4. O novo prezo do contrato sería, pois, de 27.651.665,38 €. O incremento sería aplicable unicamente ós dous últimos anos do contrato (01.12.2021 - 30.11.2022 e 01.12.2022 - 30.11.2023)

III.5. A efectos dunha posible prórroga o último ano de contrato (01.12.2022 - 30.11.2023) estímase un orzamento de 10.574.116,40€, correspondentes a 633.560 horas de servizo.

III.6. Todos eses incrementos de gasto financiaríanse con cargo á aplicación orzamentaria nº 2310.227.99.01 - "Prestación do Servizo de Axuda no Fogar (SAF)".

III.7. Tratándose dunha modificación do prezo do contrato, será necesario proceder ó reaxuste da garantía prestada, para que garde a debida proporción co novo prezo modificado, no prazo de 15 días desde a data en que se notifique ó contratista o acordo de modificación (Art. 109 e ccetes. LCSP).

IV. SOLICITUDE

En consecuencia e a teor do disposto no Acordo da XGL do 06.07.2017 polo que se aprobou o Documento de Instrucións para a planificación da contratación municipal (Exp. nº 5949/241; Apdo. 6º), solicítase dese Servizo de Contratación a tramitación á maior brevidade posible do expediente de modificación contractual do "Servizo de Axuda no Fogar" (SAF) nos termos anteriormente expostos."

Podemos concluir, á vista do citado informe que a modificación proposta:

- Está comprendida nos supostos previstos no PCAP toda vez que, debido á resolución da Xunta de Galicia (Consellería de Política Social e Xuventude) e a demanda existente do servizo de persoas valoradas con Grao III e Grao II de dependencia, resulta necesario incrementar o número de horas de prestación do servizo, modificando, polo tanto o prezo do contrato (apartados 15.B e 15.C da FEC).
- Supón un incremento do prezo do contrato de 4.462.172,41 euros, que equivale a un 19,24 % do prezo do contrato, polo tanto, atópase dentro do límite da porcentaxe máxima de modificación (20%), segundo o disposto no apartado 15.D da FEC.

Á vista do anterior, a modificación proposta está comprendida nos supostos de modificación previstos no PCAP (aspectos, circunstancias e límites).

Tal e como indica a responsable do contrato no citado informe, a modificación será aplicable unicamente aos dous últimos anos do contrato (01.12.2021-30.11.2022 e 01.12.2022-30.11.2023).



Concello de Vigo

-III-

Da concorrencia dos requisitos para a modificación do contrato

A potestade de modificación unilateral da Administración ou ius variandi, queda sometida a tres tipos de límites:

- Límites procedimentais: a previa audiencia do contratista (artigo 191.1 LCSP) e informe do Consello de Estado ou órgano consultivo equivalente da Comunidade Autónoma respectiva, no caso das modificacións non previstas no PCAP cando a súa contía, illada ou conxuntamente, sexa superior a un 20 por cento do prezo primitivo do contrato, cando este sexa igual ou superior a 6.000.000 de euros (artigo 191.3.b LCSP).
- Límites materiais: os contratos administrativos só poderán ser modificados por razóns de interese público, nos casos e na forma previstos na lei, ou no seu caso, no prego.
- Límites económicos: a obriga da Administración de compensar ao contratista pola alteración económica que a modificación lle supoña.

Respecto dos límites procedimentais, é preciso dar audiencia ao contratista, se ben non resulta necesario solicitar informe do Consello Consultivo de Galicia por canto a modificación está prevista no PCAP.

Respecto dos límites materiais, a modificación obedece a unha razón de interese público: o adecuado funcionamento dun servizo de atención enmarcado no ámbito dos servizos asistenciais básicos en base ao artigo 25.2.e) e 26.1.c) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e en aplicación da Lei estatal de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia (L.39/2006), que implica na súa execución ás distintas Administracións Públicas (estatal, autonómica e local) e atribúe as resolucións sobre o grao e nivel das persoas usuarias á Xunta de Galicia (Consellería de Política Social e Xuventude), sendo esta a que vai remitindo as correspondentes resolucións ao Concello para que inicie a prestación do servizo, incluíndo nas mesmas o número de horas a prestar ós/ás usuarios/as.

Respecto dos límites económicos, ao tratarse dun contrato de servizos é preciso compensar ao contratista respecto da alteración económica que esta modificación supón. Tal e como indica o citado informe do servizo xestor, a modificación ascende a 4.462.172,41 euros aplicable unicamente aos dous últimos anos do contrato (01.12.2021-30.11.2022 e 01.12.2022-30.11.2023), que se imputará á aplicación orzamentaria 2310.227.99.01 - "Prestación do Servizo de Axuda no Fogar (SAF).

Unha vez adoptado o acordo de modificación, este poñerá fin á vía administrativa e será inmediatamente executivo (artigo 114.3 TRRL). A modificación acordada será obrigatoria para o contratista e deberá formalizarse conforme ao disposto no artigo 153 LCSP e publicarse (artigo 203.3 LCSP).

Respecto á publicidade determina o artigo 207.3 que os órganos de contratación que tiveran modificado un contrato que estea suxeito a regulación harmonizada, a excepción dos contratos de servizos e de concesión de servizos enumerados no anexo IV, nos casos previstos nas letras a) e b) do apartado 2 do artigo 205 deberán publicar no Diario Oficial da Unión Europea (DOUE) o correspondente anuncio de modificación. Dado que o presente contrato trátase dun contratos de servizos dos

enumerados no anexo IV, non é necesaria a súa publicación no DOUE. No entanto, continúa o artigo 207.3 que cando se modifique un contrato durante a súa vixencia, con independencia de se este está ou non suxeito a regulación harmonizada e da causa que xustifique a modificación, deberá publicarse en todo caso un anuncio de modificación no perfil de contratante do órgano de contratación no prazo de 5 días desde a súa aprobación, que deberá ir acompañado das alegacións do contratista e de todos os informes que, de ser o caso, se soliciten con carácter previo á súa aprobación, incluídos aqueles achegados polo adxudicatario ou os emitidos polo propio órgano de contratación.

-IV-

Do reaxuste da garantía definitiva

O artigo 109.3 da LCSP determina que cando, como consecuencia dunha modificación do contrato, experimente variación o seu prezo, deberá reaxustarse a garantía, para que garde a debida proporción co novo prezo modificado. O reaxuste deberá realizarse no prazo de quince días contados desde a data en que se notifique ao empresario o acordo de modificación.

Neste caso, como estamos ante un suposto de modificación con custo económico procede o reaxuste da garantía definitiva depositada polo contratista.

-V-

Do cumprimento dos restantes trámites do procedemento de modificación

Examinada a concorrencia dos requisitos legais esixidos para o exercicio do ius variandi, resta cumprimentar os restantes trámites do procedemento para efectuar modificacións nos contratos administrativos que detalla o artigo 102 RLCAP: fiscalización do gasto correspondente e aprobación polo órgano de contratación. Procedemento ao que é preciso engadir os requisitos esixidos para as entidades locais no artigo 114.3 TRRL: previo informe da Secretaría e da Intervención da Corporación. Se ben as referencias á Secretaría, no caso do Concello de Vigo, ao ser un municipio de grande poboación rexido polo Título X da LBRL, hai que entendelas feitas ao titular da Asesoría Xurídica, en virtude do disposto na disposición adicional 2ª da LCSP, que lle atribúe todas as funcións asignadas pola lexislación sobre contratos das Administracións públicas aos secretarios con excepción da formalización dos contratos en documento administrativo.

-VI-

Recursos

Contra este acordo poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses, contado desde o día seguinte ao da notificación deste acordo.

Alternativamente, poderá interpoñerse, con carácter potestativo, recurso especial en materia de contratación ante o "Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia" no prazo de quince días hábiles contados a partir do seguinte ao da notificación deste acordo.

-VII-

Competencia

A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa



Concello de Vigo

calidade de órgano de contratación, previo informe da Asesoría Xurídica e da intervención municipais (artigo 114.3 TRRL apartados 3 e 8 da disposición adicional segunda da LCSP).

-VIII- Acordo

En base ao anterior, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **acordo**:

“1º.- Modificar o contrato de servizos do “Servizo de Axuda no Fogar” (SAF) (expediente 197921-301) nos termos sinalados neste informe. A modificación implica o incremento do número de horas de prestación do SAF.

2º.- A modificación supón un incremento do importe total do contrato de 4.462.172,41 euros (IVE incluído), que se desagrega nas seguintes anualidades:

- Ano 2022: incrementaríase o orzamento en 1.617.887 €, correspondentes a un total de 96.937,50 horas.*
- Ano 2023: incrementaríase o orzamento en 2.844.285,41€, correspondentes a un total de 170.418,53 horas.*

Aboarase con cargo á aplicación orzamentaria 2310.227.99.01 - “Prestación do Servizo de Axuda no Fogar (SAF). Esta modificación representa un 19,24 % do prezo do contrato. En consecuencia, atópase dentro do límite da porcentaxe máxima de modificación (20%), segundo o disposto no apartado 15.D da FEC.

3º.- Unha vez aprobado o acordo de modificación, o contratista deberá reaxustar a garantía definitiva, no prazo dos quince días seguintes á notificación do acordo e con carácter previo á súa formalización. O reaxuste supón un incremento da garantía de 214.527,52 euros.”

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

9(859).- SUBVENCIÓN A FAVOR DA ENTIDADE ORGANIZIA EVENTOGLOBAL S.L. EN RELACIÓN Á ORGANIZACIÓN DUNHA PROBA DO CAMPIONATO DE ESPAÑA/LIGA MAPFRE DE TENIS PRAIA E DÚAS PROBAS DO CTO. GALEGO DE VOLEI PRAIA. EXPTE. 21641/333.

Visto o informe xurídico do 26/09/2022 e o informe de fiscalización do 04/10/2022, dáse conta do informe-proposta de data 09/06/2022, asinado polo xefe do Servizo de Deportes, o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Con data 02/06/2022 o Concelleiro de deportes deu instrución para o inicio dun expediente de subvención por importe de 10.000,00€ a favor da entidade Organizia EventoGlobal S.L. pola organización dos eventos deportivos Campionato de España/Liga Mapfre de Tenis Praia

e dúas probas do campionato galego de Volei Praia, que terán a consideración de Trofeo Cidade de Vigo no entorno da Praia de Samil ó longo dos meses de xuño e xullo de 2022.

A actividade deportiva en Vigo no ámbito da competición deportiva ten unha transcendencia moi importante en relación ó interese que ten para Vigo ser acollidora de eventos deportivos do máis alto nivel competitivo.

Entre os obxectivos da Concellería de Deportes atopámonos con proxectos encamiñados ó fomento e promoción do deporte a través do apoio, difusión e axuda ás entidades organizadoras de eventos deportivos na cidade e a consolidación dos grandes proxectos deportivos que xera a Cidade de Vigo, como medio de promoción e difusión da cultura deportiva, posibilitando un maior achegamento a todos os cidadáns e todas as cidadás.

Atendendo a estas consideracións e obxectivos, a Xunta de Goberno Local aprobou, na sesión ordinaria do 27 de decembro de 2019 un “Plan de dinamización e desenvolvemento do deporte na cidade de Vigo”. Este plan, fundamentado entre outras cuestións na necesidade de instrumentar a xestión da participación do Concello de Vigo no desenvolvemento deportivo local, de mellorar o impulso do traballo de planificación ou de consolidar a Vigo como “cidade do deporte”, inclúe o desenvolvemento das liñas estratéxicas básicas de actuación.

Unha destas liñas básicas é a relacionada coa promoción, dinamización e apoio á actividade deportiva, que plantexa, entre outros, o obxectivo de dinamizar unha oferta deportiva ampla e diversa, optimizar os recursos destinados á promoción do deporte ou a promover a celebración de eventos deportivos na cidade.

Neste ámbito, e tal como está configurada a dinamización do deporte, o Concello de Vigo ten interese no fomento de propostas de subvención que permitan, a través do apoio institucional, o desenvolvemento de proxectos e eventos deportivos vinculados con criterios e principios relacionados co calendario deportivo que, pola súa propia estrutura, impiden ou limitan a capacidade para planificar unha determinada actuación cun gran período de tempo previo á súa celebración, xa que na maioría dos casos estes calendarios se configuran a partir de decisións de organismos nacionais ou internacionais cuxos tempos de xestión non coinciden cos tempos de xestión das administracións.

En relación co que vai dito, a entidade Organizia Eventoglobal S.L solicitou ó Concello de Vigo con data 27/05/2022 unha subvención en relación á proposta de celebración, na cidade de Vigo, dunha proba integrada no Campionato de España/Liga Mapfre de Tenis Praia e de dous probas integradas no Campionato Galego de Volei Praia, que terán ademais a consideración de Trofeos Cidade de Vigo, para as que conta coa exclusividade segundo se deriva das certificacións emitidas polas Federacións de ambas modalidades.

A entidade acredita documentalmente posuír os todos os dereitos deportivos, de execución, publicitarios e de comunicación do evento, e o seu proxecto fundamenta o interese xeral que supón para a cidade de Vigo, xa que contará con gran interese e nivel deportivo e unha ampla difusión en medios de comunicación.

O gasto global derivado da organización e desenvolvemento destes eventos deportivos segundo o presuposto presentado pola entidade organizadora ascenden a un total de 22.000,00 €, conforme ao programa e Presuposto de ingresos e gastos, recollidos como Anexos da documentación presentada pola entidade.



Concello de Vigo

Na devandita actividade a subvencionar e na subvención mesma concorren singulares circunstancias de interese público, xa que se trata dun proxecto de grande repercusión a nivel nacional e autonómico e que conta cunha ampla promoción da actividade deportiva, tendo en conta ademais que a entidade ostenta os dereitos de exclusividade da competición na cidade de Vigo tal como acredita na documentación da solicitude, circunstancia impide a convocatoria pública da subvención e xustifica a súa concesión directa.

A entidade será a responsable única da organización xeral dos eventos, e asumirá todos os gastos e responsabilidades en todos os ámbitos derivados da mesma.

O Gasto total que supón a organización do evento, segundo o orzamento de ingresos/gastos presentado pola entidade xunto coa solicitude de subvención, ascende a un total de 22.000,00€, e inclúe un ingreso previsto do Concello de Vigo por importe de 10.000,00€ en concepto de subvención.

A celebración destes eventos deportivos na cidade de Vigo supoñen un valor moi importante para a promoción do deporte vigués xa que posibilita a consolidación de Vigo como "Cidade do deporte".

O obxectivo da colaboración entre entidades e institucións responde ó desexo de xerar proxectos comúns, que propicien actuacións prioritarias na búsqueda da potenciación de sinerxías no ámbito social, do cal destacamos:

- 1) Promoción da marca Vigo como cidade do deporte.
- 2) Atracción de proxectos que supoñan a consolidación do tecido produtivo na súa relación do deporte.
- 3) O impulso dunha oferta deportiva de calidade no ámbito dos eventos deportivos.
- 4) Dinamizar propostas de interese de deporte-espectáculo de alto nivel.

Este proxecto de colaboración fundaméntase nos seguintes obxectivos:

- Contribuír a que os e as deportistas vigueses mais xóvenes teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendemento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.
- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, conten con eventos deportivos visibles no seu entorno que potencien a práctica deportiva.
- Contribuír á promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional e consolidación de Vigo como "Cidade do Deporte"

A participación neste proxecto enmárcase dentro das competencias que teñen os municipios conforme establece a Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade de Administración Local, en concordancia co establecido na Lei 5/2004, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, que determina que o "*Municipio, para a xestión dos seus intereses e do ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal.*" e que "*...exercerá en todo caso como competencia propia, a promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre*".

Ante estes aspectos, considérase fundamentada a necesidade de estudar e propoñer un marco de relación entre ambas entidades, xa que de forma xeral o desenvolvemento deste proxecto deportivo considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo, e que motiva a proposta de tramitación dunha proposta de subvención orientada, entre outras cuestións, a favorecer a consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo.

A lexislación aplicable, para esta proposta, é a que sinala o artigo 5 la LXS, que se refire o réxime xurídico das subvencións, do que resulta a seguinte normativa configuradora do réxime xurídico destas subvencións: Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, co carácter básico e supletoria que resulta da súa disposición final primeira; a normativa autonómica sobre subvencións Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, as Bases de execución dos vixentes orzamentos do Concello de Vigo; Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno; as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Así mesmo, será de aplicación o establecido na Lei 15/2014, de 16 de setembro, de Racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa, que modifica o contido da Base de datos Nacional de Subvencións (BDNS) que se contempla no apartado 20.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, que establece que o contido da información en materia de subvencións e axudas públicas deber ser obxecto de publicación no portal de transparencia dos Concellos con indicación do seu importe, obxectivo ou finalidade e beneficiarios, e que regula no apartado 20.8 o contido que se debe publicar a través do sistema Nacional de Publicidade das Subvencións, e que entrou en vigor o 1 de xaneiro de 2016, e a Resolución de 10 de decembro de 2015 da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións, que regula o rexistro das convocatorias de subvencións e axudas públicas na Base de Datos Nacional de Subvencións, que establece que *“Naquelas subvencións ou axudas públicas nas que non sexa preceptiva a convocatoria, o órgano concedente rexistrará na BDNS os datos estruturados inmediatamente despois de que se publique a disposición reguladora se se trata de subvencións ou axudas con destinatarios indeterminados, ou no momento da concesión, no resto dos casos”*.

Considérase que a celebración deste evento deportivo ten un claro carácter de interese público e social para a cidade de Vigo, o que fundamenta a súa tramitación a través dunha subvención directa, consonte co artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia e a súa concesión canalízase a través dunha proposta de resolución cuxo texto se somete a aprobación.

A entidade terá a obriga de presentar a documentación para a xustificación da subvención, no prazo comprendido entre a aprobación da proposta e como máximo ata o 15 de Novembro de 2022.



Concello de Vigo

A tramitación do pago da subvención realizarase, unha vez que a entidade beneficiaria presente axeitadamente a documentación xustificativa, a partir do día seguinte da finalización do evento deportivo.

Por todo o exposto propónse a Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO: Aprobar a proposta de resolución de concesión dunha subvención a favor de Organizia EventoGlobal S.L., CIF: B36915585 pola organización dunha proba do Campionato de España/Liga Mapfre de Tenis Praia e dúas probas do campionato galego de Volei Praia, que terán a consideración de Trofeo Cidade de Vigo de acordo coas condicións e compromisos que se detallan como anexo no presente expediente.

SEGUNDO: Autorizar e dispoñer o gasto de 10.000,00€. a favor da entidade Organizia Evento Global S.L co CIF: B.36915585 e enderezo social na rúa Avda de Samil, 99,-2, en Vigo, segundo resulta da documentación presentada e vinculada co expediente do expediente núm. 21641-333. Este crédito é con cargo á partida 3410.470.00.00 do vixente orzamento.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ANEXO: CONDICIÓN E COMPROMISOS VINCULADOS COA PROPOSTA DE SUBVENCIÓN A FAVOR DE ORGANIZIA EVENTO GLOBAL S.L. EN RELACIÓN Á CELEBRACIÓN DUNHA PROBA DO CAMPIONATO DE ESPAÑA/LIGA MAPFRE DE TENIS PRAIA E DÚAS PROBAS DO CTO. GALEGO DE VOLEI PRAIA-TROFEOS CIDADE DE VIGO.

I.-O obxecto da proposta é colaborar no desenvolvemento na cidade de Vigo dunha proba do Campionato de España/Liga Mapfre de Tenis Praia e de dous campionatos Galegos de Volei Praia, organizados por Organizia Evento Global S.L., que ostenta os dereitos de organización e representación en exclusiva dos Eventos deportivos, tal como acredita na documentación presentada no Concello de Vigo.

A entidade organizadora plantexou a celebración na cidade de Vigo dunha proba do Campionato de España/Liga Mapfre de Tenis Praia e de dous campionatos Galegos de Volei Praia, uns importantes proxectos deportivos que converteron á cidade de Vigo, durante a súa celebración, nun importante centro de atención en ambas modalidades.

Na subvención mesma concorren singulares circunstancias de interese público, como o feito de que se trate dun proxecto de grande repercusión a nivel nacional e autonómico, que contén cunha ampla promoción da actividade deportiva e o altísimo nivel deportivo da competición, coa participación na cidade de moitos dos e das mellores deportistas do país.

Ademais, o desenvolvemento deste proxecto deportivo considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo, e contribúe á consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo, o que supón un gran valor de carácter público e social.

O Campionato de España Mapfre de Tenis Playa-Trofeo Cidade de Vigo, avalado polo selo da Federación Española de Tenis e a Federación Galega de Tenis, está considerado como un dos máis relevantes da modalidade, e atrae a participación de 60 das mellores parellas de deportistas da modalidade, que se atopan no ránking nacional, entre os que se atopan xogadores do nivel internacional.

O evento converte a praia de Samil, durante a súa celebración, na capital nacional desta modalidade deportiva atraendo a atención de numeroso público e unha relevante presenza en medios de comunicación.

Por outra banda, as dúas probas integradas no Campionato Galego de Volei Praia son os eventos máis destacados a nivel autonómico na modalidade. Nestas probas participan as mellores parellas do circuíto galego, alcanzando un alto nivel deportivo e sendo de gran atractivo para os siareiros.

Estas dúas probas acollen a participación de 60 das mellores parellas da modalidade autonómica.

II.-A entidade Organizia Evento Global S.L. organiza unha proba do Campionato de España/Liga Mapfre de Tenis Praia e de dous campionatos Galegos de Volei Praia que supoñen un valor moi importante para a promoción deportiva e turística da cidade de Vigo, o que lle confire un valor único e de carácter excepcional, tendo ademais unha importante repercusión mediática e social de enorme valor.

O evento deportivo reúne os e as mellores deportistas do país durante a celebración de ambas actividades, celebrándose case 400 partidos en total e xerando un alto grado de expectación ao redor, para un evento de acceso gratuito, e que supón un espectáculo deportivo de enorme nivel competitivo e espectacularidade, e cunha importante repercusión nos medios de comunicación.

Súmase a isto, o compoñente social e o valor promocional do deporte deste nivel. Considérase que a organización de este evento permite reforzar o compromiso coa sociedade e dar a coñecer o público das posibilidades de organización destes eventos deportivos, e tendo a oportunidade de incrementar o número de afeccionados e deportistas, coa repercusión mediática nos medios de comunicación, enlaces web, redes sociais, ademais de mostrar a Vigo como destino turístico-deportivo, destacando, como valor promocional engadido, os máis de 16.000 alcances en Facebook, os máis de 41.000 en Instagram, ou a presenza da imaxe promocional do evento no diario Faro de Vigo, que superou as 93.000 impresións no pico máis destacado.

III.-A entidade Organizia Evento Global S.L. non está incursoa en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente núm 21641-333.

COMPROMISOS:

Primeiro.- A entidade Evento Global Organizia S.L. colabora coa Concellería de Deportes do Concello de Vigo no fomento, promoción e difusión do deporte e da cultura deportiva, e concretamente a:

1º.- Organiza unha proba do Campionato de España/Liga Mapfre de Tenis Praia e de dous campionatos Galegos de Volei Praia, coa consideración de Trofeos Cidade de Vigo,



Concello de Vigo

obxecto da subvención, asumindo a responsabilidade única no mesmo e garantindo os medios materiais e humanos necesarios para tal fin, cumprindo cos obxectivos e actividades detalladas no proxecto.

2º.- Debe asumir todos os gastos derivados da organización do evento deportivo.

3º.- Debe garantir a instalación e equipamentos axeitados ao proxecto contando coas homologacións e permisos necesarios.

4º.- Debe obter todos os permisos e autorizacións necesarios para a realización das actividades.

5º.- Debe publicitar de xeito adecuado as actividades recollidas na programación. En todos os casos figura a imaxe institucional do Concello de Vigo, como colaborador do evento deportivo.

6º.- Responsabilízase fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento do evento deportivo, asumindo a contratación dunha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se poida producir en relación ao desenvolvemento do evento.

7º.- Debe asegurarse de que en todas as comunicacións, informacións, páxinas web, redes sociais, vinculadas a dinamización, difusión ou organización do evento deportivo, aparece a imaxe institucional do Concello de Vigo.

8º.- Debe invitar ó Concello de Vigo a participar de forma activa na entrega dos premios principais do evento deportivo e á presentación, clausura e demais actos institucionais vinculados co mesmo.

9º.- Debe garantir que en todas as actividades que se desenvolvan vinculadas co evento deportivo, con independencia dos patrocinios, figura nun lugar visible a imaxe institucional do Concello de Vigo, e concretamente:

- Nos actos de presentación, clausura e demais actos públicos.
- Nas zonas centrais e de máxima visibilidade na zona de xogo, espazo deportivo ou nos arcos de saída ou chegada se os houbera.
- Na páxina principal da WEB da entidade e do evento deportivo, así como en todas as comunicacións oficiais, documentación, entradas (se as houbera), lonas de publicidade ou carteis promocionais.

10º.- Debe realizar unha memoria do evento deportivo, con resultados, colaboracións, clasificacións, actos, fotografías que inclúan a imaxe institucional durante o desenvolvemento do evento, etc...

11º.- Debe, en xeral, cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei de Galicia 9/2007.

12º.- Debe atender ás obrigas establecidas na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

13º.- Debe atender as medidas sanitarias e protocolos de saúde vixentes en relación co Covid-19.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

Conceder directamente á entidade Evento Global Organizia S.L. unha subvención por importe de 10.000,00€ con cargo á partida orzamentaria 3410.470.00.00 do orzamento en vigor mediante transferencia bancaria á conta facilitada pola entidade co obxecto de coadxuvar ó financiamento das actividades vinculadas ca organización dunha proba do Campionato de España/Liga Mapfre de Tenis Praia e de dous campionatos Galegos de Volei Praia, que terán a consideración de Trofeos Cidade de Vigo. A tramitación do pago da subvención realizarase, unha vez que a entidade beneficiaria presente axeitadamente a documentación xustificativa, a partir do día seguinte á celebración do evento deportivo.

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- De conformidade co artigo 32.2 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións a achega municipal configúrase como un importe certo, entendendo que queda por conta do beneficiario a diferenza de financiamento necesario para a total execución da actividade subvencionada, debendo ser reintegrado en tal caso o financiamento público unicamente polo importe que rebase o custo total da actividade.

A comunicación desta circunstancia ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Quinto.- A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

Sexto.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ó financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a inclusión, segundo xa vai dito, da imaxe institucional do Concello de Vigo en calquera actividade ou evento relacionado co obxecto da subvención, na cartelería, web e demais material gráfico elaborado ao efecto.

Sétimo.- A beneficiaria deberá xustificar no prazo comprendido entre a aprobación do expediente pola Xunta de Goberno Local e o 15 de novembro de 2022 o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar, tal como establece o artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, de xeito exclusivo a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na mesma, unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos polo importe da subvención recibida; os xustificantes de pago polo importe da subvención dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.



Concello de Vigo

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos polo importe da subvención.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de euros.

Os xustificantes acreditativos dos gastos vinculados ó proxecto da subvención cumprirán as seguintes especificades:

- As facturas deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán aquelas facturas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Nos documentos xustificativos dos gastos incorridos, non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ó proceso de xustificación determinado na proposta de subvención.

- Atendendo á especificade da actividade deportiva, aqueles gastos relacionados con arbitaxes, taxas oficiais das federacións deportivas, e outros conceptos análogos poderán ser xustificadas a través de documentos orixinais (certificados de ingreso nas federacións, documentos de gasto de arbitaxes, documentos de pago de premios deportivos, gastos de desprazamento de xogadores, técnicos, etc.) emitidos polas Federacións que recolla adecuadamente, os datos fiscais das partes, as aportacións económicas, as retencións obrigatorias de ser o caso, e demais datos que xustifiquen o valor probatorio do gasto en base a eficacia administrativa do mesmo.

- En relación á xustificación do pago de usos das instalacións deportivas municipais do Concello de Vigo será suficiente o documento orixinal emitido polo servizo de deportes, acreditativo dos ingresos por estes conceptos.

Oitavo.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro ó Art.31.7.e da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

Noveno.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen para a organización dunha proba do Campionato de España/Liga Mapfre de Tenis Praia e de dous campionatos Galegos de Volei Praia.

Tal como establece o art. 29.7 da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia, serán gastos subvencionables, ademais, os “gastos financeiros” da entidade directamente relacionados coa actividade subvencionada e resulten indispensables, establecéndose un límite dos gastos financeiros subvencionables ata un 1% do importe da subvención.

Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na Lexislación de Contratos del Sector público para o contrato menor, o beneficiario deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, agás que por as súas especiais características non exista no mercado suficientes.

Décimo.- A axeitada xustificación, a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Deportes. O xefe do servizo de Deportes emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo primeiro.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Deportes e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo segundo.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Décimo terceiro.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire esta proposta de subvención e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas

Décimo cuarto.- A vixencia da proposta abarca o período comprendido entre a aprobación do expediente en Xunta de Goberno Local e ata o 15 de Novembro de 2022 co obxecto de proceder á tramitación da xustificación da mesma.

Décimo quinto.- A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei orgánica 3/2018, do 13 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

Décimo sexto.- A concesión da subvención obxecto da presente proposta rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polas condicións e compromisos que se conteñen nesta proposta; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.



Concello de Vigo

Así mesmo, rexeráse polo establecido no capítulo VI do título preliminar da Lei 40/2015, de o 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Derivado da súa natureza administrativa, as cuestións litixiosas que puidesen xurdir durante a súa execución serán sometidas ao coñecemento dos Xulgados e Tribunais da Orde Xurisdiccional Contenciosa-Administrativo, de conformidade coa Lei 29/1998, de o 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición.

Décimo sétimo- Publicarase a concesión da subvención no portal de transparencia do Concello de Vigo e comunicarase á Base de Datos Nacional de Subvencións para os efectos de dar cumprimento ao disposto nos artigos 18 da LXS e 8.1 c) da Lei 19/2013 de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

Décimo oitava.- O mecanismo de seguimento, vixilancia e control da execución desta proposta establécese en base as memorias e informes que presente a entidade solicitante e a información da que dispoña o persoal técnico do Servizo de Deportes, das actividades realizadas. Este mecanismo resolverá os problemas de interpretación e cumprimento que se poidan plantexar.

Décimo novena.- En canto as consecuencias aplicables en caso de incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por cada unha das partes, estableceranse ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire esta proposta e procedemento para a súa apreciación e imposición, no disposto no Título IV da Lei de Galicia 9/2007 e na Lei 39/2015.

10(860).- RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA ESPECÍFICA PARA A CONCEPCIÓN DE SUBVENCIÓNS A ENTIDADES DEPORTIVAS DE VIGO EN RELACIÓN Á SÚA ACTIVIDADE DEPORTIVA DA TEMPADA 2021-2022. EXPTE. 21233/333.

Visto o informe xurídico do 29/09/2022 e informe de fiscalización do 06/10/2022, dáse conta do informe-proposta de data 28/09/2022, asinado polo xefe do Servizo de Deportes, o adxunto á xefatura do Servizo de Deportes e polo concelleiro-delegado de Área, que di o seguinte:

Co obxecto de dar continuidade á tramitación do expediente nº 21233/333 sobre a resolución da a Convocatoria de subvencións a entidades deportivas sen ánimo de lucro pola súa actividade na tempada deportiva 2021/2022, e atendendo á detección dun erro material, procedeuse a modificar a avaliación realizada polo órgano colexiado e á modificación da proposta que a continuación se detalla:

1. Modificouse o Nº de licencias femininas da entidade Club Billar Manhattan (21436/333), sendo o nº correcto de licencias 43, e non 46 como constaba na avaliación inicial. Esta cuestión modifica a súa puntuación e o importe da subvención proposta, quedando a mesma tal como se detalla a continuación:

	Licencias Femininas	Puntos Lic. Femininas	Importe final da subvención proposta

Proposta inicial	46	3	3.500,00€
Proposta definitiva modificada	43	2	3.021,63€

2. A modificación da puntuación e do importe da entidade pasa de ser de 3.021,63€, afectando ademais este cambio ó resto de importes da proposta de resolución por afectar ó valor do punto:

	Total puntos	Valor punto	Importe total resolución
Proposta inicial	1.573	603,94€	915.181,62€
Proposta definitiva modificada	1.572	604,33€	915.181,18 €

Polo exposto, procédese á modificación da proposta considerando e atendendo a observación detallada:

I- ANTECEDENTES:

Vista a proposta do 27 de xullo de 2022 da comisión de avaliación modificada con data 23 de setembro de 2022 (Órgano Colexiado de Avaliación) composta polo Concelleiro de Deportes D. José Manuel Fernández Pérez, polo Xefe do servizo de deportes-Director deportivo, e o Adxunto do xefe do servizo-director técnico, como secretario, e consonte o establecido na cláusula 14ª das bases que regulan esta convocatoria, este técnico procede a realizar a proposta á Xunta de Goberno local en base á análise realizada pola dita comisión de avaliación.

Na cláusula 8ª das bases da convocatoria establécese que a o importe destinado ás subvencións distribuírse entre tódalas entidades deportivas que, por reunir os requisitos esixidos para ser beneficiario, sexan admitidas a participar no procedemento tendo en conta os criterios e baremos que figuran na cláusula 7ª das mesmas, na que se detalla que os datos a puntuar corresponderán ás actividades da tempada 2021-2022, ou no ano 2022 de ser o caso, sobre un máximo de 86 puntos, establecéndose do seguinte xeito:

a) Actividades xeral da entidade solicitante:

a.1. Relevancia do proxecto e da entidade deportiva no ámbito da cidade: Valorarase de forma xeral o proxecto, con ata 20 puntos, sempre que este reúna as condicións mínimas para que sexa técnica e economicamente viable e tendo en conta os seguintes criterios:

- Desenvolvemento dun programa de deporte de base, no que se terá en conta o seu volume total, o volume en relación a proxectos similares da modalidade, e en relación ós proxectos de deporte de base do resto de modalidades.
- Volume porcentual de licencias con respecto ás da modalidade na cidade, e con respecto ó total de licencias deportivas en Vigo.
- Nivel competitivo das competicións nas que participan as entidades nas fases regulares da tempada.
- Ámbito territorial (Provincial, autonómico, nacional ou internacional) das competicións nas que participa a entidade nas fases regulares da tempada deportiva.
- Desenvolvemento de proxectos, programas e/ou accións paralelas á actividade deportiva principal da entidade vinculados co deporte e a discapacidade, o deporte e



Concello de Vigo

a igualdade, ou o deporte e a inclusión de colectivos vulnerables.

a.2. Organización de eventos deportivos que colaboren co sistema deportivo local. Valorarase un só evento por entidade.

A valoración deste criterio será incompatible con outras subvencións outorgadas polo Concello de Vigo

Para ser tido en conta, o proxecto deberá obter, como mínimo, 2 puntos no apartado de acordo cos criterios indicados de valoración.

Valoraranse de forma xeral os proxectos, con ata 20 puntos, sempre que estes reúnan as condicións mínimas para que se consideren técnica e economicamente viables e tendo en conta os seguintes criterios:

- Volume de participación.
- Nivel deportivo da competición.
- Oficialidade da competición (Incluída no calendario oficial da federación)
- Ámbito territorial da competición (Internacional, Nacional, autonómico, provincial ou local).
- Antigüidade do proxecto.
- Atención ó deporte feminino.
- Atención ó deporte adaptado.
- % de financiamento privado.

b) Promoción do deporte base:

b.1. Número total de licencias (Masculinas e femininas) ata categoría previa á absoluta incluída. Ata 22 puntos

Volume total de licencias ata a categoría previa á absoluta e puntuación (*excepto Actividades subacuáticas, Bádminton, Golf, Hípica, Judo, Karate, Montañismo, Pádel, Surf, Taekwondo e Tenis).

- 1 punto: De 10 a 30 licencias.
- 2 puntos: De 31 a 50 licencias.
- 4 puntos: De 51 a 100 licencias.
- 5 puntos: De 101 a 150 licencias.
- 8 puntos: De 151 a 200 licencias.
- 10 puntos: De 201 a 250 licencias.
- 12 puntos: De 251 a 300 licencias.
- 14 puntos: De 301 a 350 licencias.
- 16 puntos: De 351 a 400 licencias.
- 18 puntos: De 401 a 450 licencias.
- 22 puntos: >450

Volume total de licencias de base ata a categoría previa á absoluta e puntuación para Actividades subacuáticas, Bádminton, Golf, Hípica, Judo, Karate, Montañismo, Pádel, Surf, Taekwondo e Tenis:

- 1 punto: De 50 a 100 licencias.
- 2 puntos: De 101 a 450 licencias.
- 3 puntos: De 451 a 650 licencias.
- 4 puntos: De 651 a 999 licencias.

- 5 puntos: De 1.000 a 1.200 licencias.
- 7 puntos: De 1.201 a 1.300 licencias.
- 9 puntos: De 1.301 a 1.400 licencias.
- 12 puntos: De 1.401 a 1.500 licencias.
- 15 puntos: De 1.501 a 2.000 licencias.
- 22 puntos: > de 2.000 licencias.

b.2. Número de licencias de categoría feminina: Ata 6 puntos

Volume de licencias femininas e puntuación (*excepto Actividades subacuáticas, Bádminton, Golf, Hípica, Judo, Karate, Montañismo, Pádel, Surf, Taekwondo e Tenis).

- 1 punto: De 15 a 30 licencias.
- 2 puntos: De 31 a 45 licencias.
- 3 puntos: De 46 a 60 licencias.
- 4 puntos: De 61 a 75 licencias.
- 5 puntos: De 76 a 90 licencias.
- 6 puntos: >90 licencias.

Volume de licencias femininas e puntuación para Actividades subacuáticas, Bádminton, Golf, Hípica, Judo, Karate, Montañismo, Pádel, Surf, Taekwondo e Tenis:

- 1 punto: De 45 a 150 licencias.
- 2 puntos: De 151 a 300 licencias.
- 3 puntos: De 301 a 400 licencias.
- 4 puntos: De 401 a 450
- 4 puntos: De 451 a 500
- 6 puntos: >500 licencias.

c) Deporte e discapacidade: 3 puntos.

Outorgaranse 3 puntos ós proxectos deportivos de entidades deportivas federadas cuxo fin estea orientado fundamentalmente ó deporte adaptado, e que cumpran cos requisitos da convocatoria.

d) Gastos en aluguer de instalacións deportivas municipais en concepto de aluguer de instalación para adestramentos e competicións deportivas. Ata 15 puntos

A entidade solicitante recibirá un punto, ata un máximo de 15, por cada 600,00€ de gasto en aluguer de instalacións deportivas municipais realizados no ano 2021. O Concello comprobará de oficio o gasto efectivo realizado polas entidades solicitantes.

- 1 punto por cada 600,00€ de gasto acreditado.

Os datos a puntuar corresponderanse coas actividades desenvolvidas na tempada 2021/2022, ou en calquera caso, no ano 2022 nas modalidades cuxa tempada deportiva se corresponda co ano natural.

A esta convocatoria presentáronse un total de 193 solicitudes, das que se admitiron definitivamente 191 e rexeitáronse 2 por diferentes motivos segundo se detalla no anexo II. Da avaliación realizada polo órgano Colexiado (cláusula 14ª das bases da convocatoria) en base ós criterios de avaliación e baremos establecidos na cláusula 7ª das bases, obtense



Concello de Vigo

que a suma das puntuacións acadadas polo total de entidades solicitantes é de 1572 puntos.

Tendo en conta que o importe total da convocatoria é de 950.000,00€, o valor unitario de cada punto se concreta en 604,33€.

Non obstante, o importe que inicialmente corresponde a algunhas das entidades solicitantes en base ó valor unitario do punto, supera o solicitado por estas, o que provoca un axuste á baixa na subvención proposta inicialmente para elas.

A comisión de valoración das solicitudes acredita que da información que ten no seu poder o instrutor se desprende que os beneficiarios cumpren os requisitos necesarios para acceder ás subvención tal e como esixe o artigo 21.6 da Lei 9/2007.

A comisión de valoración das solicitudes presentadas certifica ademais que os documentos acreditativos de estar ao corrente coa Seguridade Social, a facenda autonómica e a AEAT, solicitados e presentados polas entidades solicitantes están vixentes no momento da súa revisión.

No anexo I relaciónanse os importes propostos correspondentes a cada unha das entidades solicitantes de subvención admitidas no proceso.

Nas bases da convocatoria, se esixe que as entidades solicitantes certifiquen o número de licencias por categoría. Na comprobación de este concepto utilizáronse os certificados emitidos polas Federacións Deportivas de cada modalidade.

Por outra banda, as bases da convocatoria establecen que as entidades que soliciten subvencións superiores a 3.000,00€ acrediten mediante a presentación de certificados oficiais, estar ao corrente de pagos coa a Facenda autonómica autorizando ó Concello a comprobar este dato coa Seguridade Social, a AEAT e o Concello de Vigo. Da mesma forma, as bases da convocatoria establecen que as entidades que soliciten subvencións por importe inferior a 3.000,00€, poden acreditar que non teñen débedas coas administracións públicas mediante a presentación dunha declaración responsable. A comisión avaliadora constatou, e así o certifica na súa avaliación de 27 de xullo de 2022, a validez destes certificados e declaracións no momento da súa revisión.

As entidades solicitantes da subvención declaran que todos os datos reflexados na solicitude son certos e se axustan á realidade. Cómpre ter en conta na responsabilidade na que incorrerían as entidades no caso de falsear os datos na solicitude.

No apartado de Organización de actividades e competicións deportivas que colaboren co sistema deportivo local, avaliáronse os datos referentes á importancia e repercusión da actividade ou competición, a participación, e a súa relevancia no desenvolvemento do sistema deportivo local.

No anexo I relaciónanse os importes das subvencións propostas para cada unha das entidades solicitantes admitidas. Estes importes están definidos polo produto dos puntos acadados por cada entidade e o valor unitario do punto. Na avaliación realizada polo órgano Colexiado (cláusula 14ª das bases da convocatoria) en base ós criterios de avaliación e baremos establecidos na cláusula 7ª das bases, obtívose que a suma das puntuacións acadadas polo total de entidades solicitantes foi de 1.572 puntos. Tendo en conta que o

importe total da convocatoria é de 950.000,00€, o valor unitario de cada punto se concreta en 604,33€.

Non obstante, o importe que inicialmente corresponde a algunhas das entidades solicitantes en base ó valor unitario do punto, supera o solicitado por estas, o que provoca un axuste á baixa na subvención proposta inicialmente para elas.

Por todo o dito anteriormente, propónse á Xunta de Goberno Local adopte o seguinte acordo:

1. Distribuír as subvencións entre os clubs relacionados segundo consta no Anexo I, por un importe total de 915.181,18€, con cargo á partida orzamentaria 3410.489.00.00. do orzamento do 2022, correspondentes á resolución da Convocatoria de subvencións a entidades deportivas pola súa actividade na tempada 2021-2022.
2. Rexeitar as solicitudes das seguintes entidades pola seguintes causas:
 - Por non subsanar a documentación presentada consonte co establecido no artigo 20.5 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no artigo 68 da Lei 39/2015, de 1 de outubro de procedemento Administrativo Común e na base 12ª.

ENTIDADE	CIF	EXPTE.
ESCUELA DEPORTIVA JESÚS PENAS	G27809276	21517-333

- Por non cumprir o requisito establecido na base 5ª.4 de ter un mínimo de 10 licencias vixentes na tempada 2021/2022 ou no ano 2022:

ENTIDADE	CIF	EXPTE.
CLUB DEPORTIVO ATLANTIGAS	G27867571	21532-333

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ANEXO I: LISTADO DEFINITIVO DE ENTIDADES E SUBVENCIONS ACADADAS POLAS MESMAS NA "CONVOCATORIA ESPECÍFICA PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIONS A ENTIDADES DEPORTIVAS DE VIGO EN RELACIÓN Á SÚA ACTIVIDADE DEPORTIVA DA TEMPADA 2021-2022.

	Nº EXPTE	ENTIDADE	CIF	TOTAL PUNTOS	Importe Subvención
1	21446-333	AGRUPACIÓN VIGUESA ATLETISMO	G36645109	21	12.690,84 €
2	21544-333	C.A.R MARISQUEIRO	G27737477	3	1.812,98 €
3	21539-333	CLUB VETERANOS SAMIL	G36841906	3	1.812,98 €
4	21486-333	COMESAÑA SPORTING CLUB	G36645257	19	11.482,19 €
5	21474-333	CSCR BEADE	G36904530	6	3.625,95 €
6	21551-333	SD ATLETISMO SAN MIGUEL DE OIA	G36645018	9	5.438,93 €
7	21437-333	CLUB BADMINTON CIES	G36827418	8	4.000,00 €



Concello de Vigo

	Nº EXPTE	ENTIDADE	CIF	TOTAL PUNTOS	Importe Subvención
8	21398-333	CLUB BALONCESTO SALESIANOS	G36875391	23	9.000,00 €
9	21430-333	CLUB BALONCESTO SEIS DO NADAL	G36942142	51	30.000,00 €
10	21541-333	CLUB NOVOBASKET VIGO	G27791474	8	4.834,61 €
11	21399-333	C.B. SAN JOSE DE LA GUIA	G36756831	3	1.812,98 €
12	21384-333	AGRUPACION GALICIA SOCIAL	G36622934	10	6.043,26 €
13	21491-333	CLUB BALONMÁN SEIS DO NADAL	G36948115	35	21.151,40 €
14	21485-333	CLUB BALONMANO RECONQUISTA DE VIGO	G27871375	17	10.273,54 €
15	21436-333	CLUB BILAR MANHATTAN	G27852011	5	3.021,63 €
16	21502-333	CLUB BILLARISTA ERRANTES	G27825322	1	604,33 €
17	21467-333	CLUB BOLOS VALLADARES SAN BARTOLOME	G27738962	3	1.812,98 €
18	21455-333	CLUB POLIDEPORTIVO SAUDADE	G36662344	3	1.812,98 €
19	21402-333	CLUB DEPORTIVO SAGABOX	G36987626	4	2.417,30 €
20	21504-333	REBOURAS TEAM	G27812650	6	3.625,95 €
21	21521-333	+ENDURO	G27796556	1	604,33 €
22	21497-333	CLUB CICLISTA BICI VERDE	G36814515	3	1.812,98 €
23	21499-333	CLUB CICLISTA CORUXO	G27710730	6	3.625,95 €
24	21453-333	CLUB CICLISTA TEIS	G36754323	6	3.625,95 €
25	21496-333	CLUB CICLISTA VIGUES	G36650885	22	13.295,17 €
26	21366-333	CLUB PEÑA CICLOTURISTA TRAVIASAS	G36703213	1	604,33 €
27	21434-333	AGRUPACION DEPORTIVA SODIM	G27727965	4	2.417,30 €
28	21560-333	AGRUPACION SOCIO DEPORTIVA ALTER-NATIVA	G27776459	4	2.417,30 €
29	21386-333	ASOC.PLAYA DE SAMIL	G36918084	4	2.000,00 €
30	21526-333	ASOCIACION DEPORTIVA MENELA	G36817575	5	2.000,00 €
31	21542-333	CLUB DEPORTIVO SAN RAFAEL	G36814093	4	2.417,30 €
32	21464-333	CLUB MINAUTA	G36834240	4	2.417,30 €
33	21494-333	CLUB POLIDEPORTIVO ASPANAEX	G36819779	4	2.417,30 €
34	21559-333	CLUBE SALADINO CORTIZO	G36836716	5	1.800,00 €
35	21423-333	CLUB ESGRIMA DE VIGO	G36869873	12	7.251,91 €
36	21417-333	SALA VIGUESA ESGRIMA ANTIGA	G94027513	5	3.000,00 €
37	21531-333	FALCATA	G27775808	1	604,33 €
38	21481-333	ARENAS DE ALCABRE SCD	G36823912	17	10.273,54 €
39	21382-333	ASOC.DEPORTIVA LAVADORES CF	G36770931	11	6.647,58 €
40	21435-333	BALAIOS FC	G36737724	25	15.108,14 €
41	21442-333	CLUB DE FUTBOL SAN MIGUEL	G36743433	8	4.834,61 €
42	21419-333	CLUB DEPORTIVO NIETO	G36687309	12	6.000,00 €
43	21363-333	CLUB PEÑASCO	G27804970	10	6.043,26 €
44	21391-333	CLUB POLIDEPORTIVO ALERTANAVIA	G36649283	38	22.964,38 €
45	21514-333	CLUB RAPIDO DE BOUZAS	G36711513	24	14.503,82 €
46	21503-333	CLUB SAN ROQUE CASABLANCA	G36763084	15	9.064,89 €
47	21488-333	MOLEDO CLUB FUTBOL	G36734226	6	3.625,95 €
48	21428-333	RACING DE CASTRELOS FC	G36710762	14	8.460,56 €
49	21422-333	RAPIDO DE PEREIRO FC	G36874832	13	7.856,23 €

	Nº EXPTE	ENTIDADE	CIF	TOTAL PUNTOS	Importe Subvención
50	21400-333	SCD ATLANTIDA DE MATAMA	G36620854	19	11.482,19 €
51	21392-333	UVCD CANDEAN	G36863348	13	7.856,23 €
52	21484-333	C.D. TEIS	G36752640	6	2.868,22 €
53	21443-333	CLUB COLEGIO HOGAR SAN ROQUE	G36647311	13	7.856,23 €
54	21354-333	CLUB DEPORTIVO A GUIA	G36645612	11	6.647,58 €
55	21351-333	CLUB DEPORTIVO AREOSA	G36690519	8	4.834,61 €
56	21454-333	CLUB DEPORTIVO COYA	G36753911	14	8.460,56 €
57	21360-333	GRAN PEÑA, C.F.	G36663656	15	8.152,17 €
58	21389-333	INDEPENDIENTE, C.F.	G36710416	18	10.877,86 €
59	21561-333	S.D. CRISTO DE LA VICTORIA	G36684124	13	7.000,00 €
60	21369-333	UNION DEPORTIVA COMESAÑA	G36745586	5	3.021,63 €
61	21375-333	UNIÓN DEPORTIVA SANTA MARIÑA	G36628774	17	10.273,54 €
62	21381-333	ESTIBADORES FÚTBOL GAÉLICO VIGO	G27808575	4	2.417,30 €
63	21415-333	C.D.A.P.A.Z F.S.	G27785039	5	3.000,00 €
64	21390-333	CLUB CIOS VIGO	G.36795680	13	7.856,23 €
65	21373-333	CLUB LABOR	G36926293	6	1.500,00 €
66	21477-333	ESCUELAS DEPORTIVAS VIGO 2015	G36982239	18	10.877,86 €
67	21410-333	IES CORUXO FS	G27726835	16	9.669,21 €
68	21421-333	TREBOADA FS SAN SALVADOR	G36645075	7	4.230,28 €
69	21519-333	CLUB APOSTOL SANTIAGO	G36646446	26	15.712,47 €
70	21545-333	CLUB MARISTAS EL PILAR	G36690782	2	1.208,65 €
71	21407-333	PECHECHES FÚTBOL SALA	G27778521	9	5.438,93 €
72	21463-333	REAL AERoclUB DE VIGO	G36610384	6	3.000,00 €
73	21555-333	CLUB HALTEROFILIA VIGO	G36757623	6	3.625,95 €
74	21438-333	CD. ESTABLOS VIGO	G36982296	1	604,33 €
75	21473-333	ATLANTICO HOCKEY CLUB	G36684850	14	8.460,56 €
76	21440-333	TRAVIESAS HOCKEY CLUB	G36680239	16	9.669,21 €
77	21490-333	ASOCIACION DEPORTIVA FAMU	G36681633	18	10.877,86 €
78	21516-333	JUDO CLUB GALICIA SUR	G27781541	6	3.625,95 €
79	21452-333	AGRUPACION DEPORTIVA ZANSHIN	G36870160	8	4.834,61 €
80	21460-333	CLUB KENDO VIGO-FUJI DOJO	G27709120	1	604,33 €
81	21368-333	CLUB DE LOITA CIDADE DE VIGO	G36955565	3	1.812,98 €
82	21425-333	CLUB DE LUCHA EL CASTRO	G36707586	5	2.950,00 €
83	21505-333	CLUB LOITA SAN IGNACIO	G36708303	7	4.230,28 €
84	21418-333	KUZUSHI	G36696227	3	1.812,98 €
85	21377-333	CLUB DE MONTAÑA XISTRA	G36743540	1	604,33 €
86	21483-333	CLUB MONTAÑEIROS CELTAS	G36637890	3	1.812,98 €
87	21370-333	CLUB PEÑA TREVINCA MONTAÑEIROS DE GALICIA	G36630192	4	2.417,30 €
88	21536-333	SINGLETRACK OUTDOOR SPORTS	G36850378	5	3.021,63 €
89	21515-333	VIGOENDURO MTB	G27864107	1	604,33 €
90	21404-333	C.N.VIGO RIAS BAIXAS	G36827079	31	18.734,10 €
91	21518-333	CLUB NATACION TRAVIESAS	G36823524	1	604,33 €



Concello de Vigo

	Nº EXPTE	ENTIDADE	CIF	TOTAL PUNTOS	Importe Subvención
92	21567-333	CLUB NATACION SINCRONIZADA RIAS BAIXAS VIGO	G27763812	22	13.000,00 €
93	21362-333	PADEL FEMENINO CIES	G27713759	2	1.208,65 €
94	21520-333	CLUB AS RODAS PATINAXE ARTISTICA	G36645091	21	12.690,84 €
95	21444-333	CLUB CASTRELOS PATINAXE ARTISTICA	G36811974	15	9.000,00 €
96	21565-333	CLUB DEPORTIVO FREESTYLE SLALOM VIGO	G27722305	19	11.482,19 €
97	21552-333	CLUB PATIN VAGALUME	G36982304	7	4.230,28 €
98	21540-333	CLUB PATINAJE BALAIOS	G27846864	16	6.000,00 €
99	21465-333	CLUB PATINAXE ART. VALLADARES	G36765733	10	6.000,00 €
100	21562-333	CLUB PATINAXE CORUXO	G27865831	7	3.000,00 €
101	21380-333	CLUB VIEJA ESCUELA ROLLER	G36571123	2	1.208,65 €
102	21448-333	FEDERACION VIGUESAPEÑAS REC EL OLIVO	G36704666	12	6.000,00 €
103	21361-333	ASOCIACION CULTURAL DEPORTIVA XESTAS	G36628543	3	1.812,98 €
104	21563-333	CLUB A TOXEIRA	G36849040	1	604,33 €
105	21408-333	CLUB DO LUME	G36852671	1	604,33 €
106	21564-333	CLUB LLAVE Y PETANCA VALLADARES	G36796316	1	604,33 €
107	21530-333	CLUB PETANCA ASOC VECINOS DE SAMPAIO	G36930832	1	604,33 €
108	21501-333	CLUB PETANCA BREOGAN	G36802247	1	604,33 €
109	21471-333	CLUB PETANCA CARAPUCHA	G27779446	1	604,33 €
110	21441-333	CLUB PETANCA ENSINO	G36798866	4	2.417,30 €
111	21372-333	CLUB PETANCA FLORIDA	G36792711	1	604,33 €
112	21374-333	CLUB PETANCA GALAICOS	G27840750	1	604,33 €
113	21413-333	CLUB PETANCA GALICIA	G36881639	1	604,33 €
114	21476-333	CLUB PETANCA MADROA	G27722354	1	604,33 €
115	21371-333	CLUB PETANCA TEIS	G36288413	1	604,33 €
116	21357-333	CLUB PETANCA VIGO	G36702413	2	1.200,00 €
117	21414-333	SOCIEDAD CULTURAL RECREATIVA PARDAVILA	G36648996	1	604,33 €
118	21439-333	CLUB KAYAK VIGO	G36978559	13	7.856,23 €
119	21475-333	CLUB PIRAGUISMO OLIVICO	G27822006	11	6.647,58 €
120	21493-333	CLUB DE REMO CORUXO	G36726750	7	4.230,28 €
121	21479-333	CLUB DE REMO VIRXE DA GUIA	G36650273	10	6.043,26 €
122	21498-333	CLUB REMO VIGO	G27852896	14	8.460,56 €
123	21424-333	CLUB CIES SQUASH	G27869437	16	9.669,21 €
124	21533-333	CLUB SQUASH RIA DE VIGO	G27736438	6	3.625,95 €
125	21569-333	VIGO SQUASH	G36929511	7	4.230,28 €
126	21395-333	A.D. KIAP	G36788594	4	2.417,30 €
127	21525-333	AS SPORT VIGO	G27749837	2	1.208,65 €
128	21401-333	CENTRO BUDO CASTRELOS	G36680106	4	2.417,30 €
129	21495-333	CLUB DEPORTIVO SEUN GSPORT	G27810761	2	1.208,65 €
130	21355-333	CLUB TAEKWONDO KAE SPORT	G27830975	2	1.208,65 €
131	21538-333	CLUB DE CAMPO DE VIGO	G36613685	5	3.021,63 €
132	21345-333	C.D. TENIS DE MESA HELIOS BEMBRIVE	G27762483	1	604,33 €
133	21553-333	ILLAS CIES TENIS DE MESA	G27849090	5	3.021,63 €

	Nº EXPTE	ENTIDADE	CIF	TOTAL PUNTOS	Importe Subvención
134	21500-333	CLUB ARQUEROS NITO RUIZ	G36807881	1	604,33 €
135	21556-333	CLUB TRIATLON MAR DE VIGO	G27730597	11	6.647,58 €
136	21480-333	TRINORTH	G27796721	1	604,33 €
137	21462-333	C.D. COLEGIO MARIANO	G36649408	12	3.000,00 €
138	21522-333	CENTRO VECIÑAL E CULTURAL VALLADARES	G36805158	17	10.273,54 €
139	21537-333	CIRCULO MERCANTIL E INDUST	G36614097	6	3.625,95 €
140	21461-333	CLUB ESCUELA ROSALÍA	G27827856	1	604,33 €
141	21524-333	GIMNASIO CLUB SIMÓN	G36886901	4	2.417,30 €
142	21426-333	CLUB MARITIMO DE CANIDO	G36630127	3	1.812,98 €
143	21433-333	CLUB VOLEI PRAIA VIGO	G36990109	14	8.460,56 €
144	21487-333	BLACK VOLEY VIGO	G27747864	2	1.208,65 €
145	21378-333	CLUB DEPORTIVO XUVENIL DE TEIS	G36713493	21	12.690,84 €
146	21528-333	FIT SPORT	G36988947	3	1.812,98 €
147	21472-333	CLUB XADREZ DR.CASÁS VILA DE BOUZAS	G36918613	2	700,00 €
148	21457-333	CLUB FLIC FLAC	G36931582	35	21.151,40 €
149	21568-333	CLUB SIEIRO ACROBACIA VIGO	G36846608	18	10.877,86 €
150	21427-333	MANIOTAS	G36684819	25	15.108,14 €
151	21416-333	CLUB PETANCA SALGUEIRA	G36894517	1	604,33 €
152	21482-333	CLUB DEPORTIVO MOTOBOX	G36973105	1	604,33 €
153	21546-333	CLUB DEPORTIVO SAN JOSE DE CLUNY VIGO	G27857465	5	2.633,00 €
154	21387-333	XADREZ LUCENA	G36893154	3	1.812,98 €
155	21547-333	CLUB DEPORTIVO PASOS-BAILE GALICIA	G27750371	6	1.500,00 €
156	21393-333	REAL CLUB NAUTICO DE VIGO	G36612752	27	16.316,79 €
157	21511-333	VIGO RUGBY CLUB	G36680924	19	11.482,19 €
158	21554-333	CLUB MONTAÑA ALUD	G36897437	1	604,33 €
159	21527-333	CLUB BAILE DEPORTIVO BAILA AL COMPAS	G27711597	3	1.000,00 €
160	21458-333	CLUB ARADELAS	G36642247	2	1.208,65 €
161	21397-333	AGRUPACION DEPORTIVA MONTECASTELO	G36747574	7	4.230,28 €
162	21396-333	CLUB DEPORTIVO BEADE	G27711472	6	3.625,95 €
163	21379-333	VIGO ROLLER DERBY	G27784552	2	1.208,65 €
164	21403-333	AGRUPACION DEPORTIVA CANDEAN VIXIADOR	G42761429	1	604,33 €
165	21432-333	club deportivo policia local de Vigo	G36912459	4	2.417,30 €
166	21431-333	EQUIPO ECUESTRE D.V.	G27868793	3	1.812,98 €
167	21445-333	VIGOPADEL	G27853951	2	1.175,00 €
168	21411-333	C.D.SAMPAYO	G36654564	1	604,33 €
169	21406-333	ANPABAL FUTBOL CLUB	G27758168	3	1.812,98 €
170	21449-333	CLUB BOWLING CELTA	G36685345	6	2.900,00 €
171	21450-333	CLUB DE FÚTBOL SAN ESTEBAN	G36733020	1	604,33 €
172	21456-333	CLUB BALONCESTO RODABALLO	G36815413	1	604,33 €
173	21451-333	BOUZAS CAIAC	G67795062	1	604,33 €
174	21459-333	CLUB HOCKEY CIES	G27787233	2	1.208,65 €
175	21469-333	BALONA LINENSE	G36985984	5	3.021,63 €



Concello de Vigo

	Nº EXPTE	ENTIDADE	CIF	TOTAL PUNTOS	Importe Subvención
176	21468-333	LIMITE 200 BOWLING CLUB	G36936938	1	604,33 €
177	21466-333	CLUB HELENIOS	G36855773	3	1.812,98 €
178	21510-333	CCR CABRAL	V36658680	3	1.812,98 €
179	21478-333	ASOC BASKETGAL	G27817584	2	1.208,65 €
180	21492-333	EXODUS TM	G27878610	1	604,33 €
181	21388-333	CLUB DEPORTIVO VALLADARES	G36629657	12	6.000,00 €
182	21409-333	AGRUPACION DEPORTIVA VIGO	G36651123	14	8.000,00 €
183	21523-333	CLUB INDALO PATINAXE ARTISTICO	G16794968	8	4.834,61 €
184	21529-333	CLUB SABAJANES	G36646271	1	604,33 €
185	21570-333	CLUB PETANCA O FORO	G27753284	1	604,33 €
186	21571-333	CLUB PETANCA BEMBRIVE	G36816114	1	604,33 €
187	21557-333	A.D.CASTRO-SAN MIGUEL	G36657856	4	2.417,30 €
188	21543-333	CLUB BALONMANO PLAYA PAINKILLERS	G27768118	8	2.999,99 €
189	21550-333	ARTE SUAVE ESPAÑA	G67723726	1	604,33 €
190	21534-333	CLUB BOLOS CELTAS DE VALLADARES	G36881316	1	604,33 €
191	21489-333	UNIÓN BALONMÁN LAVADORES	G36810075	39	23.568,70 €

ANEXO II: SOLICITUDES REXEITADAS NA AVALIACIÓN REALIZADA POLO ÓRGANO COLEXIADO ENCARGADO DO PROCESO DE AVALIACIÓN DAS MESMAS EN BASE Á “CONVOCATORIA ESPECÍFICA PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS A ENTIDADES DEPORTIVAS DE VIGO EN RELACIÓN Á SÚA ACTIVIDADE DEPORTIVA DA TEMPADA 2021-2022”.

- Por non subsanar a documentación presentada consonte co establecido no artigo 20.5 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no artigo 68 da Lei 39/2015, de 1 de outubro de procedemento Administrativo Común e na base 12ª.

ENTIDADE	CIF	EXPTE.
ESCUELA DEPORTIVA JESÚS PENAS	G27809276	21517-333

- Por non cumprir o requisito establecido na base 5ª.4 de ter un mínimo de 10 licencias vixentes na tempada 2021/2022 ou no ano 2022:

ENTIDADE	CIF	EXPTE.
CLUB DEPORTIVO ATLANTIGAS	G27867571	21532-333

11(861).- BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DE SELECCIÓN DE CANDIDATOS A BENEFICIARIOS DO PLAN MUNICIPAL DE EMPREGO. EXPTE. 19612/77.

Visto o informe de fiscalización do 10/10/2022, dáse conta do informe-proposta de data 28/09/2022, asinado pola xefa de Participación Cidadá e Desenvolvemento local, que di o seguinte:

I. ANTECEDENTES

A unidade administrativa de Desenvolvemento Local e Emprego ten encomendado o deseño e posta en marcha da proposta de actuación de desenvolvemento denominada "*Plan Municipal de Emprego para Fomentar a Inserción Laboral*" co obxectivo de mellorar a formación e facilitar a adquisición de maiores habilidades profesionais das persoas beneficiarias mellorando así, a súa capacitación e competencia profesional.

Para desenvolver estes obxectivos, a Tenencia de Alcaldía e Concellería delegada de Economía, Fondos Europeos, Patrimonio e Emprego pon en marcha o PLAN MUNICIPAL DE EMPREGO 2022, concretado na realización de contratos de duración determinada en ocupacións directamente relacionadas cos obxectivos do mesmo, que resultan necesarios para a execución de obras de interese municipal non relacionadas ca actividade propia da Administración municipal, de carácter substantivo e propio, aprobadas pola Xunta de Goberno Local; e diferenciadas das tarefas e funcións propias do persoal estatutario do Concello de Vigo regulado polo seu propio convenio cuxo artigo 1 ARCT-CC establece claramente que só é aplicable aos empregados municipais "*integrados no seu cadro de persoal*".

As actuacións a desenvolver atenden ás propostas remitidas polos diferentes servizos municipais e que non se incardinan dentro dos servizos municipais ordinarios que ven proporcionando a administración municipal, senón en actuacións de mellora e rexeneración da contorna urbana.

O Plan Municipal de Emprego non ten por obxecto constituír unha vía de acceso a postos de traballo, prazas e funcións propias do persoal da administración pública nin substituílo, ao tratarse dunha iniciativa onde a oferta das ocupacións responde directamente á realización dun programa de obras, actuacións e formacións concretadas previamente pola Xunta de Goberno Local e cunha duración determinada máxima de 6 meses en cada unha das dúas quendas previstas, creando oportunidades de emprego e mellorando a contorna urbana.

Os contratos de traballo e a relación das persoas contratadas polo Concello de Vigo no Plan Municipal de Emprego, estarán reguladas dentro do marco normativo que establece o Acordo Marco de regulación das condicións sociolaborais das contratacións realizadas no marco do Plan Municipal de Emprego 2004-2007, prorrogado para este ano, como referencia retributiva e de condicións sociais a aplicar nos contratos laborais temporais realizados ao abeiro do dito Plan así como descrición dos diferentes colectivos que participan no desenvolvemento dos programas de emprego do citado Plan; dotando ao programa dunha substantividade propia, dunha estrutura totalmente definida, concreta en todos os aspectos que teñen relevancia no desenvolvemento dos seus obxectivos e configurando un marco de referencia para todas as persoas traballadoras beneficiarias contratadas.

As graves repercusións económicas e sociais provocadas pola situación de crise sanitaria xerada pola COVID-19 obriga a potenciar ao máximo os recursos do Concello de Vigo, para continuar na posta en marcha de medidas e plans de acción directa que potencien e consoliden a tendencia na recuperación do emprego, apostando, por programas que faciliten a formación e a adquisición de experiencia, habilidades, coñecementos e actitudes profesionais.

Todos os colectivos recollidos nas bases de convocatoria están a ser nestes momentos, obxectivos prioritarios das medidas activas de emprego promovidas dende este Concello. Con este programa, perséguese ampliar a oferta formativa teórica, complementándoa co traballo en



Concello de Vigo

obra, e así dotar de experiencia práctica á formación, apostando pola innovación, a aplicación de novas técnicas e tecnoloxías, a especialización e a mellora da profesionalidade dos participantes.

II. COMPETENCIA ADMINISTRATIVA NA QUE SE FUNDAMENTA A ACTUACIÓN DA ADMINISTRACIÓN PÚBLICA:

A Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local establece no seu artigo 3.3 – a propósito das competencias distintas das propias e das atribuídas por delegación- que non considera, entre outras, como exercicio de novas competencias a *continuidade na prestación dos servizos xa establecidos* (apartado terceiro a) nin a *continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores* (apartado terceiro b) desde o departamento de Desenvolvemento Local e Emprego.

Neste eido cómpre destacar que en expte. núm. 19258/77 consta remitido en data 15/06/2022 oficio (xunto cas bases reguladoras da presente convocatoria) dirixido á Dirección Xeral de Administración Local, dependente da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes da Xunta de Galicia, solicitando informe dacordo co establecido no artigo 7.4 LRBRL.

Con data 16/09/2022 a Dirección Xeral de Administración Local, informa favorablemente o Plan Municipal de Emprego 2022 do Concello de Vigo, coas obrigas e condicionantes establecidos legalmente, dacordo co sinalado no informe-proposta do xefe do servizo de Cooperación Xurídica e Pacto Local: *“Dado que non se aprecia que se incorra nun suposto de execución simultánea do mesmo servizo público coa Administración Autonómica e sempre que se cumpran as condicións de exercicio previstas e comunicadas, e a normativa aplicable en canto estabilidade orzamentaria, regra de gasto e débeda.”*

III. RELACIÓN DE OBRAS A DESENVOLVER POLO PERSOAL BENEFICIARIO DO PLAN MUNICIPAL DE EMPREGO DO 2022:

Tal e como consta en ANTECEDENTES coa implantación deste novo plan promóvese a realización de contratos de duración determinada (máximo 6 meses) en ocupacións directamente relacionadas cos obxectivos do mesmo, que resultan necesarios para a execución de obras de interese municipal de carácter substantivo e propio, que se propoñen para aprobación da Xunta de Goberno Local.

As actuacións a desenvolver polo PLAN MUNICIPAL DE EMPREGO 2022 atenden ás propostas remitidas polos diferentes servizos municipais, que se encadrarían dentro dos obxectivos do programa tales coma a eliminación de barreiras arquitectónicas nas rúas do centro urbano, reformas para a mellora do estado dos edificios públicos e melloras medioambientais das zonas verdes de acceso público -, que se reflicten nas fichas normalizadas e documentación técnica correspondente anexada en expediente relacionado núm. 18946-77, asinadas pola xefatura de servizo ca conformidade da concellería delegada da área de goberno correspondente, para a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local, e que se relacionan a continuación:

a) CONCELLERÍA DE EDUCACIÓN:

A Concellería de Educación ten remitido necesidades de reformas para a mellora do estado dos colexios públicos que se indican a continuación:

- CEIP ESCULTOR ACUÑA: Reforma dos baños, no baixo do edificio principal.
- CEIP LAVADORES POMBAL: Reforma dos baños de infantil, na planta baixa do antigo edificio.
- CEIP LOPE DE VEGA: Reforma dos baños, no baixo do edificio principal.
- CEIP OTERO PEDRAIO: Reforma dos baños, no baixo do edificio principal.
- CEIP VICENTE RISCO: Reforma dos baños de infantil, na planta baixa da ala dereita.
- EEI VILLA LAURA: Reforma dos baños, no primeiro andar do aulario.
- CEIP EMILIA PARDO BAZAN. CHOUZO: Reforma dos baños de nenas, no 1º andar do edificio principal.

b) CONCELLERÍA DE TURISMO E XUVENTUDE:

A concellería de Turismo e Xuventude ten remitido as seguintes necesidades de melloras medioambientais de zonas verdes de acceso público.

- REDESEÑO DOS XARDÍNS DA CASA DA XUVENTUDE co obxecto de renovar as plantacións existentes e adecuadas ao entorno, así como a realización dos tratamentos fitosanitarios necesarios nas distintas especies arbóreas.

c) CONCELLERÍA DE MONTES, PARQUES E XARDÍNS:

A concellería de Montes, Parques e Xardíns ten remitido as seguintes necesidades de melloras medioambientais de zonas verdes de acceso público:

- REDESEÑO E RENOVACIÓN DO XARDÍN DE ACCESO AO RECINTO DO VIVEIRO DO CASTRO, nova plantación de especies de prantas ornamentais e arbóreas.
- CONSTRUCCIÓN DE CANALETAS DE PEDRA PARA RECOLLIDA DE PLUVIAIS e escaleiras de pedra no parque do Castro.
- REFORMA DA ZONA DE ACOPIO DE ESPECIES ARBÓREAS DO VIVEIRO DO CASTRO, renovación e nova plantación.

d) CONCELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E VIDA SAUDABLE:

A concellería de Medio Ambiente ten remitido as seguintes necesidades de melloras medioambientais de zonas verdes de acceso público que constitúen uns dos espazos naturais de esparcemento, práctica deportiva e hábitos de vida saudable cun amplo uso por parte da poboación que habita no centro urbano. O entorno do río Lagares e resto de zonas verdes naturais forman parte do pulmón verde da cidade e son zonas de interese natural con baixa intervención humana, polo que responden a un proceso de conservación e protección natural:

- PROGRAMA DE RETIRADA DE PLANTAS INVASORAS E RECUPERACIÓN DE ESPECIES AUTÓCTONAS, en sendas verdes, ríos e humedais.

e) CONCELLERÍA DE FOMENTO:



Concello de Vigo

A concellería de Fomento ten remitido necesidades de eliminación de barreiras arquitectónicas nas rúas do centro urbano, así coma reformas para a mellora do estado dos edificios públicos que se indican a continuación, que se corresponden co centro de emprego e sede do propio programa do Plan Municipal de Emprego e nas que se desenvolven actuacións tanto de loxística coma de formación:

- ELIMINACIÓN DE BARREIRAS ARQUITECTÓNICAS nas rúas do Centro Urbano
- Actuacións no parque Central:
 - REFORMA DE ALMACÉN para acondicionar como aula de formación.
 - MELLORA DA EFICIENCIA ENERXÉTICA E ILLAMENTO nas instalacións do servizo de desinfección
- MELLORA DA EFICIENCIA ENERXÉTICA en vestiarios 4 e 5.

f) CONCELLERÍA DE EMPREGO:

A concellería Emprego ten remitido necesidades de reformas para a mellora dos edificios públicos que se indican a continuación, que se corresponden con instalacións previstas para desenvolvemento de programas de emprego e nas que se desenvolven actuacións tanto de loxística coma de formación:

- CONSTRUCCIÓN DE NOVA AULA DE FORMACIÓN para 10 postos. Instalacións da Rúa Pinal de Adentro
- RENOVACIÓN E MELLORA DO ACONDICIONAMENTO DO ARQUIVO AUXILIAR e da Aula de formación. Arquivo Auxiliar do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local e Emprego, sito Avda. Emilio Martínez Garrido nº 27:

g) CONCELLERÍA DE CULTURA:

A concellería Cultura ten remitido necesidades de reformas para a mellora dos edificios públicos que se indican a continuación.

- REFORMA DE LOCAIS ANEXOS AO MUSEO MARCO, impermeabilización, instalación de acabados en lámina de pladur antihumidades e illamentos.
- CREACIÓN DUNHA ÁREA DE SERVIZO na zona de oficinas do MARCO

IV. EFECTIVOS A CONTRATAR PARA DESENVOLVEMENTO DO PLAN MUNICIPAL DE EMPREGO CONVOCATORIA 2022.

As Bases reguladoras do programa establecen que nas convocatorias as ocupacións a contratar estean relacionados coas seguintes profesións:

<i>Auxiliar administrativo</i>	<i>Oficial carpintería de aluminio</i>	<i>Oficial fontanería</i>
<i>Técnico Auxiliar de PRL</i>	<i>Oficial carpintería de madeira</i>	<i>Oficial mecánico maquinaria</i>

<i>Capataz construción</i>	<i>Oficial carpintería metálica</i>	<i>Oficial pintura</i>
<i>Oficial albanelería</i>	<i>Oficial condutor</i>	<i>Oficial xardinería-forestal</i>
<i>Oficial electricidade</i>	<i>Peóns xardinería- forestal</i>	<i>Peóns construción</i>
<i>Delineante</i>		

O número de efectivos a convocar para o desenvolvemento do PLAN MUNICIPAL DE EMPREGO 2022 serían os seguintes:

1. Capataces beneficiarios/as:

<u>Profesión</u>	<u>Postos a contratar</u>
a) Capataces construción	3 (tres)

2. Oficiais de oficios beneficiarios/as:

<u>Profesión</u>	<u>Postos a contratar</u>
a) Oficial albanel	11 (once)
b) Oficial electricista	1 (un)
c) Oficial fontaneiro	1 (un)
d) Oficial Carpintería aluminio	1 (un)
e) Oficial Carpintería metálica	1 (un)
f) Oficial Carpintería madeira	1 (un)
g) Oficial Pintor	1 (un)
h) Oficial mecánico maquinaria	1 (un)
i) Oficial xardinería	5 (cinco)
j) Oficial conducción	10 (dez)

3. Peóns beneficiarios/as :

<u>Profesión</u>	<u>Postos a contratar</u>
a) Construción.	24 (vintecatros)
b) Xardinería-forestal	12 (doce)

4. Persoal Técnico administrativo beneficiarios/as:

<u>Profesión</u>	<u>Postos a contratar</u>
a) Auxiliar administrativo	1 (un)
b) Técnico Prevención de Riscos Laborais	1 (un)
c) Delineante	1 (un)

O número de postos de peóns beneficiarios a contratar nos diferentes colectivos, establecidos no apartado 9.1 das Bases de Selección de persoas candidatas, sería de:

a) 3% persoas con discapacidade igual ou superior ao 33% que poidan desempeñar as funcións do posto de traballo	2
b) 30% mulleres DLD	10
c) 22% menores de 30 anos, dos que o 50% será o primeiro emprego.	8
d) 25% persoas entre 31 e 44 anos DLD	9



e) 20% persoas maiores de 45 anos DLD .

7

V. BASES REGULADORAS:

A **Base 4ª DURACIÓN, MODALIDADE E RETRIBUCIÓNS** establece que os contratos terán unha duración máxima de 6 meses que coincidirá ca duración do PLAN MUNICIPAL DE EMPREGO no presente ano, e coas limitacións que se establecen no propio plan.

Estímase oportuna a modalidade de **contrato de duración determinada** (Artigo 1 do Capítulo 1 do Acordo Marco de regulación das condicións sociolaborais das contratacións realizadas no marco do Plan Municipal de Emprego 2004-2007, prorrogado para este ano), **a xornada completa, na modalidade de contrato para a mellora da ocupación e a inserción laboral (código 505)** cos dereitos e obrigas que leva implícito; en todo caso terase en conta, segundo o tipo e categoría a cubrir, a modalidade, duración e calquera outra incidencia da relación laboral, que se considere oportuno en base á lexislación vixente dacordo ao contido dos informes de RRHH e da Intervención Xeral.

Así mesmo, en calquera caso deberá figurar no obxecto do contrato a denominación e duración do Plan Municipal de Emprego para a realización de obras e/ou servizos de interese municipal.

Ao abeiro das modificacións introducidas polo art. 1.3 do Real Decreto-lei 32/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo - redactado conforme á corrección de erros publicada en BOE núm. 16, de 19 de xaneiro de 2022 (con entrada en vigor o 30 de marzo de 2022 (D.F. 8.2.b) do citado Real Decreto-lei) – as administracións públicas poderán realizar contratos para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral no marco dos programas de activación para o emprego previstos no texto refundido da Lei de Emprego, cuxa duración non poderá exceder de doce meses (Disposición Final segunda).

A este respecto, e tal e como xa consta referido no apartado II do presente Informe-proposta – cómpre destacar que en expte. núm. 19258/77 foi remitido en data 15/06/2022 oficio (xunto cas bases reguladoras da presente convocatoria) dirixido á Dirección Xeral de Administración Local, dependente da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes da Xunta de Galicia, solicitando informe dacordo co establecido no artigo 7.4 LRBRL, sobre a utilización do contrato de mellora da ocupabilidade e a inserción laboral no Plan Municipal de Emprego 2022 do Concello de Vigo, por canto requiriría a súa consideración como programa de fomento de emprego subsumible nas políticas activas de emprego do Texto Refundido da Lei de Emprego (en cumprimento da nova DA 9ª introducida pola vixente reforma laboral).

En resposta ao solicitado, con data 16/09/2022 a Dirección Xeral de Administración Local, informa favorablemente o Plan Municipal de Emprego 2022 do Concello de Vigo, extractando parte do informe emitido pola Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, a través da Secretaría Xeral de Apoio ao Emprego, Traballo Autónomo e Economía Social de data 27 de xuño de 2022 no que conclúe que: "(...) *non existe incompatibilidade "Plan de Municipal de Emprego 2022 do concello de Vigo, por tratarse dunha medida municipal de fomento do emprego e a súa concesión deberá axustarse aos criterios obxectivos que recollen as bases reguladoras das axudas,....(...)"*. E sinala tamén que: "(...) *dado que as políticas activas da Xunta de Galicia se modifican cada ano en coordinación co SEPE e demais servizo públicos das CCAA a través do Programa Anual de Política de Emprego, o presente informe se emite unicamente para a liña de axuda que convoque para este ano 2022 o Concello de Vigo, debendo ser novamente informadas as liñas de axuda ou convocatorias sucesivas, para comprobar a compatibilidade coas que ese ano teña previsto a Xunta de Galicia.."*

As retribucións dos traballadores beneficiarios serán as establecidas no “Acordo Marco de regulación das condicións sociolaborais das contratacións realizadas no marco do Plan Municipal de Emprego”, que se atope en vigor no momento da contratación, e en concreto as establecidas no **Capítulo 1, artigo 1.3** do acordo marco de referencia (beneficiarios/as), que quedarán recollidas nos respectivos contratos.

- Base 7ª. FORMACIÓN:

O artigo 2º do Acordo Marco de regulación das condicións sociolaborais das contratacións realizadas no marco do Plan Municipal de Emprego 2004-2007, prorrogado para este ano, establece a necesidade, *en todos os casos, de desenvolver complementariamente á realización das funcións propias de cada contrato (nos casos nos que non estea considerado), unha acción formativa intensa, tanto en competencias profesionais das persoas participantes, como en competencias persoais, dúas das facetas determinantes no referido ás condicións de ocupabilidade das persoas. Como mínimo dedicarase o 15% do tempo do contrato a formación. Dependendo das características de cada programa/proxecto, e dentro das súas posibilidades, tenderase a concentrar a formación nun día á semana.*

A modalidade de contrato de duración determinada reflectida na Base Cuarta para desenvolver as actuacións previstas neste plan **non é un contrato formativo** dos contemplados pola vixente lexislación laboral (artigo 11 ET), senón un contrato para a execución de obras de interese municipal de carácter substantivo e propio acoutadas por un período máximo de 6 meses; o que obriga a adicar *o 15% do tempo do contrato a formación, tanto en competencias profesionais como en competencias persoais*, aos efectos de dar estrito cumprimento ao establecido no artigo 2 do referido Acordo Marco de regulación das condicións sociolaborais das contratacións realizadas no marco do Plan Municipal de Emprego 2004-2007.

A este respecto, a carga formativa do programa articularase dentro do horario laboral complementándoa co traballo en obra, e adaptarse ás necesidades do entorno e do mercado laboral propio da cidade de Vigo e da súa Área Metropolitana, apostando pola innovación, a aplicación de novas técnicas e tecnoloxías e a especialización, estimando desenvolver a seguinte oferta formativa prevista:



Concello de Vigo

PROGRAMA DE FORMACION	Nº alumnos	Nº HORAS	Temática	Especialidade
Nivel básico de prevención de riscos laborais	15	60h	Iniciais	PRL
PRL para traballos no sector da construción	45	6h		
PRL específico para xardinería	17	6h		
PRL específico para albanelería	36	8h		
Riscos e medidas preventivas asociadas ao manexo de grúa autocargante	10	5h		
Seguridade e manexo de plataformas elevadoras e camión portacontedores	10	5h		
Primeiros auxilios	76	20h		
Manexo seguro de maquinaria de construción	25	5h		
Plataformas elevadoras	20	2h		
Montaxe de andamio Tubular	17	10h		
Impermeabilización mediante membranas formadas con laminas	20	30h	Especialización técnica	Construción
Novos materiais de construción illamentos térmicos, acústico e contra o lume.	20	30h		
Instalacións placa de seixo laminada e falsos teitos	20	30h		
Control de proxectos e obras de construción (capataces)	3	30h		
Soldadura por arco baixo gas mig, mag e tig.	15	30h		
Pintura decorativa e novos materiais de acabados: vinilos, papel pintado....	15	30h		
Novos tratamentos para a madeira a tecnificación da madeira	10	40h		
Fontanería novos materiais e técnicas (instalacións solares ACS)	10	50h		
Deseño e mantemento de instalacións enerxía solar fotovoltaica	10	50h		
Xornada orientación laboral e busca de emprego nas redes sociais.	76	10h	Orientación Sensibilización	Comúns
Igualdade de oportunidades	76	10h		
Tramitación e administración dixital	76	10h		
Habilidades Sociais	76	5h		
Sensibilización Ambiental	76	10h		
Planificación e deseño de xardins (paisaxismo)	17	15h	Técnicación/ Especialización	Xardinería
Aplicador de produtos fito-sanitarios e biocidas	17	10h		
Podas ornamentais e podas forestais	17	5h		
Tratamento de restos e residuos forestais e vexetais, reciclaxe	17	10h		
Tratamento e erradicación de especies invasoras	17	10h		
Procesamento dos restos vexetais e produción de biomasa	17	20h		

- Base 8ª. FASES DO PROCESO DE SELECCIÓN:

- Publicación das bases reguladoras da convocatoria no Diario Oficial de Galicia, no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, no taboleiro de anuncios do Concello de Vigo e na páxina web municipal, así coma do anuncio do inicio do procedemento de selección de candidatos ao programa en cada quenda correspondente (pode ser publicado tamén na prensa local).
- O departamento municipal de Desenvolvemento Local e Emprego do Concello de Vigo, solicitará ao SPEG as/os traballadores que correspondan, de acordo coas características recollidas nas bases mediante a remisión da correspondente Oferta de Emprego, facendo referencia ás características que deben reunir os/as traballadores/as que se contratarán para o adecuado desempeño das funcións inherentes ás categorías profesionais das ocupacións ofertadas. As Oficinas do Servizo Público de Emprego de Galicia en Vigo, serán as encargadas de enviar as persoas candidatas solicitadas.

Todos os colectivos recollidos nas bases de convocatoria están a ser nestes momentos, obxectivos prioritarios das medidas activas de emprego promovidas dende este Concello. No caso de que, as oficinas de emprego do SPEG en Vigo, non remitan candidatos suficientes para as categorías profesionais das ocupacións ofertadas, solicitarase ás oficinas do SPEG a ampliación das ofertas presentadas, coa finalidade de acadar o número de persoas candidatas para realizar un proceso de selección efectivo e con garantías de éxito.

- Posteriormente, procederáse á comprobación da documentación requirida e o cumprimento de requisitos básicos. As persoas que non cumpran o perfil definido nestas bases serán inadmitidos e non accederán ao proceso selectivo.

De non obter candidatos suficientes, este Concello poderá recorrer a recursos municipais propios, ampliando tamén a busca de candidatos aos usuarios inscritos no Servizo de Orientación Laboral (SOL) do Concello de Vigo, e sempre e cando cumpran os requisitos establecidos nestas bases de convocatoria.

- Unha vez publicada a relación de persoas candidatas admitidas procederáse á realización das probas: escrita e práctica.

- **Proba Escrita (máximo 2 puntos)**

A proba terá un mínimo de vinte (20) preguntas, e deberá ser capaz de avaliar a actitude e interese que demostra a persoa candidata, na participación no programa, e a posible adecuación do seu perfil á finalidade do mesmo. Valoraranse aspectos ocupacionais, rasgos de personalidade, actitude ante o programa. Incidirase en aspectos vinculados á busca de emprego, a orientación persoal, a formación para o emprego, o interese polo desempeño e o rendemento.

Solicitarase información ás persoas candidatas sobre: as condicións sociolaborais do contrato e as características da contratación, o estado anímico, o estado físico, o interese polo emprego, competencias profesionais e coñecementos relacionados co posto.

Os puntos obtidos nesta fase sumaranse ao resto das puntuacións que se acaden, sempre que a persoa candidata non obteña a cualificación NSNM (non supera a nota mínima); consideraranse NSNM as persoas candidatas que obteñan unha puntuación igual ou inferior a 1 punto.

As persoas candidatas cunha cualificación de “NSNM”, serán excluídas do proceso de selección.

- **Proba práctica (máximo 4 puntos)**

A Comisión de Selección proporá as probas prácticas relacionadas coas funcións e tarefas das categorías profesionais das ocupacións ofertadas. Valoraranse competencias básicas onde os candidatos aplicarán habilidades profesionais básicas relacionadas co oficio e os coñecementos técnicos necesarios. As probas estarán apoiadas por asesores técnicos do programa Vigo Emprega e dos diferentes Servizos Municipais que colaboran no deseño, control e concreción técnica desta avaliación.

- Persoal técnico e Administrativo, capataces, e oficiais de oficios: as probas realizaranse para que os/as candidatos/as, demostren o seu coñecemento da profesión. As probas deseñaranse conforme a profesión e as tarefas máis comúns que se teñen previsto desenvolver, conforme ás obras aprobadas pola Xunta de Goberno Local.

- Peóns, as probas prácticas son xenéricas de coñecemento básico de ferramentas e utilización das mesmas, sen que, para o desenvolvemento sexa necesaria experiencia práctica en: obras públicas, xardinería ou limpeza.

No caso de obter unha puntuación igual ou inferior a 1 punto, considerarase que “NSNM” e a persoa quedará excluída do proceso de selección.

- Unha vez rematada a proba práctica publicarase as notas, procederáse á fase de baremación dos candidatos e publicarase finalmente as listas cas puntuacións totais acadadas cos beneficiarios a contratar e a lista de suplentes.



Concello de Vigo

VII. CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO :

No exercicio 2022 tense dado trámite á actualización das retribucións incluídas nas táboas salariais do "Acordo marco de regulación das condicións sociolaborais das contratacións realizadas no marco do Plan municipal de emprego 2004-2007", prorrogado para o presente ano, derivadas da entrada en vigor da Lei de Orzamentos Xerais do Estado do 2022, polo que se aproban medidas en materia de retribucións no ámbito do sector público, aplicando unha suba do 2% con efectos desde o 01/01/2022, a todo o persoal traballador contratado ao abeiro do Plan Municipal de Emprego, na categoría de Beneficiarios e Técnicos e xestores, en cumprimento do previsto nos artigos 1º e 9º, respectivamente, (expte. 18.945/77); e ás actualizacións que resultan de aplicación do Salario Mínimo Interprofesional acordadas na sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 25 de marzo de 2022 en expte 19004/77.

Os custos totais estimados das retribucións do persoal beneficiario a contratar na convocatoria de 2022, son os reflectidos na seguintes táboas, distribuídas nas dúas anualidades correspondentes, segundo o establecido no "Acordo marco de regulación das condicións sociolaborais das contratacións realizadas no marco do Plan municipal de emprego 2004-2007", prorrogado para o presente ano, na modalidade de beneficiarios para o persoal técnico administrativo, capataces, oficiais de oficios e peóns:

SALARIOS BENEFICIARIOS/AS VIGO EMPREGA CONVOCATORIA 2022 anualidade 2022															
Posto	Categoría	Salario mes	Plus extrasalarial	Import bruto mes	Base cotización	CNAE/ Cód. Ocup.	% cotización	Cotizac SS empre	Cotización por trab/pos	Custe total estimado	Custe posto/mes	CUSTO SALARIAL/BASE DE COTIZACIÓN 1 mes (A)	COTA PATRONAL Á SEG. SOCIAL 1 mes (B)	INDEMNIZACIÓN 0 días. (C)	TOTAL CUSTO (A+B+C)
1	Auxiliar administra	1000,00	166,67	1.166,67	1.166,67	84/a	32,75	382,08	382,08	1.548,75	1.548,75	1.166,67	382,08	,00	1.548,75
1	Delineante	1277,05	212,84	1.489,89	1.489,89	84/-	32,75	487,94	487,94	1.977,83	1.977,83	1.489,89	487,94	,00	1.977,83
1	Tecn. Aux PRL	1277,05	212,84	1.489,89	1.489,89	84/-	32,75	487,94	487,94	1.977,83	1.977,83	1.489,89	487,94	,00	1.977,83
3	Capataz-Constru	1277,05	212,84	1.489,89	1.489,89	84/d	37,80	563,18	1.689,54	2.053,07	6.159,21	4.469,68	1.689,54	,00	6.159,21
11	Ofic. albanel	1087,32	181,22	1.268,54	1.268,54	84/d	37,80	479,51	5.274,59	1.748,05	19.228,53	13.953,94	5.274,59	,00	19.228,53
1	Ofic. electricista	1087,32	181,22	1.268,54	1.268,54	84/d	37,80	479,51	479,51	1.748,05	1.748,05	1.268,54	479,51	,00	1.748,05
1	Ofic. fontaneiro	1087,32	181,22	1.268,54	1.268,54	84/d	37,80	479,51	479,51	1.748,05	1.748,05	1.268,54	479,51	,00	1.748,05
1	Ofic. Carp. aluminio	1087,32	181,22	1.268,54	1.268,54	84/d	37,80	479,51	479,51	1.748,05	1.748,05	1.268,54	479,51	,00	1.748,05
1	Ofic. Carp. metálica	1087,32	181,22	1.268,54	1.268,54	84/d	37,80	479,51	479,51	1.748,05	1.748,05	1.268,54	479,51	,00	1.748,05
1	Ofic. Carp. madeira	1087,32	181,22	1.268,54	1.268,54	84/d	37,80	479,51	479,51	1.748,05	1.748,05	1.268,54	479,51	,00	1.748,05
1	Ofic. pintor	1087,32	181,22	1.268,54	1.268,54	84/d	37,80	479,51	479,51	1.748,05	1.748,05	1.268,54	479,51	,00	1.748,05
1	Ofic. Mecán maquinas	1087,32	181,22	1.268,54	1.268,54	84/d	37,80	479,51	479,51	1.748,05	1.748,05	1.268,54	479,51	,00	1.748,05
5	Ofic. xardinaría	1087,32	181,22	1.268,54	1.268,54	84/g	34,70	440,18	2.200,92	1.708,72	8.543,62	6.342,70	2.200,92	,00	8.543,62
10	Ofic. conducción	1087,32	181,22	1.268,54	1.268,54	84/f	37,80	479,51	4.795,08	1.748,05	17.480,48	12.685,40	4.795,08	,00	17.480,48
12	Peón xardinaría	1000,00	166,67	1.166,67	1.166,67	84/g	34,70	404,83	4.858,00	1.571,50	18.858,00	14.000,00	4.858,00	,00	18.858,00
24	Peón construción	1000,00	166,67	1.166,67	1.166,67	84/d	37,80	441,00	10.584,00	1.607,67	38.584,00	28.000,00	10.584,00	,00	38.584,00
75												92.477,95	34.116,64	0,00	126.594,59

SALARIOS BENEFICIARIOS/AS VIGO EMPREGA CONVOCATORIA 2022 anualidade 2023

Posto	Categoría	Salario mes	Plus extrasalarial	Importe bruto mes	Base cotización	CNAE/ Cód. Ocup.	% cotización	Cotizac SS empre	Cotización por trab/pos	Custe total estimado	Custe posto/mes	CUSTO SALARIAL /BASE DE COTIZACIÓN 5 meses. (A)	COTA PATRONAL Á SEG.SOCIAL 5 meses (B)	INDEMNIZACIÓN 6 días. (C)	TOTAL CUSTO (A+B+C)
1	Auxiliar administra	1000,00	166,67	1.166,67	1.166,67	84/a	32,75	382,08	382,08	1.548,75	1.548,75	5.833,33	1.910,42	233,33	7.977,08
1	Delineante	1277,05	212,84	1.489,89	1.489,89	84/-	32,75	487,94	487,94	1.977,83	1.977,83	7.449,46	2.439,70	297,98	10.187,13
1	Tecn. Aux PRL	1277,05	212,84	1.489,89	1.489,89	84/-	32,75	487,94	487,94	1.977,83	1.977,83	7.449,46	2.439,70	297,98	10.187,13
3	Capataz- Constru	1277,05	212,84	1.489,89	1.489,89	84/d	37,80	563,18	1.689,54	2.053,07	6.159,21	22.348,38	8.447,69	893,94	31.690,00
11	Ofic. albanel	1087,32	181,22	1.268,54	1.268,54	84/d	37,80	479,51	5.274,59	1.748,05	19.228,53	69.769,70	26.372,95	2.790,79	98.933,43
1	Ofic. electricista	1087,32	181,22	1.268,54	1.268,54	84/d	37,80	479,51	479,51	1.748,05	1.748,05	6.342,70	2.397,54	253,71	8.993,95
1	Ofic. fontaneiro	1087,32	181,22	1.268,54	1.268,54	84/d	37,80	479,51	479,51	1.748,05	1.748,05	6.342,70	2.397,54	253,71	8.993,95
1	Ofic. Carp. aluminio	1087,32	181,22	1.268,54	1.268,54	84/d	37,80	479,51	479,51	1.748,05	1.748,05	6.342,70	2.397,54	253,71	8.993,95
1	Ofic. Carp. metálica	1087,32	181,22	1.268,54	1.268,54	84/d	37,80	479,51	479,51	1.748,05	1.748,05	6.342,70	2.397,54	253,71	8.993,95
1	Ofic. Carp. madeira	1087,32	181,22	1.268,54	1.268,54	84/d	37,80	479,51	479,51	1.748,05	1.748,05	6.342,70	2.397,54	253,71	8.993,95
1	Ofic. pintor	1087,32	181,22	1.268,54	1.268,54	84/d	37,80	479,51	479,51	1.748,05	1.748,05	6.342,70	2.397,54	253,71	8.993,95
1	Ofic. Mecán maquinas	1087,32	181,22	1.268,54	1.268,54	84/d	37,80	479,51	479,51	1.748,05	1.748,05	6.342,70	2.397,54	253,71	8.993,95
5	Ofic. xardinería	1087,32	181,22	1.268,54	1.268,54	84/g	34,70	440,18	2.200,92	1.708,72	8.543,62	31.713,50	11.004,58	1.268,54	43.986,62
10	Ofic. condución	1087,32	181,22	1.268,54	1.268,54	84/f	37,80	479,51	4.795,08	1.748,05	17.480,48	63.427,00	23.975,41	2.537,08	89.939,49
12	Peón xardinería	1000,00	166,67	1.166,67	1.166,67	84/g	34,70	404,83	4.858,00	1.571,50	18.858,00	70.000,00	24.290,00	2.800,00	97.090,00
24	Peón construción	1000,00	166,67	1.166,67	1.166,67	84/d	37,80	441,00	10.584,00	1.607,67	38.584,00	140.000,00	52.920,00	5.600,00	198.520,00
75												462.389,73	170.583,22	18.495,59	651.468,53

- O prazo previsto de contratación para a convocatoria de 2022 será, a partir do 1 de decembro de 2022 ata o 31 de maio de 2023 polo que os custos totais da convocatoria entre custos salariais totais e custos totais das cotas a Seguridade Social e indemnización por finalización de contrato son: **778.063,12 €**.

Os custos totais concrépanse nos dous exercicios orzamentarios e aplicaríanse ás partidas orzamentarias seguintes do orzamento municipal correspondente ao ano 2022 e 2023:

- 2410 1310000 “PLAN DE EMPREGO INSERCIÓN LABORAL” SALARIOS:
 - Orzamento 2022 **92.477,95 €**
 - Orzamento 2023 **462.389,73 € + indemnización fin de contrato: 18.495,59 €**
- 2410 16000001 “PROGRAMA EMPREGO INSERCIÓN LABORAL, SS..SS.”:
 - Orzamento 2022 **34.116,64 €**
 - Orzamento 2023 **170.583,22 €**

VIII. ÓRGANO COMPETENTE

De conformidade cos artigos 127.1.g) da Lei 7/1985 é competente para a adopción do presente acordo e o gasto como contrapartida do estipulado, a Xunta de Goberno Local a proposta do concelleiro delegado.

Con carácter previo á adopción do acordo pola Xunta de Goberno Local, remitirase o expediente á Área de RRHH e Formación e á Intervención Xeral do Concello para a emisión de informe preceptivo de fiscalización consonte ao disposto no artigo 214 do TRLFL.

IX. RÉXIME DE RECURSOS



Concello de Vigo

De conformidade co disposto no artigo art. 52.2.a) de la Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL), e o 210.a) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por RD 2568/86, de 28 de novembro, poñen fin á vía administrativa, as resolucións do Pleno, Alcaldes e Xunta de Goberno Local.

Segundo os arts. 123 e 124 da Lei 39/2015, de Procedemento Administrativo Común das Administración Públicas, os actos administrativos que poñen fin a vía administrativa, poden ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os ditou no prazo dun mes, se o acto fose expreso ou, se non o fose, de tres meses, ou ben directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa (art. 8.1 LRXCA). Contra a resolución do recurso de reposición non se poderá interpor de novo este recurso, senón que procederá interpor recurso contencioso administrativo, no prazo de dous meses establecido no art. 46.1 da Lei 29/98, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativo (LRXCA), que comezará a contar a partir do día seguinte a aquel en que se notifique a resolución expresa do recurso de reposición ou en que este deba entenderse presuntamente desestimado.

Polas consideracións expostas, nos termos e condicións, alcance e contido dos informes da Área de RRHH e Formación, e de fiscalización da Intervención Xeral Municipal; previa conformidade da Tenente de Alcalde e Concelleira Delegada de Economía, Fondos Europeos, Patrimonio e Emprego, nos termos das delegacións competenciais efectuadas por resolución da Alcaldía-Presidencia do 4 de setembro de 2020 aprobando o "Texto consolidado de delegación de competencias en concelleiros e concelleiras de área do Concello de Vigo" e acordo da Xunta de Goberno Local do 5 de novembro de 2020 aprobando o "Texto consolidado de delegación de competencias da Xunta de Goberno Local nos concelleiros-delegados de área e nos demais delegados de competencias" e rectificación de erros posteriores de datas 19 de novembro e 23 de decembro de 2020 e Resolución da Alcaldía do 06 de setembro de 2022 de modificación de delegación de competencias en concelleiros e concelleiras: estrutura área de goberno 2019-2023), propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO

1. **Aprobar as bases de selección** de persoas candidatas a beneficiarias do PLAN MUNICIPAL DE EMPREGO 2022 que se achegan no anexo I; e **proceder á súa publicación** no Diario Oficial de Galicia, no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, no taboleiro de anuncios, na web municipal e no portal de transparencia, para xeral coñecemento.
2. **Aprobar a convocatoria** de selección de **75** traballadores, conforme ás BASES DE SELECCIÓN DE PERSOAS CANDIDATAS A BENEFICIARIAS DO PLAN MUNICIPAL DE EMPREGO convocatoria do 2022:

Capataces beneficiarios/as:

<u>Profesión</u>	<u>Postos a contratar</u>
Capataces construción	3 (tres)

Oficiais de oficios beneficiarios/as:

<u>Profesión</u>	<u>Postos a contratar</u>
Oficial albanel	11 (once)
Oficial electricista	1 (un)
Oficial fontaneiro	1 (un)
Oficial Carpintería aluminio	1 (un)

Oficial Carpintaría metálica	1 (un)
Oficial Carpintería madeira	1 (un)
Oficial Pintor	1 (un)
Oficial mecánico maquinaria	1 (un)
Oficial xardinaría	5 (cinco)
Oficial conducción	10 (dez)

Peóns beneficiarios/as :

<u>Profesión</u>	<u>Postos a contratar</u>
Construción.	24 (vintecatros)
Xardinería-forestal	12 (doce)

Persoal Técnico administrativo beneficiarios/as:

<u>Profesión</u>	<u>Postos a contratar</u>
Auxiliar administrativo	1 (un)
Técnico Prevención de Riscos Laborais	1 (un)
Delineante	1 (un)

3. Establecer o número de postos de peóns beneficiarios a contratar nos diferentes colectivos, establecidos no apartado 9.1 das Bases de Selección de persoas candidatas:

a) 3% persoas con discapacidade igual ou superior ao 33% que poidan desempeñar as funcións do posto de traballo	2
b) 30% mulleres DLD	10
c) 22% menores de 30 anos, dos que o 50% será o primeiro emprego.	8
d) 25% persoas entre 31 e 44 anos DLD	9
e) 20% persoas maiores de 45 anos DLD .	7

4. Realizar a solicitude de persoas candidatas ás Oficinas do Servizo Público de Emprego, segundo os criterios de valoración establecidos nas bases de selección, para as distintas categorías profesionais das ocupacións ofertadas do procedemento de selección.

5. Aprobar a relación de obras a desenvolver dentro do programa na convocatoria do 2022, que deseguido se relacionan atendendo ás propostas remitidas polos diferentes servizos municipais, tales coma a eliminación de barreiras arquitectónicas nas rúas do centro urbano, reformas para a mellora do estado dos edificios públicos e melloras medioambientais das zonas verdes de acceso público - que se reflicten nas fichas normalizadas e documentación técnica correspondente anexada en expediente relacionado núm. 18946-77, asinadas pola xefatura de servizo ca conformidade da concellería delegada da área de goberno correspondente, para a súa aprobación:

a) CONCELLERÍA DE EDUCACIÓN:

- CEIP ESCULTOR ACUÑA: Reforma dos baños, no baixo do edificio principal.
- CEIP LAVADORES POMBAL: Reforma dos baños de infantil, na planta baixa do antigo edificio.
- CEIP LOPE DE VEGA: Reforma dos baños, no baixo do edificio principal.



Concello de Vigo

- CEIP OTERO PEDRAIO: Reforma dos baños, no baixo do edificio principal.
- CEIP VICENTE RISCO: Reforma dos baños de infantil, na planta baixa da ala dereita.
- EEI VILLA LAURA: Reforma dos baños, no primeiro andar do aulario.
- CEIP EMILIA PARDO BAZAN. CHOUZO: Reforma dos baños de nenas, no 1º andar do edificio principal.

b) CONCELLERÍA DE TURISMO E XUVENTUDE:

A concellería de Turismo e Xuventude ten remitido as seguintes necesidades de melloras medioambientais de zonas verdes de acceso público:

- REDESEÑO DOS XARDÍNS DA CASA DA XUVENTUDE co obxecto de renovar as plantacións existentes e adecuadas ao entorno, así como a realización dos tratamentos fitosanitarios necesarios nas distintas especies arbóreas.

c) CONCELLERÍA DE MONTES, PARQUES E XARDÍNS:

A concellería de Montes, Parques e Xardíns ten remitido as seguintes necesidades de melloras medioambientais de zonas verdes de acceso público:

- REDESEÑO E RENOVACIÓN DO XARDÍN DE ACCESO AO RECINTO DO VIVEIRO DO CASTRO, nova plantación de especies de prantas ornamentais e arbóreas.
- CONSTRUCCIÓN DE CANALETAS DE PEDRA PARA RECOLLIDA DE PLUVIAIS e escaleiras de pedra no parque do Castro.
- REFORMA DA ZONA DE ACOPIO DE ESPECIES ARBÓREAS DO VIVEIRO DO CASTRO, renovación e nova plantación.

d) CONCELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E VIDA SAUDABLE:

A concellería de Medio Ambiente ten remitido as seguintes necesidades de melloras medioambientais de zonas verdes de acceso público que constitúen uns dos espazos naturais de esparcemento, práctica deportiva e hábitos de vida saudable cun amplo uso por parte da poboación que habita no centro urbano. O entorno do río Lagares e resto de zonas verdes naturais forman parte do pulmón verde da cidade e son zonas de interese natural con baixa intervención humana, polo que responden a un proceso de conservación e protección natural:

- PROGRAMA DE RETIRADA DE PLANTAS INVASORAS E RECUPERACIÓN DE ESPECIES AUTÓCTONAS, en sendas verdes, ríos e humedais.

e) CONCELLERÍA DE FOMENTO:

A concellería de Fomento ten remitido necesidades de eliminación de barreiras arquitectónicas nas rúas do centro urbano, así coma reformas para a mellora do estado dos edificios públicos que se indican a continuación, que se corresponden co centro de emprego e sede do propio programa do Plan Municipal de Emprego e nas que se desenvolven actuacións tanto de loxística coma de formación:

- ELIMINACIÓN DE BARREIRAS ARQUITECTÓNICAS nas rúas do Centro Urbano
- Actuacións no parque Central:
 - REFORMA DE ALMACÉN para acondicionar como aula de formación.
 - MELLORA DA EFICIENCIA ENERXÉTICA E ILLAMENTO nas instalacións do servizo de desinfección

- MELLORA DA EFICIENCIA ENERXÉTICA en vestiarios 4 e 5.

f) CONCELLERÍA DE EMPREGO:

A concellería de Emprego ten remitido necesidades de reformas para a mellora dos edificios públicos que se indican a continuación, que se corresponden con instalacións previstas para desenvolvemento de programas de emprego e nas que se desenvolven actuacións tanto de loxística coma de formación:

- CONSTRUCCIÓN DE NOVA AULA DE FORMACIÓN para 10 postos. Instalacións da Rúa Pinal de Adentro
- RENOVACIÓN E MELLORA DO ACONDICIONAMENTO DO ARQUIVO AUXILIAR e da Aula de formación. Arquivo Auxiliar do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local e Emprego, sito Avda. Emilio Martínez Garrido nº 27:

g) CONCELLERÍA DE CULTURA:

A concellería de Cultura ten remitido necesidades de reformas para a mellora dos edificios públicos que se indican a continuación.

- REFORMA DE LOCAIS ANEXOS AO MUSEO MARCO, impermeabilización, instalación de acabados en lámina de pladur antihumidades e illamentos.
- CREACIÓN DUNHA ÁREA DE SERVIZO na zona de oficinas do MARCO

6. Aprobar o gasto total de 778.063,12 € con cargo ás partidas orzamentarias seguintes do orzamento municipal correspondente ao ano 2022 e 2023.

- o 2410 1310000 "PLAN DE EMPREGO INSERCIÓN LABORAL" SALARIOS:
 - Orzamento 2022 **92.477,95 €**
 - Orzamento 2023 **462.389,73 € + indemnización fin de contrato: 18.495,59 €**
- o 2410 16000001 "PROGRAMA EMPREGO INSERCIÓN LABORAL, SS..SS.":
 - Orzamento 2022 **34.116,64 €**
 - Orzamento 2023 **170.583,22 €**

Contra o presente acordo poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de LPAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ANEXO I



Concello de Vigo

BASES DE SELECCIÓN DE PERSOAS CANDIDATAS A BENEFICIARIAS DO PLAN MUNICIPAL DE EMPREGO 2022

A unidade administrativa de Desenvolvemento Local e Emprego ten encomendado o deseño e posta en marcha da proposta de actuación de desenvolvemento denominada "*Plan Municipal de Emprego para Fomentar a Inserción Laboral*" co obxectivo de mellorar a formación e facilitar a adquisición de maiores habilidades profesionais das persoas beneficiarias mellorando así, a súa capacitación e competencia profesional.

Para desenvolver estes obxectivos, a Tenencia de Alcaldía e Concellería delegada de Economía, Fondos Europeos, Patrimonio e Emprego pon en marcha o PLAN MUNICIPAL DE EMPREGO 2022, concretado na realización de contratos de duración determinada en ocupacións directamente relacionadas cos obxectivos do mesmo, que resultan necesarios para a execución de obras de interese municipal non relacionadas ca actividade propia da Administración municipal, de carácter substantivo e propio, aprobadas pola Xunta de Goberno Local; e diferenciadas das tarefas e funcións propias do persoal estatutario do Concello de Vigo regulado polo seu propio convenio cuxo artigo 1 ARCT-CC establece claramente que só é aplicable aos empregados municipais "*integrados no seu cadro de persoal*".

Os contratos de traballo e a relación das persoas contratadas polo Concello de Vigo no Plan Municipal de Emprego, estarán reguladas dentro do marco normativo que establece o Acordo Marco de regulación das condicións sociolaborais das contratacións realizadas no marco do Plan Municipal de Emprego 2004-2007, prorrogado para este ano, como referencia retributiva e de condicións sociais a aplicar nos contratos laborais temporais realizados ao abeiro do dito Plan así como descrición dos diferentes colectivos que participan no desenvolvemento dos programas de emprego do citado Plan; dotando ao programa dunha substantividade propia, dunha estrutura totalmente definida, concreta en todos os aspectos que teñen relevancia no desenvolvemento dos seus obxectivos e configurando un marco de referencia para todas as persoas traballadoras beneficiarias contratadas.

O Plan Municipal de Emprego non ten por obxecto constituír unha vía de acceso a postos de traballo, prazas e funcións propias do persoal da administración pública nin substituílo, ao tratarse dunha iniciativa onde a oferta das ocupacións responde directamente á realización dun programa de obras, actuacións e formacións concretadas previamente pola Xunta de Goberno Local e cunha duración determinada máxima de 6 meses en cada unha das dúas quendas previstas, creando oportunidades de emprego e mellorando a contorna urbana.

2. OBXECTO

O PLAN MUNICIPAL DE EMPREGO é un plan de acción directa, concretado na realización de contratos de duración determinada (máximo 6 meses) que resulten necesarios para a execución de obras de interese municipal non relacionadas ca actividade propia da Administración municipal, creando oportunidades de emprego e mellorando a contorna urbana.

As actuacións a desenvolver atenden ás propostas remitidas polos diferentes servizos municipais e que non se incardinan dentro dos servizos municipais ordinarios que ven proporcionando a administración municipal, senón en actuacións de mellora e rexeneración da contorna urbana.

3. OCUPACIÓNS BÁSICAS.

As contratacións no marco do Plan Municipal de Emprego efectuaranse no desenvolvemento das seguintes profesións: peóns, oficiais, capataces, e persoal técnico e administrativo, todos eles, beneficiarios/as. O número de beneficiarios/as a seleccionar determinarase no momento da publicación das bases da convocatoria de contratación, unha vez fiscalizadas e feita a correspondente e previa consignación pola Intervención Municipal para a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local, nas seguintes categorías ou grupos profesionais:

<i>Peóns construción</i>	<i>Oficial carpintería de madeira</i>	<i>Oficial mecánico mantemento maquinaria</i>
<i>Peóns xardinería-forestal</i>	<i>Oficial carpintería metálica</i>	<i>Oficial carpintería de aluminio</i>
<i>Auxiliar administrativo</i>	<i>Oficial condutor</i>	<i>Oficial xardinería-forestal</i>
<i>Técnico PRL</i>	<i>Oficial pintura</i>	<i>Oficial fontanería</i>
<i>Capataz construción</i>	<i>Oficial electricidade</i>	<i>Oficial albanelería</i>
<i>Delineante</i>		

4. DURACIÓN, MODALIDADE E RETRIBUCIÓN.

O Plan Municipal de Emprego 2022 é un instrumento elaborado para a realización de contratos de duración determinada (máximo 6 meses) que resulten necesarios para a execución de obras de interese municipal creando oportunidades de emprego e mellorando a contorna urbana.

4.1. Duración.-

- Como **máximo 6 meses** para o Plan Municipal de Emprego no presente ano, e coas limitacións que se establecen no propio plan.
- As persoas traballadoras seleccionadas ao abeiro deste programa temporal, deben cesar en canto remate a devandita convocatoria do Plan Municipal de Emprego, debendo figurar esta cláusula no apartado correspondente (fin do contrato), do modelo do contrato a formalizar polas persoas beneficiarias seleccionadas.
- Establécese un período de proba con carácter xeral para as persoas contratadas dun mes.

A formalización, duración e incidencias dos contratos que se realicen finalmente ás persoas aspirantes seleccionadas, estarán suxeitos, en todo caso e, respecto de calquera outra incidencia da relación laboral que se considere oportuno engadir en base á lexislación vixente, dacordo ao contido dos informes de RRHH e da Intervención Xeral.

4.2. Modalidade.-

Estímase oportuna a modalidade de **contrato de duración determinada** (artigo 1º Acordo Marco), a **xornada completa**, na modalidade de **contrato para a mellora da ocupación e a inserción laboral (código 505)** que se xunta ás presente bases reguladoras, cos dereitos e obrigas que leva implícito; en todo caso terase en conta, segundo o tipo e categoría a cubrir, a modalidade, duración e calquera outra incidencia da relación laboral, que se considere oportuno en base á lexislación vixente dacordo ao contido dos informes de RRHH e da Intervención Xeral.

Así mesmo, en calquera caso deberá figurar no obxecto do contrato a denominación e duración do **Plan Municipal de Emprego** para a realización de obras e/ou servizos de interese municipal.

4.3. Retribucións.-

- As retribucións dos traballadores beneficiarios serán as establecidas no Acordo Marco de regulación das condicións sociolaborais das contratacións realizadas no marco do Plan Municipal de Emprego, segundo as táboas salariais que se atopen en vigor no momento da contratación, e en concreto as establecidas no Capítulo 1, artigo 1.3 do acordo marco de



Concello de Vigo

referencia (beneficiarios/as), que quedarán recollidas nos respectivos contratos; resultando ditas retribucións diferenciadas do persoal do Concello de Vigo regulado polo seu propio convenio, que dispón dunha estrutura salarial dotada cos complementos (CE e CD) ligados á valoración dos postos.

- As táboas salariais poden ter un incremento salarial en base ás actualizacións que teñan lugar no mencionado Acordo marco de referencia e cas actualizacións que sexan de aplicación do Salario Mínimo Interprofesional.
- As vixentes retribucións por categoría profesional do Acordo Marco de regulación das condicións sociolaborais das contratacións realizadas no marco do Plan Municipal de Emprego, actualizadas cos incrementos salariais efectuados en 2022, son as seguintes:

Categoría	Importe bruto mes
Delineante	1.489,89
Tecnico Aux. PRL	1.489,89
Capataz-Construción	1.489,89
Oficiais (albanel, electricista, fontaneiro, pintor, xardinería, mecánica máquinaria, conducción) de Carpintería (aluminio, metálica, madeira)	1.268,54
Peóns (xardinaría e construción)	1.166,67
Auxiliar administrativo	1.166,67

5. REQUISITOS BÁSICOS

- Ter 18 anos cumpridos e capacidade legal para ser contratado/a de conformidade coa lexislación vixente. Non poderán ser contratadas persoas que superen a idade legal de xubilación establecida con carácter xeral.
- Ter capacidade funcional para o desempeño das tarefas habituais na ocupación solicitada. Sendo obrigatorio polas persoas candidatas a comunicación expresa das limitacións que poidan condicionar o desenvolvemento habitual das ditas tarefas propias e habituais do posto de traballo ao que se presenta.
- Estar desempregada/o e inscrito/a como demandante de emprego nalguna das oficinas do Servizo Público de Emprego de Galicia en Vigo, na data de solicitude de candidatos ao SPEG. Non se admitirán situacións de mellora de emprego.
- Estar empadroad/a no Concello de Vigo, cando menos 12 meses antes da solicitude de candidatos/as ao Servizo Público de Emprego de Galicia.
- Non ter sido contratado/a por este Concello con data fin de contrato, cando menos 12 meses antes da solicitude de candidatos/as ao Servizo Público de Emprego de Galicia, en ningún dos seguintes programas: VIGO EMPREGA, Programa de Escolas Obradoiro e Obradoiros de Emprego, Programas de Cooperación Xunta-Entidades Locais, ou cun contrato temporal ou de interinidade.
- Non ter sido sancionado e/ou aberto expediente disciplinario como traballador deste concello en calquera dos programas recollidos no parágrafo anterior ou en calquera outra relación contractual co Concello de Vigo, por ter incorrido en falta grave ou moi grave, sendo resultado

da apertura dalgún expediente de carácter disciplinario, ou ter incorrido en faltas leves de maneira reiterada.

- Non poderán participar na mesma convocatoria do Plan Municipal de Emprego dúas persoas pertencentes á mesma unidade de convivencia familiar, ben sexan por consanguinidade ou afinidade ata un segundo grao e/ou teñan relación conxugal ou como parella de feito.
- As persoas estranxeiras non comunitarias deben ter permiso de traballo en vigor, temporal ou permanente en regra, que autorice a traballar, na data da convocatoria, e mantendo esta situación ata o momento da contratación.
- Presentar a documentación completa e en regra, requirida polo Programa e polo SPEG no prazo establecido na convocatoria. O incumprimento dos prazos implicará a exclusión automática do proceso de selección.

6. REQUISITOS ESPECÍFICOS

OCUPACIÓN	REQUISITOS	CATEGORÍA segundo Acordo Marco do Plan Municipal de Emprego do Concello de Vigo (beneficiarios)
Auxiliar administrativo/a	Diploma ou certificación de estar en posesión da formación académica correspondente: formación profesional de grado medio ou superior.	Capítulo 1, artigo 1.3 do acordo marco de referencia (beneficiarios/as)
Técnico de Prevención de Riscos Laborais	Diploma ou certificación de estar en posesión da formación académica correspondente: Técnico de Prevención de Riscos Laborais.	Capítulo 1, artigo 1.3 do acordo marco de referencia (beneficiarios/as)
Delineante	Diploma ou certificación de estar en posesión da formación académica correspondente: formación profesional de grado medio ou superior.	Capítulo 1, artigo 1.3 do acordo marco de referencia (beneficiarios/as)
Capataces	Posuír a experiencia e/ou formación que acredite a categoría de capataz no oficio correspondente. Experiencia mínima de 2 anos no mesmo posto e de igual categoría. A categoría mínima que se valorará será do grupo de cotización 6 segundo establece o Informe de Vida Laboral e que ademais figure como capataz ou encargado segundo veña recollido nos contratos de traballo, certificados de empresa ou no seu defecto, nóminas.	Capítulo 1, artigo 1.3 do acordo marco de referencia (beneficiarios/as)
Oficiais de oficios (nas especialidades que se indican no apartado 3º destas bases)	Ter un coñecemento exhaustivo e facer o seguimento das normas no relativo á saúde laboral e á prevención de riscos laborais. Ter a experiencia e/ou formación que acredite a categoría de oficial no oficio ao que opta. Valorarase a formación recibida. Experiencia mínima de 1 ano na mesma ocupación e de igual categoría. A categoría mínima que se valorará será do grupo de cotización 8 ou 9 segundo establece o Informe de Vida Laboral e como oficial de 1ª ou 2ª, segundo veña recollido nos contratos de traballo, certificados de empresa ou no seu defecto, nóminas.	Capítulo 1, artigo 1.3 do acordo marco de referencia (beneficiarios/as)



Concello de Vigo

OCUPACIÓN	REQUISITOS	CATEGORÍA segundo Acordo Marco do Plan Municipal de Emprego do Concello de Vigo (beneficiarios)
Oficiais condución	<p>Os condutores deberán estar en posesión de tódolos permisos Profesionais e de conducir, obrigatoriamente B, C, D, E, actualizados e en vigor.</p> <p>Ter un coñecemento exhaustivo e facer o seguimento das normas no relativo á saúde laboral e á prevención de riscos laborais.</p> <p>Experiencia mínima de 2 anos como condutor de vehículos. A categoría mínima que se valorará será do grupo de cotización 8 ou 9 segundo establece o Informe de Vida Laboral e como oficial de 1ª ou 2ª segundo veña recollido nos contratos de traballo, certificados de empresa ou no seu defecto, nóminas.</p>	Capítulo 1, artigo 1.3 do acordo marco de referencia (beneficiarios/as)
Peóns/oas	Non é necesaria cualificación previa no tipo de traballo a desenvolver	Capítulo 1, artigo 1.3 do acordo marco de referencia (beneficiarios/as)

7. FORMACIÓN

O artigo 2º do Acordo Marco de regulación das condicións sociolaborais das contratacións realizadas no marco do Plan Municipal de Emprego 2004-2007, prorrogado para este ano, establece a necesidade, *en todos os casos, de desenvolver complementariamente á realización das funcións propias de cada contrato (nos casos nos que non estea considerado), unha acción formativa intensa, tanto en competencias profesionais das persoas participantes, como en competencias persoais, dúas das facetas determinantes no referido ás condicións de ocupabilidade das persoas. Como mínimo dedicarse o 15% do tempo do contrato a formación. Dependendo das características de cada programa/proxecto, e dentro das súas posibilidades, tenderase a concentrar a formación nun día á semana.*

A modalidade de contrato de duración determinada reflectida na Base Cuarta para desenvolver as actuacións previstas neste plan **non é un contrato formativo** dos contemplados pola vixente lexislación laboral (artigo 11 ET), senón un contrato para a execución de obras de interese municipal de carácter substantivo e propio non relacionadas ca actividade propia da Administración municipal e acoutadas por un período máximo de 6 meses; o que obriga a adicar *o 15% do tempo do contrato a formación, tanto en competencias profesionais como en competencias persoais*, aos efectos de dar estricto cumprimento ao establecido no artigo 2 do referido Acordo Marco de regulación das condicións sociolaborais das contratacións realizadas no marco do Plan Municipal de Emprego 2004-2007.

A este respecto, a carga formativa do programa articularase dentro do horario laboral complementándoa co traballo en obra, e adaptarase ás necesidades do entorno e do mercado laboral propio da cidade de Vigo e da súa Área Metropolitana, apostando pola innovación, a aplicación de novas técnicas e tecnoloxías e a especialización, estimando desenvolver a seguinte oferta formativa prevista:

PROGRAMA DE FORMACION	Nº alumnos	Nº HORAS	Temática	Especialidade
Nivel básico de prevención de riscos laborais	15	60h	Iniciais	PRL
PRL para traballos no sector da construción	45	6h		
PRL específico para xardinería	17	6h		
PRL específico para albanelería	36	8h		
Riscos e medidas preventivas asociadas ao manexo de grúa autocargante	10	5h		
Seguridade e manexo de plataformas elevadoras e camión portacontedores	10	5h		
Primeiros auxilios	76	20h		
Manexo seguro de maquinaria de construción	25	5h		
Plataformas elevadoras	20	2h		
Montaxe de andamio Tubular	17	10h		
Impermeabilización mediante membranas formadas con laminas	20	30h	Especialización técnica	Construción
Novos materiais de construción illamentos térmicos, acústico e contra o lume.	20	30h		
Instalacións placa de seixo laminada e falsos teitos	20	30h		
Control de proxectos e obras de construción (capataces)	3	30h		
Soldadura por arco baixo gas mig, mag e tig.	15	30h		
Pintura decorativa e novos materiais de acabados: vinilos, papel pintado...	15	30h		
Novos tratamentos para a madeira a tecnificación da madeira	10	40h		
Fontanería novos materiais e técnicas (instalacións solares ACS)	10	50h		
Deseño e mantemento de instalacións enerxía solar fotovoltaica	10	50h		
Xornada orientación laboral e busca de emprego nas redes sociais.	76	10h	Orientación Sensibilización	Comúns
Igualdade de oportunidades	76	10h		
Tramitación e administración dixital	76	10h		
Habilidades Sociais	76	5h		
Sensibilización Ambiental	76	10h		
Planificación e deseño de xardíns (paisaxismo)	17	15h	Técnicación/ Especialización	Xardinería
Aplicador de produtos fito-sanitarios e biocidas	17	10h		
Podas ornamentais e podas forestais	17	5h		
Tratamento de restos e residuos forestais e vexetais, reciclaxe	17	10h		
Tratamento e erradicación de especies invasoras	17	10h		
Procesamento dos restos vexetais e produción de biomasa	17	20h		

Todas as persoas candidatas seleccionadas para formar parte do Plan Municipal de Emprego deberán obrigatoriamente subscribir un compromiso en virtude do cal, se comprometen a levar a cabo as accións formativas que o equipo técnico considere oportunas en aspectos relacionados ca ocupación para a cal foron contratados.

A negativa a subscribilo, suporá a exclusión do proceso selectivo e o seu incumprimento por parte dos/as beneficiarios/as durante o período de contrato poderá ser motivo de cese laboral, é dicir, a rescisión do contrato laboral.

PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN

8. FASES DO PROCESO DE SELECCIÓN

1. Publicación das bases reguladoras da convocatoria no Diario Oficial de Galicia, no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, no taboleiro de anuncios do Concello de Vigo e na páxina web municipal, así coma do anuncio do inicio do procedemento de selección de candidatos ao programa en cada quenda correspondente (pode ser publicado tamén na prensa local).
2. O departamento municipal de Desenvolvemento Local e Emprego do Concello de Vigo, solicitará ao SPEG as/os traballadoras/es que correspondan, de acordo coas características recollidas nas bases mediante a remisión da correspondente Oferta de Emprego, facendo referencia ás características que deben reunir os/as traballadores/as que se contratarán para o adecuado desempeño das funcións inherentes ás categorías profesionais das ocupacións ofertadas. As Oficinas do Servizo Público de Emprego de Galicia en Vigo, serán as encargadas de enviar as persoas candidatas solicitadas.



Concello de Vigo

No caso de que, as oficinas de emprego do SPEG en Vigo, non remitan candidatos suficientes para as categorías profesionais das ocupacións ofertadas, solicitarase ás oficinas do SPEG a ampliación das ofertas presentadas, coa finalidade de acadar o número de persoas candidatas para realizar un proceso de selección efectivo e con garantías de éxito.

3. Posteriormente, procederase á comprobación da documentación requirida e o cumprimento de requisitos básicos. As persoas que non cumpran o perfil definido nestas bases serán inadmitidos e non accederán ao proceso selectivo.

De non obter candidatos suficientes, este Concello poderá recorrer a recursos municipais propios, ampliando tamén a busca de candidatos aos usuarios inscritos no Servizo de Orientación Laboral (SOL) do Concello de Vigo, e sempre e cando cumpran os requisitos establecidos nestas bases de convocatoria.

4. Unha vez publicada a relación de persoas candidatas admitidas procederase á realización das probas: escrita e práctica.

5. Proba Escrita (máximo 2 puntos)

A proba terá un mínimo de vinte (20) preguntas, e deberá ser capaz de avaliar a actitude e interese que demostra a persoa candidata, na participación no programa, e a posible adecuación do seu perfil á finalidade do mesmo. Valoraranse aspectos ocupacionais, rasgos de personalidade, actitude ante o programa. Incidirase en aspectos vinculados á busca de emprego, a orientación persoal, a formación para o emprego, o interese polo desempeño e o rendemento.

Solicitarase información ás persoas candidatas sobre: as condicións sociolaborais do contrato e as características da contratación, o estado anímico, o estado físico, o interese polo emprego, competencias profesionais e coñecementos relacionados co posto.

Os puntos obtidos nesta fase sumaranse ao resto das puntuacións que se acaden, sempre que a persoa candidata non obteña a cualificación NSNM (non supera a nota mínima); consideraránse NSNM as persoas candidatas que obteñan unha puntuación igual ou inferior a 1 punto.

As persoas candidatas cunha cualificación de "NSNM", serán excluídas do proceso de selección.

6. Proba práctica (máximo 4 puntos)

A Comisión de Selección propondrá as probas prácticas relacionadas coas funcións e tarefas das categorías profesionais das ocupacións ofertadas. Valoraranse competencias básicas onde os candidatos aplicarán habilidades profesionais básicas relacionadas co oficio e os coñecementos técnicos necesarios. As probas estarán apoiadas por asesores técnicos do Plan Municipal de Emprego e dos diferentes Servizos Municipais que colaboran no deseño, control e concreción técnica desta avaliación.

- Persoal técnico e Administrativo, capataces, e oficiais de oficios: as probas realizaranse para que os/as candidatos/as, demostren o seu coñecemento da profesión. As probas deseñaranse dacordo á profesión e as tarefas máis comúns que se teñen previsto desenvolver conforme ás obras aprobadas pola Xunta de Goberno Local.

- Peóns, as probas prácticas son xenéricas de coñecemento básico de ferramentas e utilización das mesmas, sen que, para o desenvolvemento sexa necesaria experiencia práctica en obras públicas, xardinería ou limpeza.

No caso de obter unha puntuación igual ou inferior a 1 punto, considerarase que "NSNM" e a persoa quedará excluída do proceso de selección.

7. Unha vez rematada a proba práctica publicaranse as notas e procederase á **fase de baremación** dos candidatos.

9. VALORACIÓN DE CANDIDATOS/AS A BENEFICIARIOS/AS

Dada a natureza e especiais características do Plan Municipal de Emprego, o procedemento de selección terá en conta, os diferentes colectivos entre os que se seleccionarán ás persoas candidatas; concretamente:

9.1. Tentarase unha distribución que permita cando menos a presenza nos postos de peóns de:

1. **3%** persoas con discapacidade igual ou superior ao 33% que poidan desempeñar as tarefas propias da ocupación, profesión ou oficio.
2. **22%** persoas menores ou iguais a 30 anos, dos que o 50% será o primeiro emprego.
 - **30%** mulleres.
 - **25%** persoas entre 31 e 45 anos *DLD.
3. **20%** persoas maiores de 45 anos *DLD.

**DLD: Levar un mínimo de 1 ano inscrito ininterrompidamente como demandante de emprego nas oficinas do Servizo Público de Emprego, contando dende a data de solicitude de candidatos nas oficinas do SPEG e non superar, nesos doce meses anteriores, máis de 90 días traballados.*

4. O **persoal administrativo e técnico beneficiario** será seleccionado entre candidatos remitidos polo SPEG que pertencen ao colectivo de persoas menores ou iguais a 30 anos en busca do seu primeiro emprego.

9.2. Baremaranse os colectivos para o posto de Peón segundo o seguinte cadro:

COLECTIVO	PUNTUACIÓN
Persoa discapacitada	1
Muller	1
Xente moza menor ou igual a 30 anos.	1
Persoas entre 31 e 45 anos DLD.	0,5
Maior de 45 anos DLD	0,5

- *Aplicaranse as puntuacións da táboa anterior en función do colectivo polo que foron preseleccionados na oficina do SPEG de Vigo, e aplicaráselles, se é o caso, un 0,20 puntos por cada requisito que cumpran dos segundos ou subseguintes colectivos.*

9.3. Valoración da experiencia laboral e formación dos capataces e oficiais.

O Plan Municipal de Emprego necesita incorporar un número de profesionais con experiencia profesional e con certas habilidades formativas nos oficios relacionados coa construción e os servizos.



Concello de Vigo

Deste xeito, valorarase a experiencia laboral e formación directamente relacionados coa actividade a desenvolver dos capataces e oficiais nos termos que se indican a continuación:

- **Experiencia laboral:** 0,1 puntos/mes que exceda do mínimo esixido (máximo 5 puntos)
- **Formación:** (máximo 3 puntos)
(só se puntuará cada curso unha vez, aínda que se repetise en varias ocasións ou se realizase con diferentes entidades)

Relacionada co posto (recibida ou impartida):

Por cada curso de entre 20 e 49 horas	0,10
Por cada curso de entre 50 e 99 horas	0,20
Por cada curso de entre 100 e 199 horas	0,30
Por cada curso igual ou superior a 200 horas	0,40

Relacionada coa Prevención de Riscos Laborais

Curso básico de Prevención de entre 0 e 30 horas	0,20
Curso de Prevención de entre 31 e 50 horas	0,40
Curso de Prevención de máis 50 horas	0,60

Relacionado directamente coa especialidade:

Tarxetas ou carnets profesionais	0,50
----------------------------------	------

10. FINALIZACIÓN DO PROCESO DE SELECCIÓN E LISTAXES DE SUBSTITUCIÓN.

Realizada a baremación dos candidados, procederase á publicación das listaxes cas puntuacións totais acadadas polos beneficiarios a contratar, xunto ca listaxe de suplentes.

As persoas candidatas que non fosen contratadas e tivesen superado o proceso selectivo, formarán parte dunha lista de substitucións ordenada en función da puntuación obtida, de maior a menor, aos efectos de poder ser contratados para substitucións ou renuncias doutros/as traballadores/as para este programa de emprego e para ocupacións de igual categoría e cualificación.

11. PERSOAS CANDIDATAS CON DISCAPACIDADE

As persoas candidatas cun grao de discapacidade igual ou superior ao 33% (acreditado mediante certificación emitida polas entidades competentes) deberán achegar con carácter previo á contratación, o informe de compatibilidade do EVO onde se acredite a compatibilidade da minusvalía coas tarefas a desenvolver na ocupación profesional á que se presenta.

De resultar necesario, e coa finalidade de axilizar os trámites, poderase autorizar aos responsables do programa para solicitar ás oficinas do EVO as certificacións necesarias das persoas seleccionadas.

Sen a presentación do informe, non poderán ser contratados para a participación neste programa.

En todo caso, as persoas candidatas, terán a obriga de informar expresamente do seu estado biolóxico se teñen discapacidade física, psíquica ou sensorial, ou cando se atopen en situacións transitorias, que non sexan compatibles coas exixencias psicofísicas das respectivas ocupacións profesionais ás que optan.

No caso de enfermidades crónicas, lesións ou problemas de saúde, as persoas candidatas, terán a obriga de informar ao servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, no momento da achega da documentación previa ao proceso de selección, e en todo caso, deberán presentar certificación médica que acredite o estado biolóxico compatible da persoa candidata coas tarefas e funcións a desenvolver na categoría ou grupo profesional da ocupación á que se presenta.

12. COMISIÓN DE SELECCIÓN

O órgano de selección terá carácter colexiado, actuando todos os membros con voz e voto, a excepción do secretario/a, e comparecerán a título individual en cumprimento do art. 60, do Real Decreto legislativo 5/2015 do 30 de outubro Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público.

Composición:

- A Xefatura do Servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local do Concello de Vigo e no caso da creación de máis dunha comisión, funcionario/a ou laboral fixo relacionado coas ocupacións obxecto da convocatoria
- Un/ha funcionario/a do Concello de Vigo que actuará como Secretaria/o.
- Tres funcionarios/as ou persoal laboral fixo do Concello de Vigo.

Poderán nomear asesores especialistas na materia, que comparecerán a título individual e cumprindo co disposto no art. 60 do **TREBEP**.

A/O secretaria/o, preferentemente da rama xurídica, intervirá con voz e sen voto, con funcións de asesoramento legal ao órgano de selección, custodia dos exames e actas, elaboración de actas e acordos e informe xurídico en relación cos recursos administrativos que poidan presentarse contra os actos e acordos do órgano de selección. Igualmente deberá realizar as funcións previstas no artigo 16 da Lei 40/2015, do 01 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

Todos os membros da Comisión de Selección serán propostos pola Tenencia de Alcaldía e Concellería delegada de Economía, Fondos Europeos, Patrimonio e Emprego xunto cos titulares e suplentes correspondentes, con titulación igual ou superior á do grupo ou categoría profesional da ocupación ofertada, debendo comparecer todos eles a título individual e cumprindo co estipulado no art. 60 do Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público.

O órgano de selección en canto á súa composición e funcionamento, deberá respectar obrigatoriamente o disposto no artigo 60 do Real Decreto legislativo 5/2015 do 30 de outubro Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público, así coma calquera outra normativa legal vixente de aplicación.

Da valoración que a Comisión de Selección realice dos/as candidatos/as, emitirase Acta co listado do persoal seleccionado.

A Comisión de selección contará co asesoramento técnico do persoal do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, que estime necesario. Os membros da comisión de selección e os seus asesores especialistas, percibirán como resultado da súa participación na mesma, as dietas que a normativa en vigor establece.

A participación neste proceso selectivo implica aceptar a utilización dos datos persoais das persoas candidatas á unidade administrativa de Desenvolvemento Local e Emprego, exclusivamente para os



Concello de Vigo

fins que se definen nestas bases de convocatoria, cumprindo os requisitos establecidos no Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais.

13. OUTRA INFORMACIÓN PARA AS PERSOAS CANDIDATAS.

A formalización, duración e incidencias dos contratos que se realicen finalmente aos aspirantes seleccionados, estarán suxeitos, (ademais do estipulado no aptdo. 4 dunha duración temporal dun máximo de 6 meses), ás limitacións legais establecidas no art. 15.5 do Estatuto dos Traballadores, modificado polo art. 1.3 do Real Decreto-lei 32/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo - redactado conforme á corrección de erros publicada en BOE núm. 16, de 19 de xaneiro de 2022, vixente dende o 30 de marzo de 2022 (D.F. 8.2.b) do citado Real Decreto-lei, que refire a persoas traballadoras que nun período de vinte e catro meses tivesen estado contratadas durante un prazo superior a dezoito meses, con ou sen solución de continuidade, para o mesmo ou diferente posto de traballo ca mesma empresa ou grupo de empresas, mediante dous ou máis contratos por circunstancias da produción, circunstancia da cal se emitirá informe previo á contratación pola xefatura do servizo que corresponda, sobre dito cumprimento dos aspirantes seleccionados, e ademais ao disposto no Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público, Lei 2/2009, do 23 de xuño, de modificación do texto refundido da Lei da función pública de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/2008, do 13 de marzo e demais lexislación de aplicación, formalizándose o contrato só ás persoas aspirantes seleccionadas que cumpran cos requisitos expostos, circunstancia da que se informa aos/as aspirantes.

· INCIDENCIA DA COVID-19.

Debido á necesidade de desenvolver as actuacións propias do programa dunha maneira segura e tomando como referencia as normas de aplicación pola incidencia do COVID-19, precísase o establecemento das seguintes medidas de seguridade individual e colectiva:

- **Proceso de Selección:** A entrega de documentación necesaria para acreditar as diferentes situacións persoais e profesionais farase presencialmente nas oficinas administrativas do Plan Municipal de Emprego sito na rúa Bagunda nº 1, baixo cita previa, establecida e comunicada ás persoas beneficiarias candidatas por persoal do equipo técnico do programa. Durante a recollida/entrega de material deberase respectar a distancia de seguridade de 2 m.

A realización das probos escritas e prácticas serán convocadas pola comisión de selección correspondente, terán lugar de maneira escalonada, por postos de traballo ofertados e ou colectivos, coa finalidade de reducir a afluencia de persoas candidatas e minimizar o risco de contaxio.

- Indícase a necesidade do uso da máscara para o persoal do Concello de Vigo (dacordo ca Resolución da Alcaldía do 20/04/2022) nas seguintes circunstancias:
 - Para todas aquelas persoas que presenten síntomas compatibles coa COVID-19, mentres dure a sintomatoloxía.
 - Para todas aquelas persoas que sexan positivas en COVID-19, asintomáticas ou con síntomas leves, durante 10 días dende o diagnóstico. Estas persoas infectadas deberán evitar o contacto con vulnerables.
 - Para todas aquelas persoas que fosen contacto estreito cun positivo en COVID-19, durante alomenos os 5 días seguintes ao contacto.
 - Para todas aquelas persoas especialmente sensibles ou vulnerables á COVID-19 1, salvo que realicen o traballo sen contacto con terceiros. Nestes casos a máscara que debe ser utilizada é a de protección FFP2/FFP3. Estas persoas vulnerables deben solicitar revisión do seu caso polo servizo de vixilancia da saúde por se fose necesaria a adopción de medidas adicionais mediante solicitude ao correo electrónico sprl@vi-

go.org indicando nome e apelidos, posto e teléfono de contacto (non se enviarán a este correo electrónico informes médicos).

- Rematado o proceso de selección, procederase á formalización dos contratos laborais de duración determinada mediante a **sinatura de contrato** que se realizará nas oficinas administrativas do Plan Municipal de Emprego, sito na Rúa A Bagunda, nº1, coa intención de evitar aglomeracións e tempos de espera farase escalonadamente
 - Unha vez asinado o contrato desenvolverase unhas reunións iniciais con cada grupo na aula de formación con limitación de aforo e mantendo distancias de seguridade, reparto previo de medios de protección individual, ventilación de espazos e desinfección entre reunión e reunión.
 - Entrega de chaves de taquilla, tarxetas de fichaxe, roupas e EPIS, definir a planificación da formación a recibir inicialmente e no desenvolvemento do programa.
 - Os diferentes grupos de obra organizaranse por especialidades e ubicaranse diferentes zonas para as saídas a obra evitando así a aglomeración do persoal. As entradas ao centro de traballo e as saídas, durante a incidencia do COVID-19 serán tamén escalonadas para evitar aglomeracións nos tempos de espera.
- **A formación:** as primeiras xornadas adicaranse a formación inicial en Prevención de Riscos Laborais. A distribución será por especialidades e o máximo de persoas por curso será de 20 alumnos. Tentarase concentrar máis formación de especialización e perfeccionamento profesional no primeiro mes de contrato e desenvolveranse diferentes formacións de carácter transversal e tecnificación en diferentes períodos ao longo da duración do contrato.
- **Reparto de Roupas e EPIS:** por unidades de obra evitando así a acumulación de persoal facendo esperas prolongadas.
O lavado de roupas de traballo deberá ser diario e responsabilidade de cada traballador.
- **Recoñecemento médico:** realizarase durante o período de proba das contratacións.
- **As obras:** a posta en marcha das diferentes obras realizarase de xeito progresivo xunto ca formación, organizando por grupos. As unidades de traballo consideraranse no posible como burbullas de traballadores, tanto en obra como no transporte e incluso na formación consideraranse unidades de “convivencia” fixas e no que o contacto cos outros traballadores estea limitado ao imprescindible, coa finalidade de evitar contactos innecesarios que poidan provocar un aumento indesexado de transmisión en caso de que se producise algún positivo en **Covid-19**.
En obra nos espazos públicos: estradas, parques etc, os traballadores deben traballar mantendo distancia de seguridade, uso de máscara, luvas e hixiene constante de mans.
- **A afluencia á oficina administrativa** do Programa deberá estar reducida ao mínimo posible comunicando por correo electrónico ou telefonicamente calquera asunto que precise tratamento ou coñecemento por parte do persoal do equipo técnico do programa. De ser necesario realizar algún trámite, como partes de accidentes e remisión a mutua de accidentes, só poderá ser atendido un usuario de cada vez.
Non se poderán compartir obxectos de traballo na medida do posible (teclados, material de oficina, teléfonos fixos, teléfonos móbiles, documentos en papel...). Priorizarase o manexo de documentos en formato dixital. Se son compartidos, deberán ser desinfectados antes e despois do uso.
Durante a recollida/entrega de material deberase respectar a distancia de seguridade de 2 m.
- **Os vehículos** respectarán os aforos necesarios para garantir a seguridade e tal e como os establece a normativa en vigor. Os vehículos serán desinfectados se van ser usados por diferentes persoas ou grupos de persoas, esta labor será desenvolvida por oficiais



Concello de Vigo

condutores e coa colaboración do persoal de apoio se fose necesario. Ventilar constantemente durante a quenda de traballo o seu espazo de traballo (oficinas, vehículos, etc...) e as zonas comúns.

En función da dispoñibilidade de vehículos, se é preciso farase unha saída a obra e unha recollida, escadada, prolongando tempos de desprazamento pero primando a seguridade.

- **As ferramentas e materiais** de uso diario recolleranse a diario nos dous almacéns dispoñibles a tal efecto, e dividirase o persoal en grupos en cada almacén para que non se produzan aglomeracións, téndose instalado en cada almacén dispensadores de xel hidroalcohólico para uso de todos os traballadores. As ferramentas serán desinfectadas a diario tanto en obra como na súa recollida no almacén, e entréganse ao día seguinte desinfectadas.
- **Darase cumprimento ao Protocolo do SPPRL por síntomas asociados á enfermidade COVID-19** que estea en vigor e resulte de aplicación.
- **Máis información:** Poderán consultarse as bases do proceso de selección nas dependencias do Plan Municipal de Emprego, así como na páxina web <http://www.hoxe.vigo.org> e no taboleiro de anuncios do Concello.

12(862).- REINTEGRO PARCIAL DA AXUDA MUNICIPAL Á CONTRATACIÓN 2021 CONCEDIDA A MAROSA VAT SLU. EXPTE. 19402/77

Visto o informe de fiscalización do 07/10/2022, dáse conta do informe-proposta de data 07/09/2022, asinado pola xefa de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, a concelleira-delegada de Emprego e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da LXS
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común (LPAC)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF).
- Bases reguladoras e convocatoria do programa de Axudas Municipais á Contratación 2021.

ANTECEDENTES

Con data do 21.07.2021 e documento co núm. de rexistro 210131517 a entidade Marosa Vat SLU co NIF B27835560 presentou solicitude de Axuda Municipal á Contratación 2021, xunto co documento que autoriza a súa representación á empresa Blázquez y Astorga SLP co NIF B27767342.

Con data do 09.09.2021 e documento co núm. de rexistro 210184299 a entidade Marosa Vat SLU co NIF B27835560 achega outra documentación necesaria para completar o expediente de solicitude de subvención do Programa Indefinidos (expte. 18334/77).

Na data do 24.09.2021 e documento co núm. de rexistro 210194261 achega xustificante de pago das súas obrigas tributarias co Concello de Vigo.

A Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, na súa sesión ordinaria do 29.10.2021, acordou outorgarlle unha axuda por importe de 3.000,00 €.

Con data do 29.10.2021 e rexistro de saída número 79740-2021-1 comunícaselle a concesión da axuda, o seu importe, e o prazo para a súa aceptación e presentación da documentación necesaria para a xustificación e pago da mesma.

Con data do 11.11.2021 e documento co núm. de rexistro 210228138 a entidade Marosa Vat SLU co NIF B27835560 presenta, dentro do prazo establecido ao efecto, a documentación necesaria para a xustificación e pago da axuda outorgada, segundo consta no expediente 18789/77 de xustificación e pago da axuda.

Con data 10.05.2022 e documento co núm. de rexistro 220095457, Marosa Vat SLU co NIF B27835560 comunica, en síntese, que a traballadora pola que se lle concedeu a axuda causou baixa voluntaria e que, debido a numerosas contratacións previas a esta baixa, non é posible proceder a súa substitución.

O concelleiro delegado de Cultura e Emprego resolveu iniciar a tramitación do procedemento de revogación e requirimento de reintegro parcial da subvención concedida a Marosa Vat SLU co NIF B27835560 dentro do programa de Axudas Municipais á Contratación 2021 (expte. 19402/77).

FUNDAMENTOS DE DEREITO

As Bases reguladoras e convocatoria do programa de Axudas Municipais á Contratación 2021, expediente 18280/77, establecen:

- Na base 2ª, apartado a.4. *Obrigas:*

- no apartado a.4.2.: *“Comunicar ao Concello de Vigo calquera modificación das condicións que se produzan a partir da presentación da solicitude da axuda e das que se tiveron en conta no momento da concesión, así como dos seus compromisos e obrigas.”*

- no apartado a.4.5.: *“Ter no seu cadro de persoal á persoa contratada durante un período mínimo dous anos desde a transformación da modalidade do contrato ou, de ser ao contrario, ter cumprido ás condicións da base 2ª, apartado a.7.”*

- Na base 2ª, apartado a.7 *Alteración das condicións de concesión:* *“Comunicarase o cese da actividade ou a modificación das condicións que se produzan a partir da presentación da solicitude. Cando esta comunicación se produza con posterioridade á concesión da subvención, salvo causa xustificada, dará lugar ao reintegro da subvención na proporción*



Concello de Vigo

que lle corresponda segundo a consecución do tempo do contrato ao abeiro do disposto no punto a.4.5.

No suposto de extinción da relación laboral da persoa pola que se lle concedeu a subvención, con independencia da causa, procederase á cobertura do seu posto por unha nova persoa traballadora, cun perfil similar ou equivalente, por medio da transformación dun contrato temporal que estivese vixente na data de baixa da persoa traballadora substituída. De non ser isto posible, cunha nova contratación indefinida inicial realizada cunha persoa desempregada que reúna os requisitos da presente convocatoria dentro dos dez días seguintes ao cese, que resultará seleccionada entre as candidaturas proporcionadas polo Servizo Público de Emprego e/ou polo unidade de Desenvolvemento Local e Emprego do Concello de Vigo aos que se solicitarán previamente.

No caso de que nin desde o servizo Público de Emprego de Galicia nin desde a unidade de Desenvolvemento Local e Emprego se subministrase candidatura co perfil requirido para ocupar o posto de traballo vacante, admitirase á empresa beneficiaria a incorporación dunha nova persoa traballadora co mesmo perfil e características da persoa substituída pola que se lle concedeu a axuda, ou procederá reintegrar o importe da subvención proporcional ao tempo no que a contratación deixa de ser efectiva segundo o disposto no punto a.4.5 e a LXS.”

- na Base 5ª, apartado a) Perda do dereito ao cobro, nulidade e reintegro: “O incumprimento por parte do/a beneficiario/a da subvención de calquera das obrigas, requisitos, condicións e demais circunstancias que produciron o seu outorgamento, a variación da finalidade da actuación, a insuficiente xustificación do proxecto, así como a obtención concorrente doutras axudas incompatibles dará lugar, en cada caso, á perda do dereito ao cobro da subvención, á redución da contía da mesma ou ó reintegro total ou parcial das cantidades percibidas máis os correspondentes xuros de demora desde o momento do pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro, sen menoscabo das sancións, que de ser o caso, resulten esixibles.

Para a determinación das causas de nulidade e anulabilidade do acordo de concesión das axudas e de reintegro das mesmas estarase ao disposto nos artigos 36 e ss. da LXS. En todo caso, cando concorran causas de reintegro, a entidade reintegrará as cantidades percibidas e a esixencia dos xuros de mora dende o aboamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro.

...O acordo da Xunta de Goberno Local que determine a perda ou o reintegro total ou parcial da subvención, adoptarase previa instrución do expediente, cuxo inicio se notificará ao/á beneficiario/a co conseguinte trámite de audiencia e prazo para formular alegacións, e no que deberá constar informe e proposta razoada da unidade de Desenvolvemento Local e Emprego.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa das actuacións subvencionadas, traducible a termos económicos, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo ou condicións da subvención, procederá a aplicación da regra de proporcionalidade a efectos de reintegro e conseguinte redución proporcional da contía da subvención.”

- Reintegro de subvencións:

Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia dos xuros de mora correspondentes desde o momento do pago da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro cando o/a beneficiario/a incorra nalgún dos casos previstos no art. 37 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS) e 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

O artigo 91 do Regulamento da LXS (aprobado mediante RD 887/2006, do 21 de xullo, RLXS), establece que o beneficiario deberá cumprir todos e cada un dos obxectivos, actividades, e proxectos, adoptar os comportamentos que fundamentaron a concesión da subvención e cumprir cos compromisos asumidos con motivo da mesma. Noutro caso, procederá o reintegro total ou parcial, atendendo aos criterios establecidos nas bases reguladoras da subvención.

O procedemento de reintegro da subvención é o establecido no artigo 42 da LXS. A tal efecto, o acordo da Xunta de Goberno Local que determine o reintegro da axuda concedida adoptárase previa instrución do expediente, cuxo inicio se notificará á interesada co conseguinte trámite de audiencia e prazo para formular alegacións ou presentar a documentación que considere pertinente e que deberá constar no informe-proposta do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local.

Xa que logo, procedeuse mediante orde de inicio de expediente 19402/77, asinada polo concelleiro de Cultura e Emprego de data do 21.07.2022, ao inicio do procedemento de reintegro parcial da subvención outorgada mediante acordo da Xunta de Goberno Local do 29.10.2021 a prol de Marosa Vat SLU co NIF B27835560, en concepto de Axuda Municipal á Contratación 2021.

Mediante notificación asinada pola técnica de administración xeral da unidade de Desenvolvemento Local e Emprego en data do 26.07.2022, efectuouse o trámite de audiencia e posta a disposición do expediente, a fin de que no prazo de dez días a entidade puidese achegar as alegacións e documentación que considerase oportunas.

O acuse de recibo do 02.08.2022 que obra no expediente deixa constancia da recepción da devandita notificación.

Xa que logo, resulta procedente formular a proposta de acordo de reintegro parcial da subvención outorgada de acordo cos antecedentes e fundamento que consta no expediente 19402/77, de xeito que:

Examinados os expedientes núm. 18334/77 de solicitude da axuda e o expediente núm. 18789/77 de xustificación e pago da axuda concedida, e ao abeiro do disposto nas bases reguladoras da convocatoria e da regulación contida nos artigos 34, 37 e 42 da Lei 38/2003,



Concello de Vigo

de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e os artigos 31, 33 e 38 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia verifícase que

5)a empresa solicitou unha axuda pola transformación a indefinido na data do 19/02/2021 do contrato da traballadora I. Herbelo Lagoa.

6)a empresa aceptou e xustificou a subvención outorgada polo que se procedeu ao seu pago na data do 07.12.2021.

7)a persoa traballadora pola que se lle concedeu a axuda causa baixa voluntaria con data do 30.04.2022 segundo informa a empresa no documento 220095457 presentado no Rexistro Xeral con data do 10.05.2022, de conformidade coa base a.4.2.

8)a empresa xustifica a imposibilidade da substitución da traballadora pero ao non proceder á cobertura da súa vacante incumpre o establecido na base 1.7.

9)A contratación indefinida se mantivo por un período de 14 meses e 12 días que é inferior a dous anos polo que incumpre o disposto na base a.4.5.

Tendo en conta, segundo xustifica a empresa, as contratacións previas á baixa da traballadora e o interese na actual coxuntura socioeconómica de favorecer o mantemento da actividade empresarial e, polo tanto, o fomento do emprego se considera xustificado o motivo da non substitución da traballadora; non obstante, o tempo transcorrido desde a data da transformación do contrato a indefinido ata a baixa voluntaria da traballadora é de 14 meses e 12 días que é inferior a 2 anos (24 meses) polo que, en aplicación da regra de proporcionalidade conforme á base 5ª a), resulta procedente a incoación do expediente de REINTEGRO PARCIAL por importe de 1.200,00€ á entidade Marosa Vat SLU co NIF B27835560 e os xuros de mora desde o momento do pago da subvención ata a data do acordo de procedencia do reintegro na vindeira sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, previo informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal, segundo a estimación que se achega na seguinte táboa:

Data inicio do cálculo:	07/12/2021	Importe para o cálculo:	1.200,00 €
Data fin do cálculo:	16/09/2022	Tipo deuda:	Reintegro

Data Inicio	Data Vto.	Días período	Tipo (%)	Principal (€)	Xuros (€)
08/12/2021	16/09/2022	283	3,75	1.200,00	34,89
				Importe total	1.234,89 €

A contía do reintegro resulta de aplicar a regra de proporcionalidade pola diminución significativa das actuacións subvencionadas que non implican verdadeiro incumprimento do obxecto da subvención por canto a baixa da traballadora está motivada por causas alleas a súa vontade.

Se parte de que, segundo á base a.4.5, ó período de 2 anos (720 días) corresponde á totalidade do cumprimento do obxectivo da subvención, polo que 14 meses e 12 días (432 días) de cumprimento efectivo desde a data de transformación da modalidade de contrato ata a

data da baixa voluntaria da traballadora representa o cumprimento do 60% e resulta que o importe a reintegrar se traduce no 40% do importe da axuda concedida (1.200,00€).

A presente declaración de reintegro total da subvención deberá ter o seu reflexo na información remitida á Base de Datos Nacional de Subvencións.

O órgano competente para a adopción do presente acordo é a Xunta de Goberno Local de conformidade co artigo 127.1.g) da Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local (LMMGL).

De conformidade cos artigos 52.2.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL) e 210.a) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por RD 2568/1986, do 28 de novembro, as resolucións da Xunta de Goberno Local poñen fin á vía administrativa.

Contra o presente acordo, que esgota a vía administrativa, cabe a interposición de recurso de reposición ante o órgano que o dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de LPAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non caberá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución.

De conformidade co anteriormente exposto, e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal; previa a conformidade da Tenente de Alcalde e concelleira delegada da Área de Economía, Fondos Europeos, Patrimonio e Emprego, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en data do 06.09.2022, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de **ACORDO**

PRIMEIRO.- Requirir o reintegro parcial da subvención por importe de **1.200,00 €**, outorgada á empresa Marosa Vat SLU (B27835560) mediante acordo da Xunta de Goberno Local do 20.12.2021, e **34,89 €** correspondentes aos xuros de demora xerados desde a data do pago da subvención ata a data da adopción do presente acordo (expte. 19095/77), correspondente á diminución significativa da actuación subvencionada.

A presente declaración de revogación e reintegro da subvención deberá ter o seu reflexo na información remitida á Base de Datos Nacional de Subvencións.

SEGUNDO.- Dar conta á empresa do acordo adoptado, facendo constar que contra o presente acordo, que esgota a vía administrativa, cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, ante o órgano competente da xurisdición contencioso-administrativa, de conformidade co disposto na Lei 029/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición Contencioso-Administrativa. Poderá formularse, de forma



Concello de Vigo

potestativa, recurso de reposición ante o mesmo órgano que ditou a resolución impugnada, de acordo coa Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

TERCEIRO.- Prazos para efectuar o aboamento (art. 62.2 LXT):

Si recibe esta notificación entre os días 1 e 15 de cada mes, ata o día 20 do mes posterior ou, se éste non fose hábil, ata o inmediato hábil seguinte.

Si recibe esta notificación entre os días 16 e o último de cada mes, ata o día 5 do segundo mes posterior ou, se este non fose hábil, ata o inmediato hábil seguinte.

Advertencia:

Transcorridos os anteditos prazos de ingreso en período voluntario sen que se efectuase o ingreso da débeda, iniciárase o período executivo e a recadación efectuarase polo procedemento de constriximento sobre o patrimonio do obrigado ao pagamento, sendo esixibles neste suposto as recargas do período executivo, xuros de mora e costas do procedemento nos termos dos artigos 26 e 28 da LXT (art. 161 LXT).

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

13(863).- BASES DE PARTICIPACIÓN DO CONCURSO “VENTE COS REIS MAGOS” 2022-2023. EXPTE. 9447/335.

Visto o informe xurídico de data 30/09/2022, dáse conta do informe-proposta de data 27/09/2022, asinado pola xefa do Servizo de Festas e o concelleiro-delegado de Área, que di o seguinte:

O Servizo de Festas está a organizar a tradicional Cabalgata de Reis, que terá lugar o día 5 de xaneiro de 2023, xoves, na cidade de Vigo.

Como vén sendo habitual, o concello ofrece ás nenas e aos nenos da nosa cidade a posibilidade de participar activamente neste evento, mediante a convocatoria do concurso: **“Vente cos Reis Magos”**.

O concurso ten por obxecto seleccionar a corenta nenas e nenos da cidade para acompañar ás súas maxestades nas carrozas reais, dentro da comitiva real.

Este concurso ten como única limitación a idade dos participantes por motivos de seguridade. Nesta edición só poden participar aqueles nenos e nenas nados entre o 1 de xaneiro de 2010 e o 31 de decembro de 2014.

A inscrición para o concurso realízase cumprimentando unha solicitude que poderase descargar da páxina web municipal (www.vigo.org); así mesmo repartiranse exemplares destas solicitudes entre os centros cívicos, colexios e asociacións culturais do termo municipal. Só se aceptará unha solicitude por nena/o. Os pais, as nais ou as persoas titoras

dos nenos seleccionados terán que asinar a pertinente autorización ou, se é o caso, a renuncia expresa.

As solicitudes depositaranse nas caixas de correos do Carteiro Real que se instalarán na entrada á Lonxa da Casa do Concello e nos Centros cívicos de Teis, Casco Vello, Coruxo e Saians.

As bases de participación para este concurso publicaranse mediante anuncio na páxina web municipal www.vigo.org.

Á vista do exposto, previo o informe xurídico e previa conformidade do concelleiro delegado da Área de Participación Cidadá e Festas, formulamos á Xunta de Goberno a adopción do seguinte,

PROPOSTA:

Aprobar as Bases de participación que se achegan como anexo ao presente informe ao concurso 'Vente cos Reis Magos 2022-2023' que teñen por obxecto seleccionar a corenta nenas/os para acompañar aos Reis Magos na comitiva real da Cabalgata de Reis 2023".

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

BASES DE PARTICIPACIÓN DO CONCURSO "VENTE COS REIS MAGOS 2022-2023"

1.- Obxecto

O obxecto deste concurso é seleccionar a corenta nenas e nenos, en total, para acompañar aos Reis Magos na Cabalgata de Reis, que terá lugar na cidade de Vigo o día 5 de xaneiro de 2023. As/os nenas/os serán repartidos en grupos de dez nas tres carrozas reais e na do Carteiro Real.

2.- Requisitos de participación

Neste concurso poderán participar todas as nenas e todos os nenos da cidade que o desexen.

A única limitación por motivos de seguridade será a idade: só poderán participar aqueles nados entre o 1 de xaneiro de 2010 e o 31 de decembro de 2014, ambos incluídos.

Así mesmo, as nenas e nenos seleccionados en edicións anteriores non poderán tomar parte neste concurso.

3.- Lugar de presentación de solicitudes

As inscricións depositaranse nas caixas de correos do Carteiro Real que se instalarán na entrada á Lonxa da Casa do Concello e nos Centros Cívicos de Teis, Casco Vello, Coruxo e Saiáns.



Concello de Vigo

Para participar só será necesario cubrir a solicitude de participación que poderá descargarse da páxina web municipal (www.vigo.org) así mesmo repartiránse exemplares entre centros cívicos, colexios e asociacións culturais.

Só se aceptará unha solicitude por nena ou neno, sendo eliminados do concurso aquelas persoas que presenten máis dunha solicitude por nena/o.

O período de inscrición será do 09 ao 16 de decembro de 2022, ambos incluídos, (consultar horarios apertura dos centros cívicos).

Finalizado o prazo de inscrición elaborárase unha lista de participantes. Ao abeiro de dita lista convocarase sorteo público.

4.- Protección de datos

A protección de datos garante o dereito dos cidadáns e cidadás a controlar os seus datos persoais e a dispor e decidir sobre os mesmos. Toda a cidadanía ten o dereito fundamental á protección da súa privacidade e dos seus datos persoais.

O tratamento dos datos de carácter persoal que se reciban a través desta sede electrónica axustarase aos principios e obrigacións establecidos no [Regulamento do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016 \(RGDP\)](#), relativo á protección das persoas físicas con respecto ao tratamento de datos persoais e á libre circulación dos ditos datos, e polo que se derroga á Directiva 95/46/CE, e a [Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais](#).

O Concello de Vigo comprométese ao cumprimento da súa obrigación de confidencialidade con respecto aos datos de carácter persoal que poidan ser solicitados a través dos servizos da súa sede, e ao seu tratamento. Para estes efectos, adoptaranse as medidas necesarias para evitar a súa alteración, perda, tratamento ou acceso non autorizado.

A recollida e tratamento automatizado de datos de carácter persoal ten como única finalidade a prestación dos servizos solicitados, e o seguimento de consultas realizadas polas persoas usuarias.

Os datos persoais proporcionados conservaranse durante o tempo necesario para cumprir coa finalidade para a que se recollen e para determinar as posibles responsabilidades que se puideran derivar da finalidade, ademais dos períodos establecidos na normativa de arquivos e documentación.

Con carácter xeral non se comunicarán os datos persoais a terceiros, salvo obrigación legal, entre as que poden estar as comunicacións a xuíces e tribunais.

En todo momento poderanse exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación ou oposición solicitándoo á Dirección da Axencia por calquera medio que deixe constancia do seu envío e da súa recepción.

Máis información:

https://sede.vigo.org/expedientes//sede_textos/texto.jsp?id=sede_lopd&lang=gal

5.- Lugar e data do sorteo

Finalizado o prazo de inscrición convocarase o sorteo público. Este sorteo realizarase ante a funcionaria municipal que ten asignada a fe pública, para a selección dos corenta (40) participantes.

O sorteo realizarase o día 22 de decembro de 2022, ás 12:00 horas, no Auditorio Municipal da Casa do Concello.

No sorteo, ademais das nenas e nenos seleccionadas/os, elixiranse doce suplentes para cubrir posibles baixas ou renuncias.

Do resultado do sorteo elaborárase unha lista dos 40 candidatos seleccionados e unha lista de 12 suplentes.

6.- Documentación a achegar das persoas seleccionadas

Os pais, nais ou titor/es das nenas e dos nenos seleccionados no sorteo deberán, previa comunicación do Servizo de Festas, achegar a seguinte documentación:

- A autorización de participación da nai/pai/titor/a do neno ou nena, segundo modelo facilitado polo Servizo de Festas
- A autorización para o uso de imaxes dos nenos e nenas participantes que se obteñan na vía pública
- DNI ou libro de familia no que se acredite a idade do neno ou nena
- Documento acreditativo da súa condición de pai, nai ou titor/a do menor seleccionado
- Un número de teléfono de contacto onde localizar ao pai/nai/titor/a e unha dirección de correo electrónico onde notificar o requirimento de documentación

No caso de non achegar esta documentación no prazo indicado polo servizo de festas, o concello poderá decláralos decaídos da súa solicitude de participación, e procederase a un novo chamamento na lista de suplentes.

O neno ou nena, que por razóns persoais, non poda asistir á cabalgata, deberá comunicalo o antes posible ao servizo municipal de festas, co fin de cubrir dita praza.

7.- Seguro de RC

O Concello de Vigo disporá dunha póliza de responsabilidade civil que cubra os danos ocasionados ou sufridos polos participantes no desenvolvemento deste evento.

8.- Órgano competente

O Concelleiro de Participación Cidadá e Festas queda facultado para resolver as posibles eventualidades que poidan xurdir no desenvolvemento deste concurso e que non estean previstas nestas bases.

9.- Publicidade

As bases de participación neste concurso publicáranse mediante anuncio na páxina web municipal www.vigo.org e nos medios de comunicación locais.

10.- Outras obrigas

A inscrición para participar neste concurso supón a aceptación íntegra das presentes bases.



Concello de Vigo

Todo neno ou nena que participe como figurante na cabalgata, deberá ir acompañado en todo momento por un adulto responsable. Este adulto, estará obrigado a participar nunha charla informativa sobre seguridade que será impartida por este concello o día 3 de xaneiro ás 11:00 horas no auditorio municipal. Do mesmo xeito deberán colaborar co persoal encargado da organización do evento durante o recorrido de la Cabalgata.

14(864).- PROPOSTA DE ADQUISICIÓN DE PARCELA EN ENRIQUE LORENZO 54, PARA USO DE BIBLIOTECA MUNICIPAL. EXPTE. 20984/240.

Visto o informe de fiscalización do 27/09/2022, dáse conta do informe-proposta de data 01/09/2022, asinado pola xefa de Área de Xestión Patrimonial e Territorial e pola concelleira-delegada de Área, que di o seguinte:

En data 12.08.2022 formulouse a seguinte proposta á Xunta de Goberno Local:

Primeiro.- *Prestar conformidade á oferta formulada pola Subdirección xeneral de Xestión do Patrimonio do Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións, para adquirir o inmovible propiedade da Tesouraría Xeral da Seguridade Social sito no número 54 da rúa Enrique Lorenzo de Vigo, con referencia catastral 4778207NG2747N0001IP, en réxime de compravenda polo procedemento de adxudicación directa nas condicións que de seguido se indican:*

1.- *O Concello de Vigo, con CIF P3605700H, acepta o prezo ofertado, 199.662,57 € (CIENTO NOVENTA Y NUEVE MIL SEISCIENTOS SESENTA Y DOS EUROS CON CINCUENTA Y SIETE, CÉNTIMOS), en tanto se corresponde coa taxación realizada polo enxeñeiro da edificación do Concello de Vigo.*

2.- *Tódolos gastos que se orixinen con motivo desta transmisión serán de conta do Concello e os impostos abonaránse según lei. - A parte vendedora se reserva o dereito a repercutir á parte compradora o Imposto sobre Bens Inmóveis (IBI) correspondente ao exercicio en que se produce a transmisión da propiedade, en proporción ao tempo en que cada unha das partes teña ostentado a titularidade dominical do inmovible. - O inmovible véndese como corpo certo e no seu estado actual de conservación polo que o comprador o coñece e acepta a situación actual existente, de edificación, urbanística e registral, do ben inmovible.*

Segundo.- *Autorizar o gasto con cargo á partida 93420.600.00.00 do orzamento vixente por importe de 49.915,64 € (CUARENTA Y NUEVE MIL NOVECIENTOS QUINCE EUROS Y SESENTA Y CUATRO CÉNTIMOS), en concepto de depósito do 25% do prezo de compra do inmovible de Enrique Lorenzo 54 de Vigo, debendo proceder Tesorería municipal a ingresar este importe na conta de Recursos Diversos da Dirección Provincial da Tesorería Xeral da Seguridade Social de Pontevedra, IBAN ES39 0049 0031 7222 1191 0042, ou na Caixa Xeral de Depósitos ou nas súas sucursais a disposición da Tesorería Xeral da Seguridade Social, remitindo xustificante á Concellería de patrimonio.*

Terceiro.- *Remitir á Tesorería Xeral da Seguridade Social de Pontevedra, xunto xustificante da transferencia, certificación acreditativa de encontrarse o Concello de Vigo ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.*

Cuarto.- *Recabar da Tesouraría Xeral da Seguridade Social contrato de compravenda do inmovible para ser no seu caso autorizado pola Xunta de Goberno local.*

En data 31.08.2022, dende o servizo de Intervención advirten da existencia dun erro en canto aos dítos da partida a comprometer co gasto, habida conta de que na proposta se refire o número 93420.600.00.00, cando na memoria do expediente a elexida é a número 9330 632.00.62 ACONDICIONAMENTO ANTIGO AMBULATORIO TEIS P BIBLIOTECA. Apreciado o erro, en virtude do disposto no artigo 109.2 da lei 39/2015 do procedemento administrativo común, procédese a súa rectificación e correspondencia coa reflectida na memoria, indicada polo servizo de Contabilidade e Tesorería como válida para carga a compravenda, isto é, a partida 9330 632.00.62 ACONDICIONAMENTO ANTIGO AMBULATORIO TEIS P BIBLIOTECA.

De conformidade co exposto, formúlase a seguinte **proposta**

I.- Rectificar o erro advertido na parte dispositiva da proposta de resolución de data 12.08.2022 sobre actuacións previas no expediente de compravenda 20984.240, e substituír a referencia na parte dispositiva “segunda” á partida orzamentaria 93420.600.00.00 pola correcta recollida na memoria do expediente, 9330 632.00.62 ACONDICIONAMENTO ANTIGO AMBULATORIO TEIS P BIBLIOTECA.

II.- En consecuencia a proposta que se formula sería a que se transcribe:

Primeiro.- Prestar conformidade á oferta formulada pola Subdirección xeneral de Xestión do Patrimonio do Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións, para adquirir o inmovible propiedade da Tesouraría Xeral da Seguridade Social sito no número 54 da rúa Enrique Lorenzo de Vigo, con referencia catastral 4778207NG2747N0001IP, en réxime de compravenda polo procedemento de adxudicación directa nas condicións que de seguido se indican:

1.- O Concello de Vigo, con CIF P3605700H, acepta o prezo ofertado, 199.662,57 € (CIENTO NOVENTA Y NUEVE MIL SEISCIENTOS SESENTA Y DOS EUROS CON CINCUENTA Y SIETE, CÉNTIMOS), en tanto se corresponde coa taxación realizada polo enxeñeiro da edificación do Concello de Vigo.

2.- *-Tódolos gastos que se orixinen con motivo desta transmisión serán de conta do Concello e os impostos abonaránse según lei. - A parte vendedora se reserva o dereito a repercutir á parte compradora o Imposto sobre Bens Inmóbles (IBI) correspondente ao exercicio en que se produce a transmisión da propiedade, en proporción ao tempo en que cada unha das partes teña ostentado a titularidade dominical do inmovible. - O inmovible véndese como corpo certo e no seu estado actual de conservación polo que o comprador o coñece e acepta a situación actual existente, de edificación, urbanística e registral, do ben inmovible.*

Segundo.- Autorizar o gasto con cargo á partida do orzamento vixente 9330 632.00.62 ACONDICIONAMENTO ANTIGO AMBULATORIO TEIS P BIBLIOTECA. por importe de 49.915,64 € (CUARENTA Y NUEVE MIL NOVECIENTOS QUINCE EUROS Y SESENTA Y CUATRO CÉNTIMOS), en concepto de depósito do 25% do prezo de compra do inmovible de Enrique Lorenzo 54 de Vigo, debendo proceder Tesorería municipal a ingresar este importe na conta de Recursos Diversos da Dirección Provincial da Tesorería Xeral da Seguridade Social de Pontevedra, IBAN ES39 0049 0031 7222 1191 0042, ou na Caixa Xeral de Depósitos ou nas súas sucursais a disposición da Tesorería Xeral da Seguridade Social, remitindo xustificante á Concellería de patrimonio.

Terceiro.- Remitir á Tesorería Xeral da Seguridade Social de Pontevedra, xunto xustificante da transferencia, certificación acreditativa de encontrarse o Concello de Vigo



Concello de Vigo

ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

Cuarto.- Recabar da Tesouraría Xeral da Seguridade Social contrato de compravenda do inmoble para ser no seu caso autorizado pola Xunta de Goberno local.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

15(865).- NOMEAMENTO INTERINO DE 4 AUXILIARES ADMINISTRATIVOS PARA DISTINTOS SERVIZOS. EXPTE. 39900/220.

Visto o informe de fiscalización do 06/12/2022, dáse conta da proposta de data 03/10/2022, asinada pola técnica de Admón. Xeral, a xefa de Área de Recursos Humanos e Formación e a concelleira-delegada de Xestión Municipal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I.- Constan no expediente solicitudes de distintos servizos para a cobertura de prazas vacantes de auxiliar administrativo de administración xeral, entre outras as formuladas polas Xefaturas da Área de Réximen Interior (Doc. 210189801), Xefatura do Servizo de Contratación (doc. 220067706), Adxunta Directora de Ingresos (Doc. 210297347) e a Xefatura da Oficina do Rexistro Xeral (doc. 220078349) para a cobertura de prazas vacantes existentes nos ditos servizos.

II.- En data de sinatura electrónica, polo órgano municipal competente, á vista das solicitudes, e informes que obran no expediente, procedeu a ordenar que:

“Dispoño ordear que pola Área de Recursos Humanos e Formación se proceda á tramitación do expediente administrativo que proceda para a incorporación de catro auxiliares de administración xeral con cargo ás prazas vacantes incluídas na OEP 2021.”

III.- Consta anexado ao expediente informe técnico de *cuantificación económica do gasto, segundo o cal:*

“O custo para 4 postos cod. 138-Auxiliar, no caso de que iniciase a súa relación no mes de outubro, con cargo as partidas orzamentarias: 120.0400 (Soldo base), 121.0004 (Complemento de destino), 121.0104 (Complemento de específico) e 160.0000 (Seguridade Social a cargo da empresa) sería o seguinte:

	S.Base	CD	CE	S.social empr.	Total
3 meses	2.339,50	1.367,98	2.489,31	1.939,11	8.135,89

Polo que o custo total para 4 auxiliares sería de 32.543,56 €.”

IV.- Consta informe de verificación da listaxes de reserva para a categoría de Auxiliar Administrativo/a de administración xeral, indicando as persoas ás que lle corresponde o nomeamento:

NÚM. ORDE	DNI**	NOME E APELIDOS
1	***4551**	L. Olmos Pita
2	***3131**	J. Lorenzo Vázquez
3	***8251**	M. Lamas Martínez
4	***5354**	B. A. Fernández Iglesias

En consecuencia, tramitado o expediente pola Área xestora, e en cumprimento das previsións legais contempladas na norma indicada, procede a emisión de informe-proposta ao abeiro do establecido no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- Normativa de aplicación

-Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.

A preferente aplicabilidade do Dereito estatal de carácter básico en materia de emprego público local deriva das previsións de dous fundamentais preceptos:

- O artigo 128 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que establece en canto ás ofertas de emprego público que:
“1. Las Corporaciones locales aprobarán y publicarán anualmente, dentro del plazo de un mes desde la aprobación de su Presupuesto, la oferta de empleo público para el año correspondiente, ajustándose a la legislación básica del Estado sobre función pública y a los criterios que reglamentariamente se establezcan en desarrollo de la normativa básica estatal para su debida coordinación con las ofertas de empleo del resto de las Administraciones Públicas.”
- O artigo 133 do mesmo Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, que efectúa unha determinación legal do réxime xurídico aplicable á selección dos funcionarios de Administración Local, establecendo expresamente que *“el procedimiento de selección de los funcionarios de Administración local se ajustará a la legislación básica del Estado sobre función pública, y se establecerá teniendo en cuenta la conexión entre el tipo de pruebas a superar y la adecuación a los puestos de trabajo que se hayan de desempeñar, incluyendo a tal efecto las pruebas prácticas que sean precisas.”*

Tal preferencia expresa resulta inherente á vocación unificadora do lexislador en materia de función pública; así o ven interpretando a xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a efectos do cal resulta salientable a **STSJ de Galicia 120/2017, de 01.03.2017**, dictada en materia de persoal, en cuxo fundamento de dereito FD 4º sinala o seguinte:



Concello de Vigo

"FD CUARTO.- (...) De tan largas citas jurisprudenciales hemos de quedarnos con tres ideas básicas: 1º) cabe una interpretación integradora de la normativa básica estatal y la legislación autonómica de desarrollo, en todo caso ésta última solo es aplicable a los entes locales una vez hecha exclusión de la legislación estatal que opera como derecho supletorio de primer grado; (.....) Pero tampoco podemos olvidar que, como señalan los recurrentes, con arreglo a lo dispuesto en el art. 3.2 del Real Decreto legislativo 1/2008 por la que se aprobó el texto refundido de la Ley de Función Pública de Galicia, el art. 168 del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de régimen local y la Disposición Final Primera de la Ley 7/2007, por la que se aprobó el Estatuto Básico del Empleado Público, en relación a la regulación de la función pública local es de preferente aplicación la legislación básica estatal a la legislación autonómica sobre función pública." A citada sentenza foi declarada firme por Providencia do Tribunal Supremo 08/03/2018 (R. Casación 3105/2017).

En similar senso, a **STJG de 15 de febreiro de 2017** establece que:

".....según el artículo 3.1 de la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público (.....) "El personal funcionario de las entidades locales se rige por la legislación estatal que resulte de aplicación, de la que forma parte este Estatuto y por la legislación de las Comunidades Autónomas, con respeto a la autonomía local, lo cual revela, a la vez que una preferencia de la normativa estatal para la regulación de esta materia, la reconducción de la función pública local al régimen general de la función pública. Al mismo tiempo, significa que la función pública local debe formar parte del ordenamiento de la función pública desarrollado a partir del bloque de la constitucionalidad concretado en torno al 149.1.18ª de la Constitución."

II.- Consideracións sobre o nomeamento de funcionarios interinos en atención ao marco normativo vixente. Análise da modalidade proposta

Consonte ao disposto no artigo 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (en adiante, TREBEP) son funcionarios interinos son aqueles que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios de carreira, cando concurra algunhas das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa **"la existencia de plazas vacantes, cuando no sea posible su cobertura por funcionarios de carrera, por un máximo de tres años, en los términos previstos en el apartado 4"** (letra a) do citado apartado 1); contemplando o apartado 2 do artigo que *"los procedimientos de selección del personal funcionario interino serán públicos, rigiéndose en todo caso por los principios de igualdad, mérito, capacidad y celeridad, y tendrán por finalidad la cobertura inmediata del puesto. El nombramiento derivado de estos procedimientos de selección en ningún caso dará lugar al reconocimiento de la condición de funcionario de carrera."*

O concreto apartado 4 citado recolle que *"en el supuesto previsto en el apartado 1.a) las plazas vacantes desempeñadas por personal funcionario interino deberán ser objeto de cobertura mediante cualquiera de los mecanismos de provisión o movilidad previstos en la normativa de cada Administración Pública."*

No obstante, transcurridos tres años desde el nombramiento del personal funcionario interino se producirá el fin de la relación de interinidad, y la vacante solo podrá ser ocupada por personal funcionario de carrera, salvo que el correspondiente proceso selectivo quede desierto, en cuyo caso se podrá efectuar otro nombramiento de personal funcionario interino.

Excepcionalmente, el personal funcionario interino podrá permanecer en la plaza que ocupe temporalmente, siempre que se haya publicado la correspondiente convocatoria dentro del plazo de los tres años, a contar desde la fecha del nombramiento del funcionario interino. En este supuesto podrá permanecer hasta la resolución de la convocatoria, sin que su cese dé lugar a compensación económica."

Os nomeamentos deberán recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no corpo ao que pertenza o posto de traballo, rematando a súa vixencia, segundo o establecido no propio artigo 10, pola finalización do prazo autorizado expresamente recollido no seu nomeamento, sen dereito a compensación algunha. Ademáis delo, a Administración formalizará de oficio a finalización da relación de interinidade polas causas previstas no artigo 63 da mesma norma.

No presente caso, e segundo consta na orde de incoación do expediente, tras ser aprobados os novos criterios de xestión de listas de reserva (BOPPO nº 167 de 01/09/2022), e ao abeiro do establecido nos artigos 25 e ss. da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, procedeuse á tramitación do expediente administrativo para a incorporación de catro auxiliares de administración xeral con cargo a prazas vacantes incluídas na OEP 2021.

Os funcionarios interinos percibirán as retribucións básicas e complementarias asociadas ao posto de traballo de destino; no caso da modalidade de nomeamento obxecto de proposta, tómase como referencia a analoxía coas prazas (retribucións básicas) e postos de traballo (retribucións complementarias fixas e periódicas) da categoría profesional ofertada, no marco do establecido na vixente Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo, aprobada pola Xunta de Goberno Local en sesión do 22/09/2022 (pendente de publicación no BOPPO); referencia que, no presente suposto e segundo o informe técnico emitido, efectúase ao posto de traballo cód. 138- auxiliar de administración xeral

Así mesmo, e consonte á instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, actualizadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 29 de xaneiro de 2016, o recurso ao persoal funcionario interino –ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

III.- Observacións respecto da xornada e horario



Concello de Vigo

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase segundo estableza a xefatura do servizo ou área consonte ás necesidades obxectivas que se deriven da debida prestación dos servizos públicos, podendo desenvolverse en horario de mañá ou tarde, ou en xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso normativamente contemplados, dacordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013 e modificacións posteriores, e concordantes.

IV.- Xustificación da necesidade e urxencia:

Segundo consta na solicitude de data de sinatura electrónica incorporada ao expediente, o presente é un dos casos excepcionais para cubrir necesidades urxentes e inaprazables das restrinxidas aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideran prioritarios ou que afectan ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, de acordo co esixido no artigo 19 da actual Lei de orzamentos, e, de igual xeito, o disposto na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, en relación coa mesma e, nas instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito do Concello de Vigo derivadas da aplicación das previsións contidas as anteriores leis, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, nas súas sesións de data 20 de xuño e 29 de agosto de 2014 e que foron actualizadas na sesión do mesmo Órgano de 29 de xaneiro de 2016 (expediente electrónico nº 27.576/220) debendo ser contextualizadas no marco normativo actualmente vixente á data de sinatura do presente informe-proposta.

V. - Proposta de gasto:

Segundo consta no informe técnico de cuantificación económica incorporado ao expediente:

“O custo para 4 postos cod. 138-Auxiliar, no caso de que iniciase a súa relación no mes de outubro, con cargo as partidas orzamentarias: 120.0400 (Soldo base), 121.0004 (Complemento de destino), 121.0104 (Complemento de específico) e 160.0000 (Seguridade Social a cargo da empresa) sería o seguinte:

	S.Base	CD	CE	S.social empr.	Total
3 meses	2.339,50	1.367,98	2.489,31	1.939,11	8.135,89

Polo que o custo total para 4 auxiliares sería de 32.543,56 €.”

VI. - Verificación de existencia de aspirantes en listas de reserva:

Segundo informe administrativo de verificación (trámite 223 do expediente) consta que:

“Ao abeiro do disposto no artigo 169.1, apartado d) do Real Decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, e no marco da tramitación administrativa do expediente electrónico nº 39.900/220 pola presente infórmase o seguinte:

- *Sendo necesario o nomeamento interino de 4 auxiliares administrativas/os de administración xeral, verificadas as listaxes de reserva para dita categoría, existe persoal en condicións de ser notificado.*
- *Obran no expediente administrativo de referencia as renuncias aos referidos nomeamentos manifestadas por escrito, procedéndose ao chamamento do aspirante seguinte da lista.*
- *Por conseguinte, e salvo de erro ou omisión, procede o chamamento na categoría de auxiliares administrativas/os con cargo as prazas vacantes incluídas na OEP 2021, de conformidade cos criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo e á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva do servizo de Administración Electrónica, aos seguintes candidatas/os que presentaron a documentación requirida para o efecto:*

Nº	DNI**	NOME E APELIDOS
1	***4551**	L. Olmos Pita
2	***3131**	J. Lorenzo Vázquez
3	***8251**	M. Lamas Martínez
4	***5354**	B. A. Fernández Iglesias

De todo o cal, e suxeito á verificación técnica, se deixa constancia aos estritos efectos do presente expediente electrónico.”

VII.- SOMETEMENTO Á FISCALIZACIÓN PREVIA E PRECEPTIVA

O presente expediente debe ser sometido á preceptiva fiscalización previa á súa aprobación con carácter preceptivo, consonte ao establecido nos artigos 213 a 223 do RD lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais; concretamente, o artigo 214, que contempla que:

“1. La función interventora tendrá por objeto fiscalizar todos los actos de las entidades locales y de sus organismos autónomos que den lugar al reconocimiento y liquidación de derechos y obligaciones o gastos de contenido económico, los ingresos y pagos que de aquéllos se deriven, y la recaudación, inversión y aplicación, en general, de los caudales públicos administrados, con el fin de que la gestión se ajuste a las disposiciones aplicables en cada caso.

2. El ejercicio de la expresada función comprenderá:

- a) La intervención crítica o previa de todo acto, documento o expediente susceptible de producir derechos u obligaciones de contenido económico o movimiento de fondos de valores.
- b) La intervención formal de la ordenación del pago.



Concello de Vigo

- c) La intervención material del pago.
- d) La intervención y comprobación material de las inversiones y de la aplicación de las subvenciones.”

VIII. - ÓRGANO MUNICIPAL COMPETENTE:

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e da xestión económica do mesmo contemplado no artigo 127, letras g) e h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, resulta competente a Xunta de Goberno Local para a aprobación do presente expediente.

Adicionalmente, resulta preceptiva a previa conformidade da Concellería-delegada da Área de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal, nos termos das delegacións competenciais efectuadas por Decreto da Excm. Alcaldía de 16/04/2021, acordo da Xunta de Goberno Local de data 22/04/2021, Resolución da Alcaldía do 06/09/2022 e acordo da Xunta de Goberno Local de data 08/09/2022.

PROPOSTA DE ACORDO

“PRIMEIRO: Declarar a urxencia no nomeamento de 4 funcionarios/as interinos/as nos termos e condicións seguintes:

- Categoría profesional: Auxiliar de administración xeral
- Modalidade legal: funcionarios/as interinos/as para a cobertura de prazas vacantes (artigo 10.1, letra a) do TREBEP), con cargo á oferta de emprego correspondente ao ano 2021 (128.2 do TRRL).
- Destino: Plusvalía, Contratación, OAR e Estatística.
- *Período temporal: ata a provisión definitiva da praza e en **todo caso por un máximo de 3 anos**, consonte ao establecido no artigo 10.1, letra a) e 10.4 do TREBEP.*
- Custe económico: O custo para 4 postos cod. 138-Auxiliar, no caso de que iniciase a súa relación no mes de outubro, con cargo as partidas orzamentarias: 120.0400 (Soldo base), 121.0004 (Complemento de destino), 121.0104 (Complemento de específico) e 160.0000 (Seguridade Social a cargo da empresa) sería o seguinte:

	S.Base	CD	CE	S.social empr.	Total
3 meses	2.339,50	1.367,98	2.489,31	1.939,11	8.135,89

Polo que o custo total para 4 auxiliares sería de 32.543,56 €.

SEGUNDO: Nomear como funcionarios interinos con cargo a prazas vacantes, ata a provisión definitiva da praza co límite temporal máximo de 3 anos nos termos e condicións do establecido no artigo 10.4 do TREBEP, así como no apartado primeiro do presente acordo, a:

Nº	DNI**	NOME E APELIDOS
1	***4551**	L. Olmos Pita
2	***3131**	J. Lorenzo Vázquez
3	***8251**	M. Lamas Martínez
4	***5354**	B. A. Fernández Iglesias

na súa condición de aspirantes incorporados/as en lista, e de conformidade cos criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo, á vista dos datos proporcionados polo programa informático existente para a xestión das listas de reserva do servizo de Administración Electrónica.

TERCEIRO: *Dispoñer que a xornada laboral dos efectivos nomeados desenvolverase no horario establecido pola Xefatura da Área ou Servizo, consonte ás necesidades obxectivas que se deriven da debida prestación dos servizos públicos, podendo desenvolverse en horario de mañá ou tarde, ou en xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso normativamente contemplados, dacordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013 e modificacións posteriores, e concordantes.*

CUARTO: *Notificar o presente acordo aos aspirantes nomeados, Xefatura de Réxime Interior, Xefatura de estatística, Xefatura de Dirección de Ingresos, Secretaria do Goberno Local, Xefatura de Contratación, Intervención Xeral Municipal, inspección de persoal, persoal integrado no grupo II da Área de Recursos Humanos e Formación, e ao Comité de Persoal aos efectos oportunos.*

QUINTO.- *Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa."*

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

16(866).- CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DUN OFICIAL DE MANTE- NIMENTO PARA O SERVIZO DE DEPORTES. EXPTE. 40167/220.

Visto o informe de fiscalización do 06/10/2022, dáse conta da proposta de data 30/09/2022, asinada pola técnica de Admón. Xeral, a xefa de Área de Recursos Humanos e Formación e a concelleira-delegada de Xestión Municipal, que di o seguinte:



Concello de Vigo

ANTECEDENTES

I.- En data de sinatura electrónica, o Xefe do Servizo de Deportes-Director de Deportes coa conformidade do concelleiro-delegado competente, presenta escrito manifestando a urxente necesidade de cobertura interina das vacantes existentes no servizo de Deportes.

II.- En data de sinatura electrónica, emítese informe técnico, no que, entre outras circunstancias consta que **“poderíanse cubrir interinamente 1 praza de oficial de mantemento, incluída na OEP 2021, e substituír 2 oficiais de mantemento (un en situación de IT e outro liberado sindical) e 2 oficiais de instalacións deportivas”**.

III.- En resposta a esta petición, a Concelleira-Delegada da Área de Seguridade, Contratación e Xestión Municipal, dispuxo ordear que pola Área de Recursos Humanos e Formación se proceda á tramitación do expediente administrativo que proceda para a incorporación do persoal referido na modalidade oportuna legalmente.

IV.- Consta no expediente informe de verificación administrativa das listaxes de reserva, segundo o cal:

- *Sendo necesario o nomeamento interino de 3 oficiais de mantemento e 2 oficiais de instalacións deportivas, non existindo listas destas categorías, recórrase a listaxe de oficiais fontaneiros para o nomeamento dos oficiais de mantemento e a listaxe de oficiais coidadora/or mantemento, vixilancia e control, para o nomeamento dos oficiais de instalacións deportivas aprobadas ámbalas listas pola Xunta de Goberno Local na sesión do 10 de decembro de 2021.*
- *Para o nomeamento da categoría de oficial de mantemento existe persoal en condicións de ser notificado, mais na categoría de oficiais de instalacións deportivas, sempre a salvo de erro ou omisión, non se pode proceder ao chamamento de ningún/a oficial de instalacións deportivas, xa que, non hai ningún aspirante en condición de ser seleccionable.*
- *Verificada a listaxe de oficiais fontaneiros, e sempre a salvo de erro ou omisión, procede o chamamento de 1 oficial de mantemento, con cargo a praza da OEP 2021, e 2 oficiais de mantemento por substitución transitoria dos seus titulares, aceptando unicamente 1 aspirante e renunciando os restantes aspirantes seleccionables ata chegar ao final da lista, sendo este: R. Guisande Alonso con DNI núm.: ***3556** , de conformidade cos “Criterios de xestión das listas de reserva” aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo e á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva do servizo de Administración Electrónica.*

V.- Consta no expediente informe de cuantificación económica do gasto para nomeamento laboral temporal con cargo as prazas vacantes de tres oficiais condutores:

O custo para 1 postos cod. 616-Oficial de Mantemento Deportes, no caso de que iniciase a súa relación no mes de outubro, con cargo as partidas orzamentarias: 3420 130.0000 (S.B.-C.E-CD) e 160.0000 (Seguridade Social a cargo da empresa) sería o seguinte:

	S.Base	CD	CE	S.social empr.	Total
3 meses	2.339,50	1.367,98	2.907,38	2.497,89	9.112,75

En consecuencia, e en cumprimento das previsións legais contempladas na norma indicada, procede a emisión de informe-proposta ao abeiro do establecido no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- Contratación de persoal laboral temporal:

O Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP), no artigo 7, establece que o persoal laboral ó servizo das Administracións Públicas se rexe, ademais de pola lexislación laboral e polas demais normas convencionalmente aplicables, polos preceptos do TREBEP que así o dispoñan.

A primeira cuestión que debe resaltarse é que o RD-lei 32/2021 de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo opta por unha regra xeral: O contrato de traballo debe ser prioritariamente fixo. Esta regra non se exceptiona no ámbito das Administracións Públicas, aínda que hai matizacións.

Tras o RD-lei 32/2021, solo hai, con carácter xeneral, dous tipos de contratos:

- O contrato temporal por circunstancias da produción, previsto no artigo 15.2 TRET (contrato por incremento ocasional u oscilacións de necesidades e o contrato para a atención de situacións ocasionais, previsibles e que teñan unha duración reducida e delimitada).
- O contrato por substitución de persoa traballadora, previsto no artigo 15.3 TRET (contrato de substitución dun traballador con reserva de posto de traballo e contrato de substitución para un proceso de cobertura dun posto de traballo).

Segundo a doutrina xurisprudencial emanada por noso Tribunal Supremo, o artigo 15.1 ET dispón que para entender que concorre a causa xustificativa da celebración de cada unha das modalidades de contrato temporal deberá especificarse con precisión no contrato a causa habilitante da contratación temporal, as circunstancias concretas que a xustifican e súa conexión coa duración prevista.

O RD-ley 32/2021 introduce tamén cambios na Lei de Infraccións e Sancións do Orden Social (LISOS), agravando as sancións por celebrar contratos temporais en fraude de ley.



Concello de Vigo

Segundo o disposto no artigo 15.1.c) do Real Decreto Legislativo 2/2015, de 23 de outubro polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto dos Traballadores desenvolvido polo Real Decreto 2720/1998, de 18 de decembro, as empresas –incluídas as administracións públicas- poderán realizar contratos de substitución para cubrir temporalmente un posto de traballo durante o proceso de selección ou promoción para súa cobertura definitiva.

Así establece o dito apartado *“Podrán celebrarse contratos de duración determinada para la sustitución de una persona trabajadora con derecho a reserva de puesto de trabajo, siempre que se especifique en el contrato el nombre de la persona sustituida y la causa de la sustitución. En tal supuesto, la prestación de servicios podrá iniciarse antes de que se produzca la ausencia de la persona sustituida, coincidiendo en el desarrollo de las funciones el tiempo imprescindible para garantizar el desempeño adecuado del puesto y, como máximo, durante quince días.*

Asimismo, el contrato de sustitución podrá concertarse para completar la jornada reducida por otra persona trabajadora, cuando dicha reducción se ampare en causas legalmente establecidas o reguladas en el convenio colectivo y se especifique en el contrato el nombre de la persona sustituida y la causa de la sustitución.

El contrato de sustitución podrá ser también celebrado para la cobertura temporal de un puesto de trabajo durante el proceso de selección o promoción para su cobertura definitiva mediante contrato fijo, sin que su duración pueda ser en este caso superior a tres meses, o el plazo inferior recogido en convenio colectivo, ni pueda celebrarse un nuevo contrato con el mismo objeto una vez superada dicha duración máxima.”

O contrato de substitución ten a mesma finalidade do denominado ata o RD-lei 32/2021 “contrato de interinidade”- Legalmente se prevén dúas posibilidades, o contrato de substitución dun traballador con reserva de posto de traballo e o contrato de substitución para un proceso de cobertura dun posto de traballo.

Na disposición adicional cuarta do RD-lei 32/2021 se habilita aos empregadores públicos a subscribir contratos de substitución para cubrir temporalmente un posto de traballo ata que finalice o proceso de selección para súa cobertura definitiva, así “Igualmente se podrán suscribir contratos de sustitución para cubrir temporalmente un puesto de trabajo hasta que finalice el proceso de selección para su cobertura definitiva, de acuerdo con los principios constitucionales de igualdad, mérito y capacidad y en los términos establecidos en la Ley 20/2021, de 28 de diciembre, de medidas urgentes para la reducción de la temporalidad en el empleo público”. É importante comparar esta previsión co disposto na nova redacción do artigo 15.3 TRLET, que especifica que o contrato de substitución poderá ser tamén celebrado para a cobertura temporal dun posto de traballo durante o proceso de selección. No Estatuto se fixa unha duración máxima para o contrato de substitución por cobertura de tres meses (ou menos, si así o indica o convenio colectivo), e sin que poda celebrarse un novo contrato co mesmo obxecto unha vez superada dicha duración máxima. No caso do sector público cabe interpretar que a disposición adicional cuarta introduce un suposto especial de este tipo de contrato de substitución, exclusivo de este sector, no que no aplica este límite máximo, que rexería solo para o privado. A redacción de ambos supostos é sutilmente diferente: no emprego público o contrato de substitución es lexítimo “hasta que finalice el proceso de selección para su cobertura definitiva”; no *“durante el proceso de selección (...), sin que su duración pueda ser en este caso superior a tres meses”*.

Este tipo de contratos está previsto para cubrir temporalmente un posto de traballo ata que finalice o proceso de selección para súa cobertura definitiva. Non obstante, un quebro á cuestión aconteceu coa xurisprudencia do Tribunal Supremo a partir de xuño de 2020: o

contrato laboral en praza vacante, non podería exceder os tres anos, de tal forma que si elo acontecía –ou acontece no futuro- o traballador interino laboral se transforma en indefinido non fixo.

A contratación, deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ó que pertenza o posto de traballo. O artigo 4 do RD 2720/1998, de 18 de decembro, polo que se desenvolve o artigo 15 do Estatuto dos Traballadores en materia de contratos de duración determinada dispón que:

“1. El contrato de interinidad es el celebrado para sustituir a un trabajador de la empresa con derecho a la reserva del puesto de trabajo en virtud de norma, convenio colectivo o acuerdo individual.

El contrato de interinidad se podrá celebrar, asimismo, para cubrir temporalmente un puesto de trabajo durante el proceso de selección o promoción para su cobertura definitiva.

2. El contrato de interinidad tendrá el siguiente régimen jurídico:

a) El contrato deberá identificar al trabajador sustituido y la causa de la sustitución, indicando si el puesto de trabajo a desempeñar será el del trabajador sustituido o el de otro trabajador de la empresa que pase a desempeñar el puesto de aquél.

En el supuesto previsto en el segundo párrafo del apartado 1, el contrato deberá identificar el puesto de trabajo cuya cobertura definitiva se producirá tras el proceso de selección externa o promoción interna.

b) La duración del contrato de interinidad será la del tiempo que dure la ausencia del trabajador sustituido con derecho a la reserva del puesto de trabajo.

En el supuesto previsto en el segundo párrafo del apartado 1, la duración será la del tiempo que dure el proceso de selección o promoción para la cobertura definitiva del puesto, sin que pueda ser superior a tres meses, ni celebrarse un nuevo contrato con el mismo objeto una vez superada dicha duración máxima.

En los procesos de selección llevados a cabo por las Administraciones públicas para la provisión de puestos de trabajo, la duración de los contratos coincidirá con el tiempo que duren dichos procesos conforme a lo previsto en su normativa específica.”

O artigo 49.1.c) do Real Decreto Legislativo 2/2015, de 23 de outubro polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto dos Traballadores dispón que *“A la finalización del contrato, **excepto** en los contratos formativos y el contrato de duración determinada por causa de sustitución, la persona trabajadora tendrá derecho a recibir una indemnización de cuantía equivalente a la parte proporcional de la cantidad que resultaría de abonar doce días de salario por cada año de servicio, o la establecida, en su caso, en la normativa específica que sea de aplicación.”*

O/a persoal laboral contratado/a percibirá o soldo correspondente ao corpo ao que pertenza a vacante, neste caso (posto cód. 616-Oficial Mantemento Deportes), adscrito ao Servizo de Deportes, da vixente Relación de Postos de Traballo (RPT), aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 22.09.2022 (pendente de publicación no BOPPO)

Así mesmo e de acordo coas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, actualizadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 29 de xaneiro de 2016, o recurso ao persoal funcionario interino –ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e



Concello de Vigo

categorías profesionais indicados como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase preferentemente de luns a venres, en xornada continuada de mañá ou tarde, segundo as necesidades do Servizo, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

II.- Xustificación da necesidade e urxencia:

Consta no escrito asinado polo Xefe do servizo de Deportes, e conformado polo concelleiro delegado competente solicitando a cobertura das vacantes, así como a instrución de servizo na que se ordena o inicio do presente expediente; o presente é un dos casos excepcionais para cubrir necesidades urxentes e inaprazables das restrinxidas aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideran prioritarios ou que afectan ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, de acordo co esixido no artigo 19 da Lei 3/2017, de 27 de xuño, de Orzamentos Xerais do Estado para o exercicio 2017, e, de igual xeito, o disposto na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, en relación coa mesma e, nas instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito do Concello de Vigo derivadas da aplicación das previsións contidas as anteriores leis, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, nas súas sesións de data 20 de xuño e 29 de agosto de 2014 e que foron actualizadas na sesión do mesmo Órgano de 29 de xaneiro de 2016, expte. 27576/220.

III. - Proposta de gasto:

De acordo co informe económico que consta no expediente a **contratación laboral** proposta,

“O custo para 1 postos cod. 616-Oficial de Mantemento Deportes, no caso de que iniciase a súa relación no mes de outubro, con cargo as partidas orzamentarias: 3420 130.0000 (S.B.-C.E-CD) e 160.0000 (Seguridade Social a cargo da empresa) sería o seguinte:

	S.Base	CD	CE	S.social empr.	Total
3 meses	2.339,50	1.367,98	2.907,38	2.497,89	9.112,75

IV. - Verificación das listas de reserva:

Segundo consta no Informe de verificación administrativa que obra no expediente “Verificada a listaxe de oficiais fontaneiros, e sempre a salvo de erro ou omisión, procede o

*chamamento de 1 oficial de mantemento, con cargo a praza da OEP 2021, e 2 oficiais de mantemento por substitución transitoria dos seus titulares, aceptando unicamente 1 aspirante e renunciando os restantes aspirantes seleccionables ata chegar ao final da lista, sendo este: R. Guisande Alonso con DNI núm.: ***3556** , de conformidade cos "Criterios de xestión das listas de reserva" aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo e á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva do servizo de Administración Electrónica."*

O referido efectivo aceptou expresamente mediante escrito que consta anexado ao expediente optar á referida contratación laboral temporal con cargo á praza vacante de oficial de mantemento, segundo o disposto no artigo 10.1 a) do Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da lei do estatuto básico do empregado público, acreditando nesta Área de Recursos Humanos os requisitos e demais condicións para o desempeño do posto.

V. - Competencia:

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e xestión económica do mesmo contemplado na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, reflectidas no artigo 127.1 g) e h) da norma indicada; e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita; previa a conformidade da xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e da Sra. Concelleira-Delegada da Área de Seguridade, Contratación e Xestión Municipal, nos termos das delegacións competenciais efectuadas por Decreto da Alcaldía do 16/04/2021, acordo da Xunta de Goberno Local de data 22/04/2021, Resolución da Alcaldía do 06/09/2022 e acordo da Xunta de Goberno Local de data 08/09/2022, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO

PRIMEIRO: Declarar a urxencia para proceder a contratación laboral temporal nas seguintes condicións:

- Categoría profesional: Oficial Mantemento Deportes (cód. Retributivo cód. 616-Oficial Mantemento Deportes),
- Modalidade legal: Contrato de substitución para a cobertura temporal dun posto de traballo durante o proceso de selección para súa cobertura definitiva en base ao 15.1.c) do Real Decreto Legislativo 2/2015, de 23 de outubro polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto dos Traballadores desenvolvido polo Real Decreto 2720/1998, de 18 de decembro, e o RD-lei 32/2021 de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo.
- Destino: Servizo de Deportes
- Período temporal: Ata a cobertura definitiva cun prazo máximo de 3 anos, momento en que finalizará o contrato sin dereito a indemnización.
- Custe económico: Segundo informe técnico obrante no expediente.



Concello de Vigo

O custo para 1 postos cod. 616-Oficial de Mantemento Deportes, no caso de que iniciase a súa relación no mes de outubro, con cargo as partidas orzamentarias: 3420 130.0000 (S.B.-C.E-CD) e 160.0000 (Seguridade Social a cargo da empresa) sería o seguinte:

	S.Base	CD	CE	S.social empr.	Total
3 meses	2.339,50	1.367,98	2.907,38	2.497,89	9.112,75

Todo elo consonte aos informes e proposta de acordo emitidos e incorporados na tramitación administrativa do expediente electrónico obxecto de aprobación.

SEGUNDO: Contratar na modalidade referida con cargo á praza vacante de oficial de mantemento incluídas na OEP 2021 a *R. Guisande Alonso con DNI núm.: ***3556***, na súa condición de seguinte aspirante da lista que superaron todos os exercicios do proceso selectivo, e de conformidade cos criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo e á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva.

TERCEIRO: Dispoñer que ao interesado se lle formalizará contrato laboral-temporal de substitución para a cobertura temporal dun posto de traballo durante o proceso de selección, ao abeiro do disposto nos artigos 15.1.c), do Real Decreto Legislativo 2/2015, de 23 de outubro polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto dos Traballadores e R.D. 2720/98, debendo subscribilo seu contrato laboral-temporal no prazo dun mes a contar desde o seguinte á notificación da presente acordo e, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do posto cód. 616-Oficial de Mantemento Deportes, vacante na Relación de Postos de traballo vixente na actualidade e, sendo adscrito ao Servizo de Deportes, extinguíndose automaticamente no momento en que se cubra definitivamente a praza de oficial de mantemento incluída na OEP 2021, previa resolución do procedemento selectivo, competitivo e público, en todo caso no prazo máximo de tres anos.

CUARTO: A xornada laboral dos traballadores contratados desenvolverase preferentemente de luns a venres, en xornada continuada de mañá -07,30 a 15 h- ou en xornada de tarde se así o precisasen as necesidades do servizo, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

QUINTO: Notificar o presente acordo ao aspirante contratado, a Xefatura do Servizo de Deportes, ao persoal incluído no grupo II da Área de Recursos Humanos e Formación, a Intervención Xeral, Inspección de persoal e ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

17(867).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA, MEDIANTE UN CONVENIO DE COLABORACIÓN COA ASOCIACIÓN DE MÚSICA CLÁSICA, PARA O FINANCIAMENTO DA ORGANIZACIÓN DO “VI FESTIVAL INTERNACIONAL DE PIANO CIDADE DE VIGO”. EXPTE. 4484/330.

Visto o informe xurídico do 30/09/2022 e o informe de fiscalización do 05/10/2022, dáse conta do informe-proposta de data 16/09/2022, asinado polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural, o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Con data de entrada na sede electrónica municipal 2 de xuño do 2022, a "Asociación de Música Clásica " presenta escrito de solicitude de subvención para a organización do "VI Festival Internacional de Piano Cidade de Vigo" a desenvolver no exercicio 2022; por este motivo, o día 6 de xuño, o concelleiro-delegado da Área de Cultura resolveu que por parte desta xefatura se iniciase o expediente de subvención correspondente e asinar un convenio con esta entidade para regulala, polo importe de 9.000 €, con cargo á aplicación orzamentaria 3340.480.00.15 do orzamento municipal vixente.

ANTECEDENTES.-

*A **ASOCIACIÓN MÚSICA CLÁSICA** é unha entidade sen ánimo de lucro que ten como obxectivos principais realizar actividades de promoción e difusión da música clásica en Galicia, contando con artistas nacionais e internacionais, e organizando actividades de proxección internacional; motivo polo que organizan neste ano 2022 o **VI FESTIVAL INTERNACIONAL DE PIANO “CIDADE DE VIGO”**.*

PROGRAMACIÓN:

O "VI Concurso Internacional de Piano Ciudad de Vigo" está programado para os días 15 e 16 de outubro.

A memoria económica que se achega ao presente convenio, presentada pola ASOCIACIÓN, incorpora o orzamento xeral de gastos do programa obxecto do mesmo, polo importe total de 40.500 € (corenta mil cincocentos euros), financiándose coas seguintes achegas:

- Concello de Vigo: 9.000 €
- Xunta de Galicia: 5.000 €
- Subvención AIE: 1.500 €
- Patrocinio dos Acordes: 1.200 €
- Inscricións dos participantes: 5.000 €
- Aportación da entidade: 18.800 €

DOCUMENTACIÓN.-

Por parte da asociación, presentouse a documentación relativa ao expediente de subvención, que está integrada pola seguinte:



Concello de Vigo

- Proxecto e orzamento da actividade
- Estatutos da Entidade e capacidade do representante legal
- NIF do presidente
- CIF da entidade
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Axencia Tributaria
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Xunta de Galicia
- Certificado de estar ao corrente de pagos co Concello de Vigo
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Seguridade Social
- Certificación da conta bancaria
- Declaración de non estar incurso en prohibición para obter subvencións.
- Declaración doutras axudas.
- Declaración responsable de subscribir seguro de responsabilidade civil e presentar poliza e recibo de pagamento do mesmo antes do inicio da actividade
- Escrito de conformidade co convenio proposto presentado na sede electrónica o día 14.09.2022

LEXISLACIÓN APLICABLE.-

A concesión da subvención que outorgue o Concello de Vigo á Asociación de Música Clásica, para a organización do "VI Festival Internacional de Piano Cidade de Vigo", obxecto do presente convenio, rexirase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D. Leg 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real Decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual.

A concesión da subvención directa á Asociación de Música Clásica deberá axustarse ao previsto no art. 22.2 apartados a) e c) da Lei 38/2003 xeral de subvencións, tanto por estar prevista nominativamente no orzamento do Concello de Vigo do 2022, como polo interese público, social e cultural que supón a actividade para a cidade de Vigo; acreditado na concordancia do programa singular a executar, os fins estatutarios da entidade, a súa complementariedade coa actividade cultural organizada polo Concello e marcada diferenza coa oferta doutras entidades, polo cal non procede promover a concorrencia para o seu outorgamento.

De acordo co previsto no art. 26.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os convenios serán o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente; polo que se inclúe o correspondente proxecto de convenio na proposta de resolución.

ÓRGANO DE RESOLUCIÓN E ÁMBITO DE COMPETENCIAS.-

O órgano de goberno para a concesión desta subvención directa é a Xunta de Goberno Local.

O obxecto do expediente corresponde a materias de competencia propia do Concello segundo os artigos 25.2. m da Lei 7/1985, do 2 de abril, promoción da cultura e equipamentos culturais e o 80.2. n) (actividades culturais) da Lei 5/1997, de administración local de Galicia.

FINANCIAMENTO DA SUBVENCIÓN.-

A subvención do Concello de Vigo á "Asociación de Música Clásica" ten como obxecto financiar a organización do " VI Festival Internacional de Piano Cidade de Vigo", figurando na aplicación **3340.480.00.15** do orzamento municipal vixente a concesión dunha subvención nominativa por importe de 9.000 €, a favor da devandita entidade.

A subvención do Concello de Vigo á "Asociación de Música Clásica" é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outras administracións ou entes públicos ou privados.

CONDICIÓNS DE CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN

A resolución de concesión da subvención deberá establecer as condicións e compromisos aplicables (segundo se establece tanto na Lei Xeral de Subvencións como na Lei de subvencións de Galicia), que se detallan no texto de proposta de convenio.

Coa conformidade do concelleiro-delegado da Área de Cultura e mailo concelleiro-delegado da Área de Orzamentos e Facenda, cos informes xurídico e da Intervención Xeral, faise a seguinte

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL.-

"PRIMEIRO.- Aprobar a concesión directa da subvención de 9.000 € (nove mil euros) á "Asociación de Música Clásica", CIF. G-27813286, para o financiamento do "VI Festival Internacional de Piano Cidade de Vigo", organizado por esta entidade; e autorizar e dispoñer o devandito gasto con cargo á aplicación orzamentaria 3340.480.00.15 "Subvención Concurso de Piano. ", que figura no orzamento municipal vixente do Concello de Vigo.

SEGUNDO.- Que se aprobe o texto do proxecto de convenio entre o Concello de Vigo e a Asociación de Música Clásica que regula o desenvolvemento da subvención outorgada para o financiamento do "VI Festival Internacional de Piano Cidade de Vigo"

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN, ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A "ASOCIACIÓN DE MÚSICA CLÁSICA", PARA A ORGANIZACIÓN DO " VI FESTIVAL INTERNACIONAL DE PIANO CIDADE DE VIGO"

En Vigo, na data da sinatura dixital

REÚNENSE



Concello de Vigo

A Concellería de Cultura (en adiante CONCELLERÍA), e no seu nome e representación, D. Abel Fermín Losada Álvarez, en virtude do seu cargo de concelleiro-delegado da Área de Cultura do Concello de Vigo (CIF P3605700H), para o que foi nomeado polo decreto de delegación de Alcaldía de data 18 de xuño de 2019 e acordo da Xunta de Goberno Local de data 20 de xuño de 2019; con enderezo na Praza do Rei nº 1, CP 36202; no exercicio das facultades e demais funcións que lle foron conferidas por razón do seu cargo no decreto de delegación de competencias de data 26 de xuño de 2019,

Doutra, D. Pablo Galdo Vigo, na súa condición de presidente da Asociación de Música Clásica (CIF: G-27813286) (en adiante a ENTIDADE), con enderezo social na rúa Emilia Pardo Bazán núm.58, 1º A, CP 36204 da cidade de Vigo, actuando en nome e representación da devandita entidade, segundo as facultades que lle outorgan os seus estatutos.

E, actuando dona Susana Gallardo Fariña, en calidade de secretaria da Administración Municipal do Concello de Vigo, dando fe deste acto.

Ámbalas dúas partes teñen plena capacidade para levar adiante este convenio e,

MANIFESTAN

*I.-Que a **ASOCIACIÓN MÚSICA CLÁSICA** é unha entidade sen ánimo de lucro que ten como obxectivos principais realizar actividades de promoción e difusión da música clásica en Galicia, contando con artistas nacionais e internacionais, e organizando actividades de proxección internacional; motivo polo que organizan neste ano 2022 o **VI FESTIVAL INTERNACIONAL DE PIANO "CIDADE DE VIGO"**.*

*II.- Que o Concello de Vigo, coñecedor das ditas actividades e accións e no exercicio da súa competencia propia de promoción da cultura, que lle recoñece o artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, na vixente redacción, dada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, desexa promover e colaborar economicamente na execución da programación da "**ASOCIACIÓN DE MÚSICA CLÁSICA**", como medio que é de promover a música na cidade.*

III.- Que con esta finalidade o vixente Orzamento Xeral do Concello de Vigo inclúe na aplicación orzamentaria 3340.480.00.15, como subvención nominativa, "SUBVENCIÓN CONCURSO DE PIANO", a cantidade de 9.000 euros.

*IV.- Que a **ASOCIACIÓN DE MÚSICA CLÁSICA** non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e non ten débedas pendentes co Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente administrativo arriba citado.*

V.- De acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26,1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións, polo que as partes acordan asinar o presente convenio de colaboración para regular os termos da súa concesión, que ten como obxecto a organización de devandito programa.

De conformidade coas anteditas consideracións e dado o interese común das partes asinantes, e co fin de acadar unha maior eficacia na execución das actuacións, é polo que asinan o presente convenio de colaboración de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO

A través do presente convenio, establécense as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a CONCELLERÍA e maila ENTIDADE para desenvolver a organización do VI Festival Internacional de Piano Cidade de Vigo a desenvolver no exercicio 2022, que se detalla na documentación achegada pola entidade no presente expediente de aprobación do convenio.

SEGUNDA.- ORZAMENTO E FINANCIAMENTO

A memoria económica que se achega ao presente convenio, presentada pola ASOCIACIÓN, incorpora o orzamento xeral de gastos do programa obxecto do mesmo, polo importe total de 40.500 € (corenta mil cincocentos euros), financiándose coas seguintes achegas:

- Concello de Vigo: 9.000 €
- Xunta de Galicia: 5.000 €
- Subvención AIE: 1.500 €
- Patrocinio dos Acordes: 1.200 €
- Inscricións dos participantes: 5.000 €
- Aportación da entidade: 18.800 €

TERCEIRA.- DATAS E LUGARES DO PROGRAMA

PROGRAMA:

O "VI Concurso Internacional de Piano Ciudad de Vigo" está programado para os días 15 e 16 de outubro.

CUARTA.- OBRIGAS DA ENTIDADE . MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA

- 1)Organizar as actividades a través dun equipo de profesionais dirixidos e/ou supervisados pola ENTIDADE, actuando como interlocutor único ante a CONCELLERÍA D. Pablo Galdo Vigo , presidente da entidade.
- 2)Responsabilizarse da organización integral do programa, difundilo amplamente, dispoñer dos espazos, e solicitar, de ser o caso, os permisos correspondentes para a utilización dos mesmos, solicitude de ocupación de vía pública, cargas e descargas, instalación de elementos, etc.
- 3)Cumprir o programa obxecto da subvención, de acordo co establecido neste convenio e no acordo de concesión, asumindo o aboamento dos gastos relativos á organización da



Concello de Vigo

actividade, tanto directos como indirectos (contratacións, produción, dereitos de autor derivados da programación, material de difusión, aluguer e uso de espazos de ser o caso, e demais infraestruturas necesarias para o desenvolvemento efectivo da actividade).

- 4) Cumprir coas obrigas fiscais, así como das disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de saúde e hixiene no traballo.
- 5) Incorporar os anagramas-logotipos do Concello de Vigo na forma que se detalla na cláusula sétima, e comunicar as accións de difusión nas que se deberá facer mención expresa da subvención obxecto deste convenio.
- 6) Facilitar á CONCELLERÍA a información necesaria para a difusión do programa a través da páxina "vigocultura.org" e demais canles oficiais.
- 7) Comunicar á CONCELLERÍA as modificacións das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención (art.11.d da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia), en particular os cambios ou cancelacións de elementos do proxecto de actividades, obtención doutras subvencións, axudas ou recursos que modifiquen o financiamento, no momento en que teña constancia da súa dispoñibilidade ou efectividade, e en en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos; co obxecto de determinar a oportunidade da autorización da modificación ou substitución por outros programas, ou ben proceder á redución do importe da subvención concedida ou reintegro. A alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión (art.17.3 da citada Lei).
- 8) A concesión da subvención á ENTIDADE implica a súa aceptación das obrigas sinaladas na resolución de concesión e nas normativas citadas sobre subvencións; particularmente sobre as obrigas sinaladas nos artigos 11 e 12, xustificacións, reintegros e subcontratación previstos na Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.
- 9) Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento do programa, asumindo a contratación dunha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se poida producir en relación ao desenvolvemento do evento. A ENTIDADE entregará á Área de Cultura copia da póliza e do recibo do pagamento correspondente antes do inicio da actividade.
- 10) Cumprir estrictamente coas medidas que en cada momento establezan a autoridades sanitarias derivadas da COVID.**

QUINTA.- OBRIGAS DA CONCELLERÍA. MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA

1. Realizar o seguimento do desenvolvemento do programa de actividades contempladas neste convenio.
2. Xestionar o pagamento do importe da subvención (9.000 €), tras o cumprimento dos requisitos de xustificación e conformidades necesarias.

SEXTA.- MECANISMOS DE SEGUIMIENTO DA SUBVENCIÓN E DO CONVENIO. UNIDADE XESTORA

Para o bo desenvolvemento do programa obxecto do convenio establecerase unha comisión mixta, integrada polos representantes de cada unha das institucións convenientes, ou persoa na que deleguen, aos que corresponderá o seguimento, interpretación e avaliación das accións derivadas do presente convenio.

O centro xestor da subvención á ENTIDADE é a Área de Cultura do Concello de Vigo, a través do xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural, a quen se informará sobre o desenvolvemento do programa, e comunicará os posibles cambios na programación e, especialmente, a súa incidencia nos presupostos que deron motivo á concesión da subvención, por se procedera a súa revisión.

O centro xestor ten a encomenda de comprobación da realización das actividades do proxecto subvencionado e de informar sobre a adecuada xustificación da subvención poñendo de manifesto, expresamente, o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade dos documentos xustificativos presentados.

SÉTIMA.- DIFUSIÓN DO CARÁCTER PÚBLICO DO FINANCIAMENTO E DAS ACTIVIDADES DO PROGRAMA

Calquera que sexa o medio de difusión, a ENTIDADE adoitará as medidas necesarias para publicitar axeitadamente o carácter público do financiamento do programa polo Concello de Vigo, as súas actividades e funcionamento; incorporando os anagrama-logotipo do Concello de Vigo, ademais das lendas indicadas pola Área de Cultura, en particular, no material gráfico editado, na páxina web, nas presentacións públicas, actividades, soportes e demais recursos de difusión e información xeral que se produzan sobre o evento, de acordo coa CONCELLERÍA.

Si no financiamento das actividades ou publicacións interveñen outras entidades distintas do Concello de Vigo, deberá acordarse coa CONCELLERÍA a prelación e características para cada caso.

O deseño gráfico de publicacións e materiais de difusión, deberá ser enviado á Área de Cultura, previamente ás impresións, como mínimo naquelas partes onde figuren as referencias da ENTIDADE, Concello de Vigo e outras entidades que realicen algunha achega ao proxecto subvencionado no seu conxunto polo Concello. O material editado disporá dos depósitos legais correspondentes.

Así mesmo, a ENTIDADE entregará o material de difusión suficiente, tanto para a súa conservación no expediente de subvención, como para a difusión da programación dende a CONCELLERÍA.

A difusión aos medios de comunicación de informacións sobre as actividades programadas (roldas de prensa, difusión de noticias, informacións, traballos, etc) deberá estar previamente comunicada ou acordada coa CONCELLERÍA.

A ENTIDADE comprométese á utilización dunha linguaxe e imaxe non sexista nos materiais de publicidade que se empreguen para a difusión da actividade ou evento. Igualmente comprométese ao emprego de imaxes non estereotipadas e que fagan visible a achega das mulleres nas facetas públicas da sociedade e non só no eido privado ou familiar.



Concello de Vigo

A ENTIDADE facilitará á Area de Cultura, coa antelación suficiente, toda a información sobre o programa nos formatos axeitados, co fin de publicitalo en todos os soportes municipais (web, 010, Vigocultura, etc.).

Lingua de difusión e publicacións:

De acordo co establecido na vixente Ordenanza da Normalización Lingüística do Concello de Vigo, a lingua galega é a lingua principal de comunicación; polo tanto, e con carácter xeral, só se considerarán dentro do proxecto e programa subvencionado as publicacións e elementos de difusión e publicidade editados en galego, teñan ou non carácter periódico. A utilización doutras linguas distintas ao galego nas publicacións e difusión quedan sometidas aos acordos particulares coa CONCELLERÍA para que os elementos sexan subvencionables.

OITAVA.- PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN

O CONCELLO xestionará o pagamento á ENTIDADE polo importe da subvención outorgada ou resultante, logo da realización das actividades previstas no obxecto deste convenio e entrega do informe final coa rendición da conta xustificativa; previa aprobación da achega pola Xunta de Goberno Local, unha vez asinado o presente convenio por ambas partes, emisión dos informes técnicos, e co conforme do concelleiro-delegado da Área de Cultura.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias das facturas polo resto do orzamento. Poderase substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abrangue a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo final foi de XX.XXX euros.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), A ENTIDADE está obrigada a relacionarse electrónicamente coas Administracións Públicas. Xa que logo, para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concede a subvención que regula o presente convenio e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na mesma, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a aportación de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel.

Documentación a incluír na conta xustificativa:

- Solicitude de pagamento da subvención tralo remate das actividades e, en todo caso, como límite o 10 de novembro do 2022.
- Acreditar atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, Tesourería Xeral da Seguridade Social e Concello de Vigo.
- Memoria de execución e avaliación da actividade realizada, que xustificará o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos, que deberá incluír como mínimo:
 1. Programa con información sobre organización, patrocinio, colaboradores, venda de entradas, etc.
 2. Datos sobre os participantes nas actividades, número e perfil dos asistentes.
 3. Memoria de prensa.
 4. Relación de material gráfico e de difusión contendo os logotipos do Concello de Vigo.
 5. Reportaxe fotográfica.
- Memoria económica contendo o balance detallado coa totalidade dos gastos e ingresos da actividade, con indicación dos acredores, conceptos facturados, datas de emisión e importe; acreditados con documentos orixinais pola parte subvencionada.
- Cando as actividades fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia, data de ingreso e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.
- As facturas ordenadas segundo o concepto de gasto a que se atribúen e nas que figure a ENTIDADE como entidade destinataria, deberán recoller o seu número e data, CIF, denominación e domicilio social do emisor, conceptos, importes, IVE, etc. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no RD. 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se regula o deber de expedir e entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais.
- Nestas facturas computarase o gasto acreditado, deducindo o IVE, agás que xustifique que está exenta de IVE.
- Nas facturas ou nos documentos xustificativos dos gastos non deberá constar de forma expresa que o gasto foi pagado pola entidade beneficiaria con anterioridade á finalización do prazo de xustificación; entendéndose baixo a responsabilidade do beneficiario que o concepto facturado está realizado e conta coa súa conformidade.

Cando a entidade beneficiaria demande a devolución do orixinal presentado para a xustificación da subvención, solicitará a través da unidade xestora da tramitación administrativa do expediente o estampillado (art.73 do regulamento da Lei 38/2003 LXS) da factura orixinal indicando no mesmo o motivo da subvención, así como se o importe do xustificante se imputa total ou parcialmente á subvención recibida, indicándose neste caso o importe exacto que resulte



Concello de Vigo

afectado pola subvención. Posteriormente incorporárase ao expediente copia do xustificante orixinal estampillado e a unidade administrativa procederá á devolución do orixinal.

Gastos subvencionables:

Consideraranse gastos subvencionables, os realizados no ano 2022 que respondan directa e indubidablemente á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen dentro do prazo establecido para a execución do proxecto, quedando excluídos os custos indirectos imputables á actividade, os custos de funcionamento ordinario da entidade, os de atencións protocolarias e representativas, e os gastos en inversións e adquisicións de material, equipos e bens de natureza inventariable.

En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

Non se contempla a posibilidade de subcontratación dos gastos derivados da execución do programa subvencionado.

Importe total de subvencións ou axudas:

A subvención do Concello á ENTIDADE é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe das subvencións ou axudas percibidas pola ENTIDADE para a actividade subvencionada en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade ou obxecto subvencionados (art.17.3 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia).

NOVENA.- XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN

A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a súa concesión será comprobada pola Área de Cultura.

Os técnicos da Área de Cultura emitirán informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

DÉCIMA.- INFORMACIÓN E PUBLICIDADE

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola CONCELLERÍA e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

O CONCELLO publicará a concesión da subvención no portal de transparencia do Concello e comunicarllo á Base de Datos Nacional de Subvencións para os efectos de dar cumprimento ao disposto nos artigos 18 da LXS e 8.1.c) da Lei 19/2013 de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

DÉCIMO PRIMEIRA.- REINTEGRO

Procederá ao reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención até a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá ao reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

DÉCIMO SEGUNDA.- INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

En canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

DÉCIMO TERCEIRA.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia, en orde á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei Orgánica 3/2018, do 13 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Cultura.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Cultura do Concello de Vigo.

DÉCIMO CUARTA.- DEREITOS SOBRE A INFORMACIÓN E TITULARIDADE DOS RESULTADOS

Os resultados froito deste convenio, tales como documentais, catálogos, estudos, e demais material obtido da realización das actividades programadas, serán de titularidade e de uso común da CONCELLERÍA e da ENTIDADE. Os resultados quedarán para futuras edicións e ámbalas dúas partes poderán utilizalo nun futuro indistintamente.

A CONCELLERÍA resérvase o dereito de publicar os resultados, parciais ou finais, obtidos durante a execución do convenio que, en todo caso, terán carácter público.

Calquera transformación dos resultados do programa de colaboración conxunta requirirá o consentimento expreso das partes asinantes do convenio.

DÉCIMO QUINTA.- PARTICIPACIÓN DOS COLABORADORES DA ASOCIACIÓN

O asinamento deste convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera outra índole entre a ENTIDADE e os profesionais ao seu servizo que vaian desenvolver as actividades previstas, e o Concello de Vigo, de tal xeito que a este non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

DÉCIMO SEXTA.- VIXENCIA

O presente convenio estenderá a súa vixencia desde a data da súa sinatura até o 31 de decembro do 2022, e non será prorrogable.



Concello de Vigo

DECIMO SÉTIMA.- MODIFICACIÓN, DENUNCIA E RESOLUCIÓN DE CONTROVERSIAS

Calquera das súas partes asinantes poderá denunciar ou modificar o presente convenio previa notificación escrita cunha antelación mínima de tres meses.

O incumprimento de calquera das obrigas contraídas no presente convenio por unha das partes facultará á outra para resolver o mesmo, quedando automaticamente anulados todos os dereitos correspondentes sobre o obxecto programa de colaboración conxunta, pero non así as obrigas contraídas no mesmo.

Por parte do Concello de Vigo, a Xunta de Goberno Local resolverá as posibles controversias derivadas da execución ou interpretación deste convenio e a CONCELLERÍA queda facultada para adoptar as medidas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento.

DÉCIMO OITAVA.-EXTINCIÓN DOS CONVENIOS

De conformidade co artigo 51 de la Lei 40/2015 de Réximen Xurídico do Sector Público o convenio extínguense polos seguintes motivos:

1. Os convenios extínguense polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incurrir en causa de resolución.
2. Son causas de resolución:
 - a) O transcurso do prazo de vixencia do convenio sen terse acordado a prórroga do mesmo.
 - b) O acordo unánime de todos os asinantes.
 - c) O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes.

Neste caso, calquera das partes poderá notificar á parte incumpridora un requerimento para que cumpra, nun determinado prazo, coas obrigas ou compromisos que se consideran incumpridos. Este requerimento será comunicado ao responsable do mecanismo de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e ás demais partes asinantes.

Se transcorrido o prazo indicado no requerimento persistira o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará ás partes asinantes a concurrencia da causa de resolución e entenderase resolto o convenio. A resolución do convenio por esta causa poderá conlevar a indemnización dos prexuízos causados se así se tivese previsto.

- d) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
- e) Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.

DÉCIMO NOVENA.- LEXISLACIÓN APLICABLE

A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.


Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto refundido da lei de propiedade intelectual.

En proba de conformidade de canto antecede, asinan por triplicado exemplar o presente documento de convenio no lugar e data arriba indicados.



Concello de Vigo

ORZAMENTO 2022

 ORZAMENTO DEL VI CONCURSO INTERNACIONAL DE PIANO "CIDADE DE VIGO"				
GASTOS CON PERSONAL CONTRATADO	BASE IMP.	IVA	IRPF	TOTAL
CACHÉ DE LOS JURADOS	14.000,00 €			14.000,00 €
HOTEL	2.500,00 €	0,00 €	0,00 €	2.500,00 €
VIAJE	2.500,00 €	0,00 €	0,00 €	2.500,00 €
DIETAS	2.300,00 €	0,00 €	0,00 €	2.300,00 €
TOTAL	21.300,00 €	0,00 €	0,00 €	21.300,00 €
PREMIOS Y OTROS GASTOS	BASE IMP.	IVA	IRPF	TOTAL
1º PREMIO	3.000,00 €			3.000,00 €
2º PREMIO "DOS ACORDES"	2.000,00 €			2.000,00 €
3º PREMIO "JUAN MONTES"	1.000,00 €			1.000,00 €
PREMIO "ROSA SABATER"	250,00 €			250,00 €
PREMIO "PEPITO ARRIOLA"	250,00 €			250,00 €
PREMIO "CRISOSTOMO ARRIAGA"	250,00 €			250,00 €
PREMIO "BACH"	250,00 €			250,00 €
PREMIO "ANDRES GAOS"	250,00 €			250,00 €
PREMIO "ROSALIA DE CASTRO"	250,00 €			250,00 €
SEGURO RESPONSABILIDAD CIVIL	150,00 €			150,00 €
PIANO	500,00 €			500,00 €
PRODUCCIÓN	2.000,00 €			2.000,00 €
AULAS ESTUDIO / ALQUILER DEL AUDITORIO	2.000,00 €			2.000,00 €
PROSEGURO	2.700,00 €			2.700,00 €
LIMPIEZA DEL AUDITORIO	500,00 €			500,00 €
DISEÑO GRÁFICO Y MAQUETACIÓN	1.000,00 €			1.000,00 €
GRABACIÓN DE VÍDEO Y STREAMING	1.000,00 €			1.000,00 €
PUBLICIDAD E IMPRESIÓN	1.200,00 €			1.200,00 €
TRASLADOS	500,00 €			500,00 €
COMISIONES Y GASTOS	150,00 €			150,00 €
TOTAL	19.200,00 €	0,00 €	0,00 €	19.200,00 €
TOTAL DE GASTOS	40.500,00 €	0,00 €	0,00 €	40.500,00 €

Presupuesto Detallado del VI Concurso Internacional de Piano "Ciudad de Vigo"

Ingresos

Concepto	Base Imponible	IVA	IRPF	Total
Concello de Vigo	9.000,00 €			9.000,00 €
AIE	1.500,00 €			1.500,00 €
Dos Acordes	1.200,00 €			1.200,00 €
Xunta	5.000,00 €			5.000,00 €
Inscripciones de participantes	5.000,00 €			5.000,00 €
Aportaciones Próprias	18.800,00 €			18.800,00 €
Total	40.500,00 €			40.500,00 €

18(868).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA Á "ASOCIACIÓN CULTURAL REENCANTO PRODUCCIÓN" PARA O DESENVOLVEMENTO DA "XI EDICIÓN DO FESTIVAL PRIMAVERA DO CINE EN VIGO 2022". EXPTE. 4578/330.

Visto o informe xurídico do 30/09/2022 e o informe de fiscalización do 05/10/2022, dáse conta do informe-proposta de data 09/09/2022, asinado polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural, o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Con data 6 de setembro de 2022, a " ASOCIACIÓN CULTURAL REENCANTO PRODUCCIÓN" presenta na sede electrónica do Concello escrito de solicitude de subvención para o financiamento da "XI EDICIÓN DO FESTIVAL PRIMAVERA DO CINE EN VIGO 2022"; por este motivo, con data 7 de setembro, o concelleiro-delegado da Área de Cultura resolveu que por parte desta xefatura se iniciase o expediente de subvención correspondente, polo importe de 5.000 € con cargo á aplicación orzamentaria 3340.480.00.17 do orzamento municipal vixente.

ANTECEDENTES.-

A "ASOCIACIÓN CULTURAL REENCANTO PRODUCCIÓN" é unha entidade sen ánimo de lucro composta por cineastas e persoas interesadas no desenvolvemento e potenciación da cultura, especialmente pola creación e produción audiovisual, motivo polo que organiza dende o ano 2012 o *Festival Primavera do Cine en Vigo*.



Concello de Vigo

Reencanto Producións é unha plataforma cultural que nace en tempos de crise coa intención de crear contidos culturais para o cambio e a transformación social, é unha proposta en positivo, é unha organización aberta, participativa e flexible que cre na innovación e que-re potenciar as novas proposta.

PROGRAMA E ORZAMENTO:

O *XI Festival Primavera de Vigo 2022* desenvolveuse entre **os días 6 e 11 de setembro** en distintos espazos da cidade (Auditorio Municipal do Concello, MARCO e Instituto Camoes).

A memoria económica que se achega a esta proposta, incorpora o orzamento xeral de gastos e ingresos do programa polo importe total de 17.552,26 € (dezasete mil cincocentos cincuenta e dous euros con vinteseis céntimos), que se financian según o seguinte:

- CONCELLO DE VIGO: 5.000 €
- Deputación Provincial de Pontevedra: 5.790,43 €
- Venda de entradas: 3.000 €
- Merchandising: 700 €
- Patrocinios: 500 €
- Aportación entidade: 2.561,83 €

DOCUMENTACIÓN.-

Por parte da asociación, presentouse a documentación relativa ao expediente de subvención, que está integrada pola seguinte:

- Solicitud e autorización á consulta dos datos tributarios
- Memoria e orzamento da actividade
- NIF da representante legal
- CIF da entidade
- Estatutos da entidade e capacidade do representante legal
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Axencia Tributaria
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Xunta de Galicia
- Certificado de estar ao corrente de pagos co Concello de Vigo
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Seguridade Social
- Certificación da conta bancaria
- Declaración de non estar incurso en prohibición para obter subvencións.
- Declaración doutras axudas.
- Seguro de responsabilidade civil e recibo do pagamento correspondente

LEXISLACIÓN APLICABLE.-

A concesión da subvención que outorgue o Concello de Vigo á entidade “ ASOCIACIÓN CULTURAL REENCANTO PRODUCCIÓN ” , para o financiamento da “**XI EDICIÓN DO FESTIVAL PRIMAVERA DO CINE EN VIGO 2022**”, rexerose pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D. Leg 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real Decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual.

A concesión da subvención directa á “ASOCIACIÓN CULTURAL REENCANTO PRODUCCIÓN” deberá axustarse ao previsto no art. 22.2 apartados a) e c) da Lei 38/2003 xeral de subvencións, tanto por estar prevista nominativamente no orzamento do Concello de Vigo do 2022, como polo interese público, social e cultural que supón a actividade para a cidade de Vigo; acreditado na concordancia do programa singular a executar, os fins estatutarios da entidade, a súa complementariedade coa actividade cultural organizada polo Concello e marcada diferenza coa oferta doutras entidades, polo cal non procede promover a concorrencia para o seu outorgamento.

ÓRGANO DE RESOLUCIÓN E ÁMBITO DE COMPETENCIAS .-

O órgano de goberno para a concesión desta subvención directa é a Xunta de Goberno Local.

O obxecto do expediente corresponde as materias de competencia propia do Concello segundo os artigos 25.2. m da Lei 7/1985, do 2 de abril, promoción da cultura e equipamentos culturais e o 80.2. n) (actividades culturais) da Lei 5/1997, de administración local de Galicia.

FINANCIAMENTO DA SUBVENCIÓN.-

A subvención do Concello de Vigo á entidade “ ASOCIACIÓN CULTURAL REENCANTO PRODUCCIÓN” ten como obxecto financiar a organización da “**XI EDICIÓN DO FESTIVAL PRIMAVERA DO CINE EN VIGO 2022**”, figurando na aplicación **3340.480.00.17** do orzamento municipal vixente a concesión dunha subvención nominativa por importe de 5.000 €, a favor da entidade.

A subvención do Concello de Vigo á entidade “ ASOCIACIÓN CULTURAL REENCANTO PRODUCCIÓN” é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outras administracións ou entes públicos ou privados.

CONDICIÓN DE CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN

A resolución de concesión da subvención deberá establecer as condicións e compromisos aplicables (segundo se establece tanto na Lei Xeral de Subvencións como na Lei de subvencións de Galicia), que se detallan na proposta.

Coa conformidade do concelleiro-delegado da Área de Cultura e mailo concelleiro-delegado da Área de Orzamentos e Facenda, tralos informes xurídico e da Intervención Xeral do Concello de Vigo, faise a seguinte

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL.-

“PRIMEIRO.- Aprobar a concesión directa dunha subvención por importe de 5.000 € (cinco mil euros) a “Asociación Cultural Reencanto Producións” CIF. G27780766, para o financiamento da “XI Edición do Festival Primavera do Cine en Vigo 2022” organizado por esta entidade; e autorizar e dispoñer o devandito gasto con cargo á aplicación orzamentaria



Concello de Vigo

3340.480.00.17 "SUBVENCIÓN FESTIVAL.PRIMAVERA DE CINE", que figura no orzamento municipal vixente do Concello de Vigo.

SEGUNDO.- As condicións que rexerán a subvención serán as seguintes:

OBRIGAS DA ENTIDADE

1)E de responsabilidade da Entidade :

- a)A organización das actividades a través dun equipo de profesionais dirixidos e/ou supervisados pola ENTIDADE,
- b)A organización integral do programa, a súa ampla difusión e a dispoñibilidade dos espazos, e solicitude, de ser o caso, dos permisos correspondentes para a utilización dos mesmos, solicitude de ocupación de vía pública, cargas e descargas, instalación de elementos, etc.
- c)Cumprimento do programa obxecto da subvención e o abono dos gastos relativos á organización da actividade, tanto directos como indirectos (contratacións, produción, dereitos de autor derivados da programación, material de difusión, aluguer e uso de espazos de ser o caso, e demais infraestruturas necesarias para o desenvolvemento efectivo da actividade).
- d)Cumprimento das medidas sanitarias adoptadas polas autoridades sanitarias en cada momento por mor da COVID-19.

2)Actuará como interlocutor único ante a CONCELLERÍA D. David Esperón Fontán, presidente da Asociación.

3)Cumprir coas obrigas fiscais, así como das disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de saúde e hixiene no traballo.

4)Ter incorporado os anagramas-logotipos do Concello de Vigo nos elementos de difusión da actividade subvencionada

5)Comunicar á CONCELLERÍA as modificacións das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención (art.11.d da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia), en particular os cambios ou cancelacións de elementos do proxecto de actividades, obtención doutras subvencións, axudas ou recursos que modifiquen o financiamento, no momento en que teña constancia da súa dispoñibilidade ou efectividade, e en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos; co obxecto de determinar a oportunidade da autorización da modificación ou substitución por outros programas, ou ben proceder á redución do importe da subvención concedida ou reintegro.

A alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión (art.17.3 da citada Lei).

6)A concesión da subvención á ENTIDADE implica a súa aceptación das obrigas sinaladas na resolución de concesión e nas normativas citadas sobre subvencións; particularmente sobre as obrigas sinaladas nos artigos 11 e 12, xustificacións, reintegros e subcontratación previstos na Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.

7)Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento do programa e a ditos efectos ter contratado e dispoñer dunha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se puido producir en relación ao desenvolvemento do evento. Neste sentido, A ENTIDADE presenta copia da póliza e do recibo do pagamento do seguro de responsabilidade civil.

OBRIGAS DO CONCELLO. MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA

1. Realizar o seguimento do desenvolvemento do programa subvencionado.
2. A tramitación da subvención e xestión do pagamento do importe da subvención (5.000 €), tras o cumprimento dos requisitos de xustificación e conformidades necesarias.

MECANISMOS DE SEGUIMENTO DA SUBVENCIÓN. UNIDADE XESTORA

O centro xestor da subvención á ENTIDADE é a Área de Cultura do Concello de Vigo, a través do Xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural, a quen comunicará calquera incidencia do proxecto subvencionado.

O centro xestor ten a encomenda de comprobación da realización das actividades do proxecto subvencionado e de informar sobre a adecuada xustificación da subvención poñendo de manifesto, expresamente, o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade dos documentos xustificativos presentados.

PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN

O CONCELLO xestionará o pagamento á ENTIDADE polo importe da subvención outorgada ou resultante, trala entrega do informe final coa rendición da conta xustificativa; previa aprobación da achega pola Xunta de Goberno Local, emisión dos informes técnicos, e co conforme do concelleiro-delegado da Área de Cultura.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias das facturas polo resto do orzamento. Poderase substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abrangue a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo final foi de XX.XXX euros.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), A ENTIDADE está obrigada a relacionarse electrónicamente coas Administracións Públicas. Xa que logo, para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concede a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na mesma, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por me-



Concello de Vigo

dios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a aportación de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel.

Documentación a incluír na conta xustificativa:

- Solicitud de pagamento da subvención, tendo como límite o 10 de novembro de 2022.
- Acreditar atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, Tesourería Xeral da Seguridade Social e Concello de Vigo.
- Memoria de execución e avaliación da actividade realizada, que xustificará o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos, que deberá incluír como mínimo:
 1. Programa con información sobre organización, patrocinio, colaboradores, venda de entradas, etc.
 2. Datos sobre os participantes nas actividades, número e perfil dos asistentes.
 3. Memoria de prensa.
 4. Relación de material gráfico e de difusión contendo os logotipos do Concello de Vigo.
 5. Reportaxe fotográfica.
- Memoria económica contendo o balance detallado coa totalidade dos gastos e ingresos da actividade, con indicación dos acredores, conceptos facturados, datas de emisión e importe; acreditados con documentos orixinais pola parte subvencionada.
- Cando as actividades fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia, data de ingreso e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.
- As facturas ordenadas segundo o concepto de gasto a que se atribúen e nas que figure a ENTIDADE como entidade destinataria, deberán recoller o seu número e data, CIF, denominación e domicilio social do emisor, conceptos, importes, IVE, etc. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no RD. 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se regula o deber de expedir e entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais.
- Nestas facturas computarase o gasto acreditado, deducindo o IVE, agás que xustifique que está exenta de IVE.
- Nas facturas ou nos documentos xustificativos dos gastos non deberá constar de forma expresa que o gasto foi pagado pola entidade beneficiaria con anterioridade á finalización do prazo de xustificación; entendéndose baixo a responsabilidade do beneficiario que o concepto facturado está realizado e conta coa súa conformidade.

Cando a entidade beneficiaria demande a devolución do orixinal presentado para a xustificación da subvención, solicitará a través da unidade xestora da tramitación administrativa do expediente o estampillado (art.73 do regulamento da Lei 38/2003 LXS) da factura orixinal indicando no mesmo o motivo da subvención, así como se o importe do xustificante se imputa total ou parcialmente á subvención recibida, indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. Posteriormente incorporarase ao

expediente copia do xustificante orixinal estampillado e a unidade administrativa procederá á devolución do orixinal.

Gastos subvencionables:

Consideraranse gastos subvencionables, os realizados no ano 2022 que respondan directa e indubidablemente á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen dentro do prazo establecido para a execución do proxecto, quedando excluídos os custos indirectos imputables á actividade, os custos de funcionamento ordinario da entidade, os de atencións protocolarias e representativas, e os gastos en inversións e adquisicións de material, equipos e bens de natureza inventariable. En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

Non se contempla a posibilidade de subcontratación dos gastos derivados da execución do programa subvencionado.

Importe total de subvencións ou axudas:

A subvención do Concello á ENTIDADE é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe das subvencións ou axudas percibidas pola ENTIDADE para a actividade subvencionada en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade ou obxecto subvencionados (art.17.3 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia).

XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN

A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a súa concesión será comprobada pola Área de Cultura. Os técnicos da Área de Cultura emitirán informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

INFORMACIÓN E PUBLICIDADE

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola CONCELLERÍA e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

O CONCELLO publicará a concesión da subvención no portal de transparencia do Concello e comunicarllo á Base de Datos Nacional de Subvencións para os efectos de dar cumprimento ao disposto nos artigos 18 da LXS e 8.1.c) da Lei 19/2013 de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

REINTEGRO

Procederá ao reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención até a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

INFRACCIÓNS E SANCIÓN

En canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención e o procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no título IV da Lei



Concello de Vigo

9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

De conformidade co artigo 32.2 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións a achega municipal configúrase como un importe certo, entendendo que queda por conta do beneficiario a diferenza de financiamento necesario para a total execución da actividade subvencionada, debendo ser reintegrado en tal cas

PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia, en orde á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei Orgánica 3/2018, do 13 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Cultura.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Cultura do Concello de Vigo.

LEXISLACIÓN APLICABLE

A concesión da subvención rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto refundido da lei de propiedade intelectual.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

19(869).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA Á "AGRUPACIÓN FOTOGRÁFICA GALEGA" PARA O DESENVOLVEMENTO DA XXVI EDICIÓN DO MARATÓN FOTOGRÁFICO 2022".EXPTE. 4576/330.

Visto o informe xurídico do 30/09/2022 e o informe de fiscalización do 07/10/2022, dáse conta do informe-proposta de data 09/09/2022, asinado polo xefe do Servizo

de Xestión e Promoción Cultural, o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Con data de entrada na sede electrónica municipal o 1 de setembro do 2022, "A Agrupación Fotográfica Galega" presenta escrito de solicitude de subvención para o desenvolvemento da XXVI Edición do Maratón Fotográfico no exercicio 2022; por este motivo, con data 5 de setembro, o concelleiro-delegado da Área de Cultura resolveu que por parte desta xefatura se iniciase o expediente de subvención correspondente, por importe de 8.000 € con cargo á aplicación orzamentaria 3340.480.00.18 do orzamento municipal vixente.

ANTECEDENTES.-

A **AGRUPACIÓN FOTGRÁFICA GALLEGA** é unha asociación sen ánimo de lucro cuxos obxectivos son a difusión e promoción da fotografía, onde teñen cabida fotógrafos de todo tipo de tendencias e procedencias. Fundada en 1946 é a primeira entidade deste tipo que xurdiu en Galicia e caracterizouse por ser aberta a todas as persoas afeccionadas á fotografía. Dende o ano 1991 organizan ininterrompidamente o Maratón Fotográfico, un evento totalmente arraigado na cidade.

PROGRAMA E ORZAMENTO:

Este ano 2022 o Maratón Fotográfico celebrárase o 24 e 25 de setembro.

A memoria económica que se achega ao presente convenio, incorpora o orzamento xeral de gastos do programa obxecto do convenio polo importe total de 9.755 € (nove mil setecentos cinco e cinco euros), que se financiarán do seguinte xeito:

- CONCELLO DE VIGO: 8.000 €
- Gadis: 500 €
- Cuotas participantes: 1.200 €
- Aportación entidade: 55 €

DOCUMENTACIÓN.-

Por parte da asociación, presentouse a documentación relativa ao expediente de subvención, que está integrada pola seguinte:

- Memoria e orzamento da actividade
- CIF da empresa
- Escrituras da empresa
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Axencia Tributaria
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Xunta de Galicia
- Certificado de estar ao corrente de pagos co Concello de Vigo
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Seguridade Social
- Certificación da conta bancaria
- Declaración de non estar incurso en prohibición para obter subvencións.
- Declaración doutras axudas.
- Seguro de responsabilidade civil e recibo do pagamento correspondente

LEXISLACIÓN APLICABLE.-

A concesión da subvención que outorgue o Concello de Vigo a "Agrupación Fotográfica Galega" para o desenvolvemento da XXVI Edición do Maratón Fotográfico 2022, rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D. Leg 2/2004, de 5



Concello de Vigo

de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real Decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual.

A concesión da subvención directa a "Agrupación Fotográfica Galega" deberá axustarse ao previsto no art.22.2 apartados a) e c) da Lei 38/2003 xeral de subvencións, tanto por estar prevista nominativamente no orzamento do Concello de Vigo do 2022 como polo interese público, social e cultural que supón a actividade para a cidade de Vigo; acreditado na concordancia do programa singular a executar, os fins estatutarios da entidade, a súa complementariedade coa actividade cultural organizada polo Concello e marcada diferenza ca oferta doutras entidades, polo cal non procede promover a concorrencia para o seu outorgamento.

ÓRGANO DE RESOLUCIÓN E ÁMBITO DE COMPETENCIAS .-

O órgano de goberno para a concesión desta subvención directa é a Xunta de Goberno Local.

O obxecto do expediente corresponde a materias de competencia propia do Concello segundo os artigos 25.2. m da Lei 7/1985, do 2 de abril, promoción da cultura e equipamentos culturais e o 80.2. n) (actividades culturais) da Lei 5/1997, de administración local de Galicia.

FINANCIAMENTO DA SUBVENCIÓN.-

A subvención do Concello de Vigo a "Agrupación Fotográfica Galega" ten como obxecto financiar o desenvolvemento da "XXVI Edición do Maratón Fotográfico 2022", figurando na aplicación **3340.480.00.18** do orzamento municipal vixente a concesión dunha subvención nominativa por importe de 8.000 €, a favor da devandita entidade.

A subvención do Concello de Vigo a "Agrupación Fotográfica Galega" é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outras administracións ou entes públicos ou privados.

CONDICIÓNS DE CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN

A resolución de concesión da subvención deberá establecer as condicións e compromisos aplicables (segundo se establece tanto na Lei Xeral de Subvencións como na Lei de subvencións de Galicia), que se detallan na proposta.

Coa conformidade do concelleiro-delegado da Área de Cultura e mailo concelleiro-delegado da Área de Orzamentos e Facenda, tralos informes xurídico e da Intervención Xeral do Concello de Vigo, faise a seguinte

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL.-

“PRIMEIRO.- Aprobar a concesión directa dunha subvención por importe de 8.000 € (oito mil euros) a "Agrupación Fotográfica Galega" CIF. G36733616, para o financiamento da organización do XXVI Edición do Maratón Fotográfico 2022 organizado por esta entidade; e autorizar e dispoñer o devandito gasto con cargo á aplicación orzamentaria 3340.480.00.18 “SUBVENCIÓN MARATÓN FOTOGRÁFICO”, que figura no orzamento municipal vixente do Concello de Vigo.

SEGUNDO.- As condicións que rexirán a subvención serán as seguintes:

OBRIGAS DA ENTIDADE

1. E de responsabilidade da Entidade :
 - a. A organización das actividades a través dun equipo de profesionais dirixidos e/ou supervisados pola ENTIDADE,
 - b. A organización integral do programa, a súa ampla difusión e a dispoñibilidade dos espazos, e solicitude, de ser o caso, dos permisos correspondentes para a utilización dos mesmos, solicitude de ocupación de vía pública, cargas e descargas, instalación de elementos, etc.
 - c. Cumprimento do programa obxecto da subvención e o abono dos gastos relativos á organización da actividade, tanto directos como indirectos (contratacións, produción, dereitos de autor derivados da programación, material de difusión, aluguer e uso de espazos de ser o caso, e demais infraestruturas necesarias para o desenvolvemento efectivo da actividade).
 - d. Cumprimento das medidas sanitarias adoptadas polas autoridades sanitarias en cada momento por mor da COVID-19.
2. Actuará como interlocutora única ante a CONCELLERÍA D. ALFONSO DURÁN CASTILLO , presidente da Agrupación.
3. Cumprir coas obrigas fiscais, así como das disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de saúde e hixiene no traballo.
4. Ter incorporado os anagramas-logotipos do Concello de Vigo nos elementos de difusión da actividade subvencionada
5. Comunicar á CONCELLERÍA as modificacións das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención (art.11.d da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia), en particular os cambios ou cancelacións de elementos do proxecto de actividades, obtención doutras subvencións, axudas ou recursos que modifiquen o financiamento, no momento en que teña constancia da súa dispoñibilidade ou efectividade, e en en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos; co obxecto de determinar a oportunidade da autorización da modificación ou substitución por outros programas, ou ben proceder á redución do importe da subvención concedida ou reintegro.A alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión (art.17.3 da citada Lei).
6. A concesión da subvención á ENTIDADE implica a súa aceptación das obrigas sinaladas na resolución de concesión e nas normativas citadas sobre subvencións; particularmente sobre as obrigas sinaladas nos artigos 11 e 12, xustificacións, reintegros e subcontratación previstos na Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.
7. Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento do programa e a ditos efectos ter contratado e dispoñer dunha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou



Concello de Vigo

incidencia que se puido producir en relación ao desenvolvemento do evento. Neste sentido, A ENTIDADE presenta copia da póliza e do recibo do pagamento do seguro de responsabilidade civil.

OBRIGAS DO CONCELLO. MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA

- 1) Realizar o seguimento do desenvolvemento do programa subvencionado.
- 2) A tramitación da subvención e xestión do pagamento do importe da subvención (8.000 €), tras o cumprimento dos requisitos de xustificación e conformidades necesarias.

MECANISMOS DE SEGUIMENTO DA SUBVENCIÓN. UNIDADE XESTORA

O centro xestor da subvención á ENTIDADE é a Área de Cultura do Concello de Vigo, a través do Xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural, a quen comunicará calquera incidencia do proxecto subvencionado.

O centro xestor ten a encomenda de comprobación da realización das actividades do proxecto subvencionado e de informar sobre a adecuada xustificación da subvención poñendo de manifesto, expresamente, o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade dos documentos xustificativos presentados.

PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN

O CONCELLO xestionará o pagamento á EMPRESA polo importe da subvención outorgada ou resultante, trala entrega do informe final coa rendición da conta xustificativa; previa aprobación da achega pola Xunta de Goberno Local, emisión dos informes técnicos, e co conforme do concelleiro-delegado da Área de Cultura.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias das facturas polo resto do orzamento. Poderase substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abrangue a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo final foi de XX.XXX euros.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), A ENTIDADE está obrigada a relacionarse electrónicamente coas Administracións Públicas. Xa que logo, para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concede a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na mesma, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subven-

cións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a aportación de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel.

Documentación a incluír na conta xustificativa:

- Solicitud de pagamento da subvención, tendo como límite o 10 de novembro de 2022.
- Acreditar atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, Tesourería Xeral da Seguridade Social e Concello de Vigo.
- Memoria de execución e avaliación da actividade realizada, que xustificará o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos, que deberá incluír como mínimo:
 1. Programa con información sobre organización, patrocinio, colaboradores, venda de entradas, etc.
 2. Datos sobre os participantes nas actividades, número e perfil dos asistentes.
 3. Memoria de prensa.
 4. Relación de material gráfico e de difusión contendo os logotipos do Concello de Vigo.
 5. Reportaxe fotográfica.
- Memoria económica contendo o balance detallado coa totalidade dos gastos e ingresos da actividade, con indicación dos acredores, conceptos facturados, datas de emisión e importe; acreditados con documentos orixinais pola parte subvencionada.
- Cando as actividades fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia, data de ingreso e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.
- As facturas ordenadas segundo o concepto de gasto a que se atribúen e nas que figure a EMPRESA como entidade destinataria, deberán recoller o seu número e data, CIF, denominación e domicilio social do emisor, conceptos, importes, IVE, etc. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no RD. 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se regula o deber de expedir e entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais.
- Nestas facturas computarase o gasto acreditado, deducindo o IVE, agás que xustifique que está exenta de IVE.
- Nas facturas ou nos documentos xustificativos dos gastos non deberá constar de forma expresa que o gasto foi pagado pola entidade beneficiaria con anterioridade á finalización do prazo de xustificación; entendéndose baixo a responsabilidade do beneficiario que o concepto facturado está realizado e conta coa súa conformidade.

Cando a entidade beneficiaria demande a devolución do orixinal presentado para a xustificación da subvención, solicitará a través da unidade xestora da tramitación administrativa do expediente o estampillado (art.73 do regulamento da Lei 38/2003 LXS) da factura orixinal indicando no mesmo o motivo da subvención, así como se o importe do



Concello de Vigo

xustificante se imputa total ou parcialmente á subvención recibida, indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. Posteriormente incorporárase ao expediente copia do xustificante orixinal estampillado e a unidade administrativa procederá á devolución do orixinal.

Gastos subvencionables:

Consideraranse gastos subvencionables, os realizados no ano 2022 que respondan directa e indubidablemente á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen dentro do prazo establecido para a execución do proxecto, quedando excluídos os custos indirectos imputables á actividade, os custos de funcionamento ordinario da entidade, os de atencións protocolarias e representativas, e os gastos en inversións e adquisicións de material, equipos e bens de natureza inventariable.

En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

Non se contempla a posibilidade de subcontratación dos gastos derivados da execución do programa subvencionado.

Importe total de subvencións ou axudas:

A subvención do Concello á EMPRESA é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe das subvencións ou axudas percibidas pola EMPRESA para a actividade subvencionada en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade ou obxecto subvencionados (art.17.3 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia).

XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN

A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a súa concesión será comprobada pola Área de Cultura. Os técnicos da Área de Cultura emitirán informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

INFORMACIÓN E PUBLICIDADE

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola CONCELLERÍA e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

O CONCELLO publicará a concesión da subvención no portal de transparencia do Concello e comunicarllo á Base de Datos Nacional de Subvencións para os efectos de dar cumprimento ao disposto nos artigos 18 da LXS e 8.1.c) da Lei 19/2013 de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

REINTEGRO

Procederá ao reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención até a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá ao reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

INFRACCIÓN E SANCIÓN

En canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención e o procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia, en orde á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei Orgánica 3/2018, do 13 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Cultura.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Cultura do Concello de Vigo.

LEXISLACIÓN APLICABLE

A concesión da subvención rexerase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto refundido da lei de propiedade intelectual.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



Concello de Vigo

20(870).- DAR CONTA DO PASE Á VÍA DE CONSTRINXIMENTO DE MULTAS URBANÍSTICAS. EXPTE. 14912/407.

Dáse conta do informe-proposta de data 03/10/2022, asinado pola técnica de Tesourería e Xestión de Ingresos e o xerente de Urbanismo, que di o seguinte:

Os ingresos polos distintos conceptos urbanísticos son liquidados, recadados e contabilizados polos servizos desta Xerencia Municipal de Urbanismo.

Por parte deste organismo impuxéronse multas que non foron ingresadas no período voluntario, polo que deben pasar á vía de constrinximento.

De conformidade coa base 48ª das de execución do vixente orzamento prorrogado do Concello de Vigo e a base 5ª das propias deste Organismo Autónomo “a recadación en vía de constrinximento dos ingresos da Xerencia farase utilizando os medios da Tesourería do Concello. A proposta do Xerente, o Tesoureiro dictará a correspondente providencia de apremio”.

O Concello contabilizará extrapresupostariamente os ingresos por este concepto para o posterior traspaso á Xerencia Municipal de Urbanismo.

En consecuencia, propónse á Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo a adopción do seguinte acordo:

Quedar enterada das seguintes sancións urbanísticas e taxa por anotación rexistral que se remiten ao Tesoureiro do Concello de Vigo para que dicte a correspondente providencia de apremio:

Multas coercitivas:

• Exp 2559/435 (CIF B*****321)	1.000,00 euros
• Exp 3038/435 (CIF H*****378)	1.000,00 euros
• Exp 22021/423 (NIF *****975K)	1.000,00 euros
• Exp 2962/435 (NIF *****277X)	1.000,00 euros
• Exp 14966/423 (CIF A*****542)	2.000,00 euros
• Exp 2723/435 (CIF A*****158)	1.000,00 euros
• Exp 1889/435 (NIF *****563R)	1.000,00 euros
• Exp 2564/435 (NIF *****925N)	1.000,00 euros
• Exp 3033/435 (CIF H*****631)	1.000,00 euros
• Exp 3033/435 (CIF H*****631)	2.000,00 euros
• Exp 2116/435 (CIF H*****155)	1.000,00 euros
• Exp 2867/435 (CIF H*****265)	1.000,00 euros
• Exp 22096/423 (NIF *****571F)	1.000,00 euros
• Exp 20106/423 (NIF *****748W)	1.000,00 euros
• Exp 22048/423 (NIF *****642R)	1.000,00 euros
• Exp 14891/423 (NIF B*****803)	2.000,00 euros
• Exp 22274/423 (NIF *****168R)	1.000,00 euros

• Exp 21634/423 (NIF *****345Q)	5.000,00 euros
• Exp 18548/423 (NIF *****313B)	3.000,00 euros
• Exp 20411/423 (CIF V*****590)	10.000,00 euros
• Exp 1621/435 (CIF B*****522)	1.000,00 euros
• Exp 2966/435 (CIF H*****473)	1.000,00 euros
• Exp 2408/435 (NIF V*****321E)	1.000,00 euros
• Exp 2408/435 (NIF V*****321E)	2.000,00 euros
• Exp 21951/423 (CIF B*****639)	1.000,00 euros
• Exp 18728/423 (NIF *****274M)	1.000,00 euros
• Exp 15773/423 (NIF *****580Z)	3.000,00 euros
• Exp 2107/435 (NIF *****294X)	1.000,00 euros
• Exp 22368/423 (NIF *****034P)	1.000,00 euros
• Exp 1508/435 (CIF B3*****060)	6.000,00 euros
• Exp 1915/426 (CIF B*****853)	2.000,00 euros
• Exp 3049/435 (CIF A*****967)	1.000,00 euros
• Exp 14786/423 (CIF A*****667)	1.750,00 euros
• Exp 14786/423 (CIF A*****542)	1.750,00 euros
• Exp 3534/435 (CIF A*****542)	1.000,00 euros
• Exp 2706/435 (CIF H*****265)	1.000,00 euros

Taxa anotación preventiva:

1 Exp 21700/423 (CIF B*****026)	302,11 euros
---------------------------------	--------------

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

21(871).-ROGOS E PREGUNTAS

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente rematou a sesión ás nove horas e dez minutos. Como secretaria dou fe.

SGF/me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Yolanda Aguiar Castro.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez